Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 20/11/2023 04:36:25
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 138

Sesión plenaria
13 de setembro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.6 58079 (11/PNP-004673)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e dous deputados/as máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que as familias galegas poidan facer fronte no inicio do curso aos gastos en libros de texto
Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 30.08.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 57411 (11/INT-002683)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre os servizos de inspección da Consellería de Política Social e Xuventude
Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 21.08.2023

5.2 57593 (11/INT-002686)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a programación das inspeccións aos centros de atención residencial
Publicación da iniciativa, BOPG nº 551, do 25.08.2023

5.3 58114 (11/INT-002710)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis
Sobre a situación da asistencia sanitaria na atención primaria
Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 30.08.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 58957 (11/POPX-000115)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a valoración que fai do inicio do curso escolar
Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

6.2 58960 (11/POPX-000116)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as actuacións que ten previstas para impulsar o autogoberno de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 56262 (11/POP-008635)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Vázquez, María Begoña e sete deputados/as máis
Sobre as vías articuladas polo Goberno galego para ampliar o parque de vivenda pública e protexida en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 539, do 07.08.2023

7.2 57166 (11/POP-008948)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego da xestión integral da auga
Publicación da iniciativa, BOPG nº 548, do 22.08.2023

7.3 57587 (11/POP-009148)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a exclusión de Galicia, así como do conxunto do itinerario noroeste do Corredor Atlántico, do órgano xestor encargado de coordinar o transporte ferroviario europeo de mercadorías
Publicación da iniciativa, BOPG nº 551, do 25.08.2023

7.4 58932 (11/PUP-000354)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre a dotación docente e de unidades que necesita o CPI Castro Baxoi, de Miño, para manter unha oferta educativa de calidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

7.5 57963 (11/POP-009185)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Moura, Diego e dous deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa situación que se produce tras a xubilación da facultativa que atendía no consultorio de Albarellos, no concello de Monterrei
Publicación da iniciativa, BOPG nº 553, do 31.08.2023

7.6 58282 (11/POP-009248)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezasete deputados/as máis
Sobre as externalizacións do Sergas para a prestación dun servizo que se recolle na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, como é o aborto
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 553, do 31.08.2023

7.7 58927 (11/PUP-000353)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis
Sobre a contratación por parte da Consellería de Sanidade de centros privados para prestar o servizo de interrupción voluntaria do embarazo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.8 54634 (11/POP-009291)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis
Sobre as políticas impulsadas en Galicia en materia de prevención e de loita contra a violencia de xénero nos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

7.95 8069 (11/POP-009197)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre as previsións do Goberno galego ante as dificultades que encontran os concellos para subscribir os convenios de colaboración de brigadas contra os incendios forestais por falta de persoal
Publicación da iniciativa, BOPG nº 553, do 31.08.2023

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai do inicio do curso escolar. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez(S).* (Páx. 10.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 11.)
Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 13.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que ten previstas para impulsar o autogoberno de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 17.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 20.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional en relación co recente terremoto en Marrocos e co ciclón que asolou Libia, que a Cámara aproba por asentimento. (Páx. 23.)

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Cristina Fernández Davila e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que as familias galegas poidan facer fronte no inicio do curso aos gastos en libros de texto. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández Davila (BNG).* (Páx. 24.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Lago (S)* (Páx. 27.) *e Sra. Díaz Mouteira (P)* (Páx. 31.)

Nova intervención da señora Fernández Davila (BNG). (Páx. 34.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Adrián Pardo López e sete deputados/as máis, sobre o compromiso do Parlamento de Galicia na defensa da Constitución de 1978 e na defensa da independencia do poder xudicial: *aprobada por 40 votos a favor, 18 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 36.)

A señora Murillo Solís (P) solicita a votación por puntos pero o autor da proposición, señor Torrado Quintela (S), non a acepta. (Páx. 36.)

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar e promover a igualdade real entre os homes e as mulleres dentro do ámbito do deporte: *rexeitado por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para potenciar a investigación no eido da medicina xenómica: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago e Dª Noa Susana Díaz Varela, sobre medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no que atinxe á cobertura docente dos centros de ensino para o vindeiro curso 2023-2024: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Mercedes Queixas Zas e D. Daniel Castro García, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que apoie a proposta de utilización das linguas cooficiais, nomeadamente o galego, nas intervencións das deputadas e deputados galegos no Congreso dos Deputados: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Cristina Fernández Davila e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que as familias galegas poidan facer fronte no inicio do curso aos gastos en libros de texto: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia a acumulación de dúas interpelacións para o seu debate conxunto. (Páx. 38.)

Interpelación de Dª Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os servizos de inspección da Consellería de Política Social e Xuventude. (Punto quinto da orde do día.)

Interpelación de Dª Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a programación das inspeccións aos centros de atención residencial. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención dos autores*: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 39.) *e Sra. Ortega Otero (BNG)* (Páx. 41.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude(García Martínez).* (Páx. 44.)
Réplica dos autores: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 47.) *e Sra. Ortega Otero (BNG)* (Páx. 48.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social Xuventude (García Martínez).* (Páx. 50.)

Interpelación de Dª María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da asistencia sanitaria na atención primaria (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 52.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 56.)
Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 59.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 61.)

Pregunta de Dª María Begoña Freire Vázquez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as vías articuladas polo Goberno galego para ampliar o parque de vivenda pública e protexida en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Freire Vázquez (P).* (Páx. 64.)
Contestación da Xunta: *Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 65.)
Réplica da autora: *Sra. Freire Vázquez (P).* (Páx. 66.)
Réplica da Xunta: *Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 67.)

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de Dª María Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego da xestión integral da auga. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 69.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 70.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 71.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 71.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a exclusión de Galicia, así como do conxunto do itinerario noroeste do corredor atlántico, do órgano xestor encargado de coordinar o transporte ferroviario europeo de mercadorías. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 73.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 73.)
Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 74.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 75.)

Pregunta de Dª Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dotación docente e de unidades que necesita o CPI Castro Baxoi, de Miño, para manter unha oferta educativa de calidade. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 76.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)* (Páx. 78.)
Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 79.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)* (Páx. 80.)

Pregunta de D. Diego Lourenzo Moura e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa situación que se produce tras a xubilación da facultativa que atendía no consultorio de Albarellos, no concello de Monterrei. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Lourenzo Moura (BNG)* (Páx. 81.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 82.)
Réplica dos autores: *Sr. Lourenzo Moura (BNG)* (Páx. 83.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 84.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia a acumulación de dúas preguntas para a súa formulación conxunta. (Páx. 85.)

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de Dª Montserrat Prado Cores e dezasete deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as externalizacións do Sergas para a prestación dun servizo que se recolle na carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde, como é o aborto. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de Dª Noa Susana Díaz Varela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a contratación por parte da Consellería de Sanidade de centros privados para prestar o servizo de interrupción voluntaria do embarazo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 85.) *e Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 86.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 87.)
Réplica das autoras: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. .) *e Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 90.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 91.)

Pregunta de Dª Paula Prado del Río e sete máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as políticas impulsadas en Galicia en materia de prevención e de loita contra a violencia de xénero nos últimos anos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 94.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López).* (Páx. 95.)
Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 96.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López).* (Páx. 97.)

Pregunta Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego ante as dificultades que encontran os concellos para subscribir os convenios de colaboración de brigadas contra os incendios forestais por falta de persoal. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 98.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)* (Páx. 99.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 100.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)* (Páx. 101.)

Remata a sesión ás tres e sete minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión co punto sexto, que é preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai do inicio do curso escolar

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señor Rueda.

Onte a deputada socialista Noelia Otero facía unha intervención en que poñía de manifesto as eivas históricas e recorrentes que presenta o sistema educativo galego, e, como resposta por parte da persoa interveniente do Partido Popular, recibimos o mesmo de sempre, a vella música e letra do Partido Popular de Galicia —do Goberno galego, en definitiva— sobre que, segundo eles —segundo vostedes—, Galicia é un referente para toda España. O conselleiro eleva a aposta a Europa, á OCDE, e supoño que a vostede lle toca á galaxia.

Miren, o certo é que a maquinaria de propaganda non é quen de ocultar a realidade que existe no sistema educativo galego, e non vou dicir —como dicía o conselleiro— que é Mordor; non vou dicilo e non o dixen nunca, pero o certo é que presenta eivas históricas e recorrentes.

Pecharon vostedes centos de unidades ao longo dos últimos anos, particularmente no ensino rural, afondando na brecha de posibilidades entre os alumnos de medios urbanos e de medios rurais, en canto, non só á formación en xeral, senón a materias optativas, en particular, no caso de secundaria e bacharelato; centos de unidades de ensino público. Agrupan vostedes os alumnos con criterios nunca negociados coas organizacións sindicais, nunca explicitados, e sempre cun amplo abano de arbitrariedade que lles dá as posibilidades de facer realmente o que lles pete en cada centro e en cada curso.

Dígallelo tamén aos centos de nais e pais que estes días tiveron que facer fronte á adquisición de libros de texto para os seus fillos e fillas. Teño aquí facturas que non son precisamente de persoas que poidan facer fronte a elas con folgura: *(O señor Álvarez Martínez disponse a ler diferentes cantidades de distintas facturas colectadas.)* unha factura de trescentos euros en libros de sexto de primaria; unha factura de catrocentos trinta e dous euros de libros de segundo de secundaria; unha factura de trescentos setenta e oito de cuarto de secundaria; e a factura dunha familia afortunada que só tivo que desembolsar seiscentos seis euros polos libros de texto, de dous fillos, de primeiro e de terceiro de primaria. Esta é a realidade do sistema educativo galego no que se refire aos libros de texto, porque vostedes decidiron, nunha decisión ideolóxica, cambiar un sistema de gratuidade universal e eficiente por un sistema de

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

gratuidade solidaria, ineficiente, máis caro e máis inxusto para todas as galegas e os galegos, co argumento populista de que non queren café para todos.

Miren, canto ao profesorado, desde que vostedes están no Goberno, soamente nos dez primeiros anos reduciron 1.439 mestres e profesores no ensino público desta comunidade autónoma, eliminaron vostedes as condicións laborais dos profesores desta comunidade autónoma e, a diferenza dos profesores doutras comunidades, que si que recuperaron as condicións previas ao ano 2012, aquí vostedes nin os escoitan tan sequera; bueno, escoitalos si: di o señor conselleiro que todo se pode falar, pero sen présa. Señor conselleiro, *andante, ma non troppo*; ¿para que imos ter présa?, total levamos coas mesmas demandas máis de sete anos, pero vostede non ten présa ningunha en escoitalos.

No ámbito das medidas do transporte escolar, son permanentes os goteos, curso tras curso, desde que a Consellería de Educación perdeu o control sobre unha parte importantísima do transporte escolar en aras dunha eficiencia, cuxos resultados aínda están por verse. No ámbito universitario, néganse vostedes a poñer as primeiras matrículas gratuítas ou a fornecer dun sistema complementario de bolsas para axudas aos alumnos universitarios.

Señor presidente, tanto amor polo sistema educativo, tanto amor *low-cost* polos profesores e polas nais e pais de Galicia, lévannos a esta situación que acabo simplemente de describir dunha maneira moi somera; así que, ¿que opina de todo isto que acabo de dicir, señor presidente?

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Bos días, señor Álvarez. Vostede rematou a súa pregunta —xa o dixo tamén ao principio—, dicindo que non viña aquí dicir que o sistema educativo galego era un desastre. Si que o dixo; é o que levan vostedes intentando dicir —que non lles colle en absoluto— sempre, sempre. Na oposición tiveron catro anos para facer moitas cousas, que agora reclaman, e que, dende logo, non fixeron, e, nós si que tivemos todos estes anos para ir mellorando un sistema, que, en xeral, sempre foi bo, pero que necesita melloras —eu non vou dicir que non é necesario facelas—; por suposto, estámolas facendo. Este ano, por terceiro ano consecutivo, temos o orzamento máis alto, isto é, case tres mil millóns de euros en materia de educación.

Eu comprendo que vostedes teñan que dicir estas cousas. Tiveron vostedes un verán —agora que falamos do arranque do curso escolar— bastante complicado; tiveron que xustificar un

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dos peores resultados do Partido Socialista en España nas xerais; despois suprimíronlles as primarias e fan todo e hai eleccións. O outro día foron á inauguración dun curso escolar e puxéronse a falar de eleccións. Están «totalmente preparados». Se eu convoco mañá as eleccións, vostedes non teñen nin candidato, *(Aplausos.)* pero están «totalmente preparados», e diso é do que se dedican a falar. ¡Claro!, non me estraña que, cando empece o curso escolar, vostedes, se non tiveron unhas boas vacacións, intenten facer o que están facendo. O que tiña que ser, e é sempre, un momento de ilusión, de tensión, de novas perspectivas, non só para máis de 225.000 rapaces e rapazas en Galicia, senón tamén para todos os docentes e tamén para as familias, vostedes intentan convertelo no que non foi, isto é, nun arranque anormal, nunha especie de caos cun montón de eivas. Afortunadamente, foi todo bastante normal, e, están todo o día que se recortamos, que se desmantelamos, que se masificamos, que se todo é un desastre... Igual que compararon os hospitais galegos cos da Ucraína, pois, ao mellor, queren facer o mesmo coas nosas escolas.

Mire, eu alégrome moitísimo dunha cousa. Eu alégrome de que, dos miles de centros de ensino que hai en España e das moitísimas posibilidades —seguro— magníficas que hai en moitísimas comunidades autónomas, fose aquí, en Oroso, na Coruña, en Galicia, onde a Casa Real quixese dicir que a educación pública funciona; *(Aplausos.)* alégrome moitísimo.

Eu creo que vostede cre que, con estes intentos de esaxeracións, con este sempre machacar sobre cousas que sabe que non son certas, pois, ao mellor, vai rabuñar uns poucos votos.

Mire, eu contéstolle con datos, xa que —creo— é o mellor. O mellor dato é a avaliación de como está sistema educativo — xa sei que non lles gusta nada, e recordamos que vostedes pensan que é un bo dato para a Xunta de Galicia, pero non; é un bo dato para o sistema educativo de Galicia—, isto é, o informe Pisa: somos os primeiros en competencias globais, primeiros en ciencias, terceiros en lectura, quintos en matemáticas; canto ao abandono escolar, moi importante, contra iso hai que loitar; e un dos indicadores do éxito: moito mellor a terceira parte que a nivel estatal, e, dende logo, moitísimo mellor do que tiñan vostedes.

En canto ao investimento por alumno, xa dicía que temos uns orzamentos históricos: case nove mil euros investidos por neno no rural e sete mil euros por alumno urbano; somos a primeira comunidade autónoma de réxime común en investimento educativo en toda España; cento vinte millóns de euros en educación dixital; o plurilingüismo é exitoso, pois os rapaces, sobre todo os máis novos, van avanzando sensiblemente en inglés; regulación positiva sen precedentes na FP; as taxas universitarias son as máis baratas de España.

Hai moitísimas cousas, señor Álvarez. Temos unha segunda parte da réplica para concretar, pero, mire, vostede é profesional desta materia; eu creo que sabe bastante disto, polo tanto, non se deixe arrastrar por esa tendencia que non lles funciona. Hai cousas que mirar no sistema educativo, pero temos un sistema educativo excelente e é unha das grandes prioridades da Xunta de Galicia. Se vostedes prefiren ir inaugurar un curso escolar para falar de eleccións, eu prefiro falar de educación.

Moitísimas grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Señor presidente, a verdade é que moito me gustaría que estas sesións de control fosen *trending topic* nalgún sitio para que Galicia enteira comprobase a falla de respecto que ten vostede cara aos centos de nais e pais que teñen dificultades para pagar os libros de texto, cara aos miles de profesores que ven como as súas condicións laborais son peores que no resto do Estado porque vostedes non queren sentar para falar con eles e negociar as súas condicións de traballo, e prefire levar o debate ao ámbito do problema que pode ter ou non ter un partido político á hora de definir o seu candidato. *(Aplausos.)* ¿De verdade é vostede, señor Rueda —permítame dicir—, tan, tan mediocre politicamente que ten que empregar eses argumentos? ¿Non ten argumentos de suficiente fortaleza do ámbito educativo para responder ao que se pregunta? Seguramente vostede viña preparado para unha intervención moito máis salvaxe, pero, evidentemente, eu non a fixen porque —xa dixen antes— sei que o sistema educativo galego non é un mal sistema educativo, pero tamén sei perfectamente —como o sabe vostede e como o saben centos e centos de persoas en Galicia— que o sistema educativo galego non é o mellor do Estado e que admite moitas melloras que vostedes negan sistematicamente e minimizan porque non as queren recoñecer.

Mire, señor Rueda, de todas as grandes ideas que vostedes repiten machaconamente sobre as bondades e as singularidades do sistema educativo galego, todas son falsas. E non vou dicir que menten vostedes porque vostedes non menten; vostedes, no mellor ou no peor dos casos, cometen imprecisións, pero non menten. *(Risos.)* Vostedes cometen unha imprecisión cando din que a formación profesional en Galicia é a mellor de España e ten o maior número de alumnos; e digo que é unha imprecisión, porque esquecen que é a mesma proporción que en todo o Estado, e aínda menos incluso en formación profesional de grao medio. ¡Que si, señor Rueda!, collan vostedes datos oficiais e analícenos; se non xa llos paso eu, xa llos paso eu, non se preocupe.

Faltan á verdade ou cometen unha imprecisión cando din que o fracaso escolar en Galicia ten unha tendencia distinta do resto da media de España. É mentira, ¡perdón!, é impreciso, e impreciso. *(Risos.)* Fallan á verdade ou cometen unha imprecisión cando din que Galicia ten o menor rateo de toda España en alumnos por profesor, cando sabe vostede, ou debería saber, que comunidades autónomas, como Estremadura, como Galicia ou como Cantabria teñen menos, pero iso non importa. Menten vostedes cando din que temos o mellor profesorado de toda a comunidade internacional e que, ademais, está nas mellores condicións. Dígallelo a todas as organizacións que representan o profesorado. Menten vostedes, en definitiva, cando din que o sistema educativo de Galicia é o máis equitativo de toda Europa, de toda a OCDE. Díganlles ás nais e aos pais que pagaron estas facturas polos libros de texto dos seus fillos que non se queixen porque as súas fillas e os seus fillos están no mellor sistema de toda Europa...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...no máis equitativo, e que se queixan sen razón porque teñen que pagar os libros de texto, cando vostedes poderían evitar ese gasto.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Séntense para negociar co profesorado; negocien unhas novas condicións porque, novas como as que se producen en Castela e León, coa reapertura de cinco centros educativos que pecharon hai anos, aquí, en Galicia, é ficción educativa, simplemente porque vostedes...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: —remato, presidente—, pechan sen analizar se á volta dun curso ou dous, como se ten demostrado neste Parlamento, vai haber alumnos suficientes para manter un centro aberto. O seu, señor Rueda, é recortar, e recortar, e recortar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...dereitos e posibilidades para todos.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, o señor presidente

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, eu non esperaba unha intervención salvaxe pola súa parte; xa sei que vostede é unha persoa moderada. Outra cousa é que, para dicir disparates sobre a educación en Galicia, están moitos dos seus compañeiros —teño que dicirllo—; vostede, polo menos, aporta ese ton de moderación, probablemente porque vén dese mundo e o coñece bastante mellor. Outra cousa é que poida manexar os datos e, ¡claro!, cando non lle dan, ten que dicir o que dixo.

Por certo, antes de meterme en materia, teño que dicir que por fin alguén cualificado do Partido Socialista recoñece que teñen un problema definindo o candidato; os demais compañeiros seus din que non hai ningún problema. *(O señor Álvarez Martínez nega coa cabeza e pronuncia palabras que non se perciben.)* Vostede, polo menos, recoñece o evidente problema que ten e que todo o mundo percibe. *(Aplausos.)*

Mire, señor Álvarez, se vostede me fala de peche de centros, representando e formando parte dun partido que, en catro anos de lexislatura do Bipartito, pechou cento tres, cando nesta última lexislatura se pecharon nove —e varios deles por petición dos concellos para reagrupalos—, é que vostede non ten obxectividade nin autoridade —se me permite—, polo menos dende o punto de vista dos números e da verdade, para falar destes temas de educación. Cento tres en catro anos; se seguisen gobernando, ao mellor xa non quedaba ningún a ese ritmo, señor Álvarez. ¿Dáse conta?, *(Algún señor deputado ou señora deputada*: ¡...demagoxia...!*)* ¿dáse conta do que vostedes fixeron? *(Risos.)*¡Si, si!, a demagoxia da realidade e das

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cifras. O que pasa é que, ¡claro, foi hai moito tempo, e vostedes non teñen memoria e non lles gusta que se recorde.

Vostede falaba dos docentes, señor Álvarez, e hai que terlles moito respecto, ¿eh? Eu si que creo que son os mellores docentes de España, e creo que hai que axudalos, pero axudalos sinceramente; por iso, creo que non aporta nada dicir que todo o mundo no cal se desenvolven é un caos, que todo é un desastre e que non hai resultados. Se queren vostedes axudalos, hai un montón de maneiras: primeiro, non apoien esa LOMLOE, en que se di que non vale de nada o que eles fagan, que non vale de nada a cultura do esforzo, que dá igual estudiar ou non, que dá igual aprobar ou non. *(O señor Álvarez Martínez fai algún xesto coa cara que non se percibe.)* ¡Si, si!, bueno, vostede poña esa cara, pero fale tamén con moitos docentes, igual que falo eu; fale con familias e fale con rapaces e rapazas que están, agora mesmo, en segundo de bacharelato e vían como o seu Goberno —ou, polo menos, vostedes aquí non dicían absolutamente nada— quería implantar atropeladamente unha ABAU que cada vez xera máis dificultades, e tivemos que parala dende as comunidades autónomas, tamén dende o Partido Socialista. Vostedes non dixeron nada. ¡Iso si que é apoiar a educación!

Mire, falou de apoiar as familias —non me dá tempo; daría para bastante máis—, pero todas estas cousas que vostedes contan —¡claro!, pasou tanto tempo— sobre os seus sistemas...; o seu sistema de apoio ás familias para a compra de libros fracasou estrepitosamente; dicíano as federacións de libreiros; pecharon máis de cincuenta familias. *(Murmurios.)* ¡Non era gratuíto! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, non era gratuíto, señor Álvarez, e, dende logo non era equitativo. Daban igual os ingresos; vostedes dábanlle a mesma axuda a quen tiña moito e a quen non tiña case nada.

E, dende logo, non me fale de cantidades. Invístese en Galicia cen euros máis —case o dobre— en axudas para a compra de libros e de material escolar *(Aplausos.)* que no conxunto de España; polo tanto, este sistema, co que todo o mundo está de acordo e que funciona ben e é equitativo, hai que melloralo, pero, dende logo, non imos volver atrás e instalar o seu sistema, xa que non o quería ninguén.

Mire, ¿que hai que mellorar? Por suposto, eu non lle vou dicir —non llo dixen na primeira intervención nin me escoitará nunca dicilo— que non hai cousas que facer; temos que avanzar moitísimo, pero —creo— hai moitas cousas feitas, e falar mal diso é falar mal do sistema educativo e dos que participan nel.

Mire, ¿hai que mellorar a ratio? Si, por suposto, pero estamos un punto e medio por enriba da media nacional: dous mil alumnos menos neste curso e trescentos setenta profesores máis. ¿Os docentes? Os docentes hai que coidalos, hai que estabilizalos. Hai dezasete mil docentes estabilizados dende o ano 2009 e catro mil nos dous últimos anos. E anúnciolle que no ano 2024 volveremos facer unha oferta de emprego público para seguir estabilizando profesores, como mínimo, igual que as que fixemos ata agora. *(Aplausos.)*

E hai que seguir apoiando as familias e —remato xa, señor presidente— seguir apostando por un sistema público excelente, que o é, e que sexa cada vez máis inclusivo —dez puntos máis que a media estatal respecto ás características inclusivas do noso sistema—, con máis

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

linguas, con máis tecnoloxía, con sesenta e dous mil rapaces e rapazas con libro electrónico, con máis competencias STEM, con máis inserción profesional, con máis aposta pola igualdade, con gratuidade absoluta dende os cero anos ata que remata a idade de escolarización obrigatoria —non o ten ningunha outra comunidade autónoma, señor Álvarez—... E iso é a igualdade de oportunidades. *(Aplausos.)*

E, despois, temos as taxas universitarias máis baratas de España. Iso é traballar pola educación. ¿Hai cousas que mellorar? Si; ¿hai moitísimas cousas feitas? Si; ¿hai que dicir que é un sistema excelente? Por suposto, con convencemento.

Nós estamos niso e traballamos para melloralo. Se vostedes, ao inicio do curso escolar, prefiren coller os temas de educación para falar doutras cousas, entre elas, da súa evidente preocupación porque non teñen candidato, ¡alá vostede!; ¡vostede mesmo o dixo!

Moitas grazas.

(Aplausos prolongados.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que ten previstas para impulsar o autogoberno de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señoría, señor Rueda, neste momento no Estado español hai dous debates estratéxicos moi importantes abertos: un deles é o modelo de financiamento e, o outro, o modelo territorial. Creo que non teño que explicarlle a transcendencia que ten para Galiza estes dous debates, e, precisamente por iso, resulta tan chocante ver o Goberno do Partido Popular totalmente ausente e simplemente posicionándose sobre as propostas que outros fan. Empezando por vostede, señor Rueda, que se dedica a repetir o argumentario que lle mandan desde a rúa Génova, con lugares comúns, como, que non hai que permitir as desigualdades entre territorios, pero ¿que fai o Goberno do PP para impedir as desigualdades con Galiza?

A súa primeira grande aportación foi renunciar a ter máis competencias. En catorce anos vostedes conseguiron cero novas competencias para Galiza, *(A señora Pontón Mondelo representa coa man esquerda o número mencionado.)* mentres que outros avanzaban, por exemplo, Euskadi, que conseguiu incrementar o seu autogoberno con vinte e seis transferencias. A súa segunda grande aportación foi asinar un sistema de financiamento que discrimina este país e, vostede, repetindo topicazos centralistas de que Galiza é pobre, de que Galiza vive grazas a Madrid —por certo—, dando unha imaxe deste país que debería avergoñalo. *(Aplausos.)*

Ante estes dous grandes debates estratéxicos, só hai dúas alternativas: ou centralismo ou máis autogoberno. O camiño que vostede decidiu seguir é moi claro: vostede decidiu seguir

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o camiño do centralismo porque goberna con submisión a Madrid e aos grandes *lobbies* económicos. Goberna para seguir alimentando ese centralismo que é letal para Galiza porque pretende decidir por nós e, ademais, serve para que absorba os nosos recursos naturais, a nosa electricidade, o noso aforro e até a nosa mocidade, señor Rueda.

Evidentemente, isto ten consecuencias, e o que está pasando é que co Partido Popular Galiza cada vez é máis pequena, e este é o momento de que pensemos este país en grande, polo que, para iso, hai que ter confianza en Galiza, confianza nas nosas propias forzas e, desde logo, apostar con decisión por poñer Galiza nestes debates, e, por tanto, iso significa que hai que poñer sobre a mesa unha proposta de modelo de financiamento que beneficie Galiza, que nos permita ter a chave dos nosos recursos e un novo status que nos recoñeza como nación.

Vostede, señor Rueda, é o presidente accidental dun Goberno que está nas últimas; vai ao volante dun coche que ten o depósito na reserva. A súa única preocupación é saber cantos quilómetros lle quedan antes de quedar parado, por iso, non está nin no día a día da xente nin tampouco nos grandes temas deste país, porque vostede está coa calculadora na man para determinar cal é o mellor momento para convocar as eleccións. Pídolle, señor Rueda, que deixe a calculadora electoral e que, por unha vez, nos diga que vai facer para que Galiza non perda máis trens, que vai facer para que Galiza se posicione nestes dous debates que son estratéxicos, porque —non o esquezan— máis autogoberno é mellorar a vida dos galegos e das galegas.

Agardo a súa resposta, señor Rueda.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Reposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señora Pontón.

Dicía vostede que estou instalado nos topicazos. En dous minutos e medio falou de autosuficiencia, independencia, illamento, Galicia nación, «*España nos roba*»..., isto é, os topicazos de sempre do BNG. *(Aplausos.)* Eses si que son topicazos absolutos.

Mire, por suposto, en dous minutos e medio tamén tivo que falar das eleccións; se son vostedes os que falan das eleccións todos os días. *(Risos.)* Falou de calculadora electoral. Voulle dicir unha cousa —xa sei que non lle gustan nada estas cousas; pode dicir o que queira, pero nunca lle podemos dicir nada os demais—: teña menos soberbia e máis realismo, señora Pontón.

Vostede estivo catro anos dicindo que estaban sendo decisivos en Madrid, que ningunha forza política na historia da autonomía, na historia da democracia, conseguira o que vostedes

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

conseguiron cun único deputado —nin nós nin o Partido Socialista—, e, que, por suposto, cando chegase o momento de avaliar todo iso, que son as eleccións xerais —digo eu, niso estaremos de acordo—, os galegos examinarían todo, e recoñeceríanlle a cada un os seus méritos e a súa proxección cara ao futuro —pois niso estamos totalmente de acordo—. Houbo eleccións xerais, os galegos avaliaron o que dixeron e o que fixeron uns e outros, e o resultado foi que de trinta e nove parlamentarios posibles, Partido Popular de Galicia, e BNG só un; aí ten a calculadora electoral obxectiva do pobo galego, señora Pontón. *(Aplausos.)* Aí a ten.

E mire, vinte e cinco a un, podendo os galegos, afortunadamente, elixir con total liberdade. Podía ser ao revés, pero foi así: vinte e cinco, un. ¿E sabe por que? Porque mire, os galegos non son parvos nin moito menos, aínda que eu creo que, ás veces, vostede pensa outra cousa, e ese teatriño que fan sempre entre o Partido Socialista e o BNG, cando chega o momento de formar gobernos, agora é, xa directamente, un paripé. Vostede saíu na noite electoral —sen que ninguén llo pedira, porque o escrutinio levaba dúas horas apenas—, dicindo que, menos con quen gañou as eleccións, con calquera, sen ningunha condición. E este domingo saíu dicindo que non conte co seu voto —eu creo que moi decisivo non é, porque non parecen vostedes moi presentes nas inquedanzas do señor Sánchez—, que non o dá por feito; ou sexa, primeiro entrégase sen condicións e despois di que quere condicións. Ese é o teatriño e o paripé do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón. *(Aplausos.)* Polo tanto, ¿a quen queren vostedes enganar?; a nós, dende logo, non, e á maioría de Galicia, que votou nas eleccións e falou claramente — vinte e cinco a un—, tampouco. ¡Alá vostedes!, se o que queren é facer de comparsa ao nacionalismo vasco, ao independentismo vasco, ao independentismo catalán. Eses si que se están movendo, e deses si que se fala; de vostede non se fala absolutamente nada e é lóxico.

Falaremos na segunda parte da réplica das cousas que vostedes dixeron que tiñan pechadas e do que pasou en realidade, pero, mire, Galicia non é nin nacionalista nin independentista —xa lle digo que quedou claro nestas eleccións—. Polo tanto falaremos do autogoberno agora —eu falarei tamén; xa estou falando agora—, pero na réplica xa me meterei en cousas concretas —que xa sei que non lle van gustar nada—, pero xa lle adianto que vai ser difícil poñerse de acordo. Nisto si, no resultado electoral supoño que estaremos de acordo no vinte e cinco a un, pero na maneira de promocionar o autogoberno —¡home!—, nós seguimos pensando que o Estatuto e o marco constitucional son o ámbito en que debemos movernos. Onte o señor Bará dábanos aquí unha lección de que ao BNG a Constitución non lle importa absolutamente nada; supoño que o Estatuto que deriva da Constitución tampouco, pero a nós, dende logo, si. ¡Alá vostedes! se queren seguir sendo unha muleta útil dos nacionalistas, dos independentistas, pero —dígolle unha cousa— son xente moi práctica, e observan; e como observen o resultado e o caso que lles fan os galegos —vinte e cinco a un—, prepárense vostedes para ser aínda máis irrelevantes.

Moitas grazas.

(Aplausos prolongados.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, hoxe fíxenlle unha pregunta sobre dous temas que son transcendentes para o futuro deste país: o modelo de financiamento —como imos financiar os servizos públicos— e tamén como se vai posicionar Galiza nun debate que vai ser central nesta lexislatura. Xa vemos o que lle importa a vostede este país: absolutamente nada. Non ten nada que ofrecerlles aos galegos e ás galegas, *(Aplausos.)* por iso a única preocupación que ten é a calculadora electoral.

Pero, mire, creo que hai que tomar en serio a función que cadaquén ten. O grave é que temos un Goberno sen iniciativa, e, ante a falta de iniciativa do seu Goberno, o grupo que lidera a oposición neste país quere trasladar tres propostas moi concretas —¡si, si!, paréceme que é importante—: a primeira, desbloqueemos —desbloqueen, máis ben— a comisión que estaba estudando o modelo de financiamento de Galiza neste Parlamento para que poñamos sobre a mesa unha proposta de país. É clave que Galiza teña voz, que Galiza teña posición e que defendamos os nosos intereses cunha posición de fortaleza. En segundo lugar, reclamemos por unanimidade nesta Cámara todas as competencias que están pendentes no Estatuto, porque están moi ben as declaracións de amor ao Estatuto, pero sería moito mellor cumprilo, señor Rueda. *(Aplausos.)* E o pasado 28 de xuño nesta Cámara vostede votou en contra de reclamar as competencias pendentes que están recoñecidas no Estatuto de autonomía. Imos darlle unha segunda oportunidade, reclamemos todas as competencias pendentes. *(Aplausos.)* E, en terceiro lugar, é evidente que hai un debate aberto e que vai haber quen avance nese debate. Galiza xa ten un status de nacionalidade histórica, e non vaia ser que o perdamos, porque quedar de brazos cruzados cando os demais avanzan é retroceder; por iso é importante que falemos dun novo status, dunha proposta para avanzar no autogoberno real do noso país. Non podemos permanecer de brazos cruzados. Son tres propostas que fago.

E, se me permite, señor presidente, gustaríame falar dun par de cuestións que me parecen importantes. Veu vostede aquí falar de lecciónes e de irrelevancia. *(Murmurios.)* Mire, a irrelevancia imos vela o próximo 27 de setembro na sesión de investidura de Feijóo; *(Aplausos.)* aí imos ver a irrelevancia.

Fíxese, resúltame, desde logo, moi chamativo que o mesmo Partido Popular que está criminalizando, día si e día tamén, o Bloque Nacionalista Galego, agora estea laiándose porque non apoiamos o Partido Popular. E chegan a utilizar argumentos que son realmente pintorescos, e é que temos que apoiar a Feijóo porque é galego; é que tamén Franco era galego, e non o imos apoiar nunca. *(Aplausos.)* Señorías, un pouquiño de seriedade. *(Murmurios.)*

Hai que estar, desde logo, en Marte ou ser moi marciano *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* para pensar que o BNG pode apoiar o Partido Popular, sobre todo porque nós xa coñecemos a Feijóo e o desastre das súas políticas para este país, que nos deixan unha Galiza peor *(Aplausos.)* en autogoberno, en financiamento, na sanidade, na educación, na situación do futuro deste país. *(Aplausos.)* E, por se todo isto fose pouco...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PONTÓN MONDELO: …o que nos ofrecen, como guinda, é un pacto con esa extrema dereita machista, racista e antigalega. *(Aplausos.)* Iso é o que vostedes están facendo.

E imaxino, señor Rueda —xa que vostede non quere falar nin de autogoberno nin na defensa de Galiza—, que hoxe tampouco lles vai explicar aos galegos e ás galegas por que, unha vez máis, vostede vai votar en contra de Galiza. Hoxe, neste Parlamento vai votar en contra…

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: …de que a lingua galega se poida utilizar en igualdade co castelán no Congreso. *(Aplausos.)* Explíquenos por que outra vez vostede vota en contra do galego. Xa estivo nunha manifestación en contra do galego.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: …E hoxe imos ver o bochorno de ver o presidente da Xunta

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: …votar en contra da lingua deste país.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ¡Menudo papelón, señor Rueda! Menos obedecer as ordes da rúa Xénova…

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: …e un pouco máis de exercer como presidente da Xunta de Galiza.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, tampouco Putin é galego e vostedes o apoian; *(Risos.)* *(Aplausos.)* polo tanto, por iso, se nos temos que guiar por iso… *(Aplausos.)* Mire, dixo tantas cousas que, ao final, sinceramente, non dixo nada; son os tópicos de sempre.

Pregúntame polo modelo de financiamento. Mire, estase abrindo un debate moi perigoso para Galicia que vostedes están apoiando, pero apoiando decididamente: Cataluña acaba de

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pedir setenta mil millóns de condonación da débeda, mais vinte mil millóns adicionais. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Se iso vai para adiante, ¿vostede vai apoialo ou non? Se non o apoia, non pode apoiar a investidura, señora Pontón. *(A señora Prado del Río e o señor Calvo Pouso:* ¡Claro!*)* Están de espectadores, de convidados de pedra. *(Murmurios.)*

Canto ao modelo territorial, é moi sinxelo: Constitución e Estatuto; a vostedes non lles vale absolutamente para nada. Eu non creo que Galicia sexa unha nación sen Estado, non creo que España nos roube, e creo que Galicia é unha nacionalidade histórica moi importante, das máis importantes —para min— en España. *(Aplausos.)* Ese é o meu modelo territorial.

Vai haber vinte e cinco parlamentarios e parlamentarias moi respectables que nos conten o que pasa na sesión de investidura que se vai celebrar nun par de semanas; vostedes terán un, tamén moi respectable *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —non nas súas posturas, pero si persoalmente—. Só terán unha persoa para contarlle, por moito que se enfade, señora Pontón. Os galegos falaron nas eleccións, e, polo tanto, nós agora, efectivamente, temos que falar en serio, e falar e falar. Vostedes onte non quixeron falar con quen gañou as eleccións; é unha cuestión de respecto, é unha cuestión de mínima educación a quen presidiu Galicia catorce anos e a quen lles gañou catro veces por maioría absoluta. *(Aplausos.)* Señora Pontón, un mínimo respecto. *(Aplausos.)* ¡Un mínimo respecto!

Eu creo que se equivocou; sinceramente, creo que se equivocou, e tiña unha boa ocasión para pedirlle moitas cousas. Eu, dende logo, teño claro o que lle pediría, o que espero pedirlle —como dixo el—, ou agora ou despois, ao señor Feijóo cando sexa presidente do Goberno. Son cousas moi concretas, as mesmas que lle pedín ao señor Sánchez, e non fixo absolutamente ningunha.

Vostede, ¿que lle vai pedir? Non nos contou en absoluto que lle vai exixir ao señor Sánchez se é que ten ocasión de votalo nunha investidura —se é que ten ocasión—; non sabemos absolutamente nada. ¡Home!, podía empezar por todo ese relatorio de cousas que trouxo aquí que eran decisivas, que ían cambiar o rumbo dos planetas, e que están todas sen cumprir, Señora Pontón —todas—. Mire: a transferencia da AP-9, incumprida; as bonificacións ao cen por cento da AP-9, incumprida; a modernización dos tramos ferroviarios e a inclusión nas redes europeas do corredor Atlántico —onte vimos a desfachatez e a case falta de educación do comisario do corredor Atlántico—, todo iso incumprido; as medidas para reducir a tarifa eléctrica das industrias electrointensivas galegas, incumpridas; a recuperación de Barreras e Vulcano, incumprida; a consideración dos delitos sexuais contra as mulleres como violencia machista, incumprida —a cambio, temos a Lei de só si é si—; pagar a débeda contraída con Galicia a respecto das aplicacións da dependencia, incumprida; a modificación das taxas de reposición de efectivos na Administración pública, incumprida; as compensacións na tarifa eléctrica a Galicia por ser excedentaria na produción, incumprida... ¿Quere que siga? Mire, a mellor é a de peche —ou a de principios, se quere—: en tres meses —é dicir, no primeiro trimestre do ano 2020— tiña que reunirse a Comisión Mixta de Transferencias para empezar todas as transferencias que a vostedes lles prometeron. Non se reuniu xamais, e, por suposto, a culpa é do Partido Popular; vostedes non teñen absolutamente nada que ver niso. Todo está incumprido, señora Pontón.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿E agora que? ¿Quere ser útil de verdade? Vostede fai un listado de competencias que —eu creo— xa é tantas veces copiado doutros sitios que xa non sabe nin o que están pedindo. Eu voulle concretar cousas moi útiles: a Lei de ordenación do litoral, quedan uns días para que entre totalmente en vigor e para que non haxa prazo para recorrela. ¡Home!, —eu creo— con estes esforzos que está facendo o Goberno central, o señor Sánchez, para buscarlle encaixe constitucional ao que non o ten nin de broma —supoño— , entenderá que nestes momentos unha lei aprobada por este Parlamento e bendicida por todos os estamentos xurídicos aquí, en Galicia, non terá ningún problema, pero, se o tivese, vostede ¿que faría? ¿Que faría —tan proautogoberno que é—, se nos dixesen que non podemos xestionar o no noso litoral, señora Pontón?

¿Quere máis cousas que profundan no autogoberno? Pois é tan fácil como pedir que nos traspasen a xestión do ingreso mínimo vital; moitísimos galegos non poden cobralo porque o Goberno central non é capaz de xestionalo. Pida vostede tamén un financiamento xusto —hai que sentarse con todos porque, se non, van sentar só cuns cantos, e vannos quitar moitas cousas, señora Pontón. Exixa vostede que se desbloquean eses miles de millóns para proxectos tractores que Galicia necesita e que non se están cumprindo. Canto á AP-9, ¿que vai facer cando nos volvan dicir que non é fundamental para a unidade viaria nacional e volvan outra vez negarse traspasala?; *(Murmurios.)* que vai facer vostede, señora Pontón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, asuma por unha vez que as prioridades do señor Sánchez non son as de Galicia —remato xa, señor presidente—; e, dende logo, as prioridades dos nacionalistas e dos independentistas cataláns e vascos non son as de Galicia. Se o autogoberno é buscar maneiras de xestionar mellor os servizos públicos, conten con este partido e contén comigo; se o autogoberno é ir cara a un país en que todos os cidadáns sexamos iguais, conten con nós, pero, se o autogoberno é rachar a unidade de todos e empezar a xerar desigualdades, con nós non conten para nada, señora Pontón, en ningún caso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): En ningún caso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ¿Sabe como imos exercer o noso autogoberno? Pois, gobernando, que é algo que parece moi aburrido, pero eu creo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...que é para o que os galegos nos poñen aquí. *(Murmurios.)* E gobernar é aprobar os orzamentos —volvemos ter uns orzamentos—, gobernar é blindar os servizos públicos —un escudo fronte ás desigualdades que vostedes están apoiando—e gobernar é tamén dicir que defenderemos un autogoberno que se basee na solidariedade. Efectivamente, señora Pontón, a solidariedade entre todas as comunidades autónomas...

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...é fundamental. Niso Galicia segue gañando.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Se vostedes van apoiar unha España de dúas velocidades, unha España de suma cero, onde Galicia siga perdendo, ¡alá vostedes!

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE: Serán aínda —e xa é difícil— máis irrelevantes que agora.

Moitas grazas.

(Aplausos prolongados.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou dar lectura a unha declaración institucional que me fan chegar os grupos e que está relacionada co terremoto de Marrocos e co ciclón de Libia, e que di así:

«O pasado sábado un terremoto de magnitude 7 sacudiu distintas rexións en Marrocos, o sismo máis devastador que sufriu o país ao longo da súa historia e que causou grandes danos humanos e materiais. Esta é unha traxedia que sentimos preto, sobre todo polo importante número de persoas de orixe marroquí que viven en Galicia.

No día de onte o pobo de Libia viuse gravemente afectado polas inundacións que provocou o ciclón Daniel, que causou graves danos persoais e materiais nese país. Polo momento, hai confirmadas, en ambos os dous países, milleiros de persoas falecidas e milleiros de persoas feridas, ademais de centos de persoas desaparecidas, que se unen aos milleiros de persoas que perderon as súas casas e os seus negocios.

Estes datos evidencian a magnitude das catástrofes vividas por estes países e a necesidade de colaborar coa axuda humanitaria e con todos os medios dispoñibles ao noso alcance para axudar na busca e no rescate das persoas desaparecidas.

Por todo isto o Parlamento de Galicia:

Primeiro, mostra a súa solidariedade e apoio ao pobo de Marrocos e ao pobo de Libia fronte ás terribles catástrofes naturais que afectaron estes países. Así mesmo, quere facer extensiva esta solidariedade a todas as persoas marroquís e libias residentes na nosa comunidade.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Segundo, traslada o pésame e a profunda dor ás familias e achegados das persoas falecidas, mostrando a súa proximidade e fondo pesar.

Terceiro, traslada ás persoas feridas o seu desexo dunha pronta recuperación e lamenta os danos materiais producidos.

Cuarto, mostra o seu respecto e admiración cara a todas as organizacións e persoas que se atopan traballando nas tarefas de rescate e salvamento e pon á súa disposición todo o que estea na súa man para colaborar no que se considere oportuno.

E, por último, trasladará esta declaración institucional ás embaixadas de Marrocos e de Libia en Madrid para que, empregando as vías diplomáticas que consideren oportunas, a fagan chegar aos seus dirixentes.

Santiago de Compostela, 13 de setembro. *(Apróbase por asentimento.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día. Volvemos ao punto cuarto, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Cristina Fernández Davila e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que as familias galegas poidan facer fronte no inicio do curso aos gastos en libros de texto

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas e para formulala ten a palabra a señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, señor presidente.

Bo día.

Todas as familias galegas estamos soportando unha subida desorbitada e sen precedentes nos prezos nos últimos anos. Estamos nunha tormenta perfecta que golpea unha e outra vez as familias, a suba indiscriminada dos prezos, tendo en conta que a inflación é moito máis alta en Galiza e os salarios moito máis baixos. Afecta a cesta da compra, os alimentos básicos, os combustibles, a electricidade e o custo da vivenda —tanto nos alugueiros como na subida do euríbor, o 4 por cento no pasado mes de agosto—, afecta as hipotecas e que supón un incremento de aproximadamente 230 euros máis en cada familia. E agora pois temos o aumento do gasto relacionado co inicio do curso escolar: libros de texto, material escolar, roupa e calzado, material para a actividade deportiva, material tecnolóxico e outros, que, unido á inflación, pon a maior parte das familias nunha situación límite de cara a superar, cos exiguos salarios, este mes de setembro.

E este curso non vai ser un curso máis, é o curso máis caro da historia, onde teremos que suar tinta e facer moitos números para poder atender todos estes gastos que se nos veñen

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

enriba e para que as nosas fillas e fillos poidan comezar o período lectivo con todo o necesario requirido polos centros educativos. A inflación que estamos padecendo no noso país neste intre provoca ese incremento global dos prezos dos bens e servizos que necesitamos, cuns salarios xa de por si moi baixos, se os comparamos cos doutras comunidades autónomas ou incluso cos doutros países da Unión Europea.

Podemos ir ao concreto e mirar o custo dos alimentos básicos: o do azucre, un 44,2 por cento máis que o verán de 2022; as patacas, case un 23 por cento; a mantequilla, ou o leite, case un 18 por cento; o aceite de oliva chega a 10 euros o litro e, segundo os últimos datos do INE, encareceu un 38,8 por cento nun ano; e no caso do virxe extra en concreto, a subida é do 227 por cento. Hai que facer tamén mención á importante subida da metade dos alimentos afectados pola rebaixa do IVE.

Son datos —todos estes que acabo de mencionar— oficiais e que foron publicados recentemente por FACUA, a Asociación do Consumidor, que analiza a evolución duns mil prezos de alimentos básicos entre xaneiro e agosto en oito grandes cadeas de distribución. Se vemos, por exemplo, unha nota de prensa do día de onte, pois atopámonos con titulares como: *«La cuesta de septiembre llega con los alimentos y la energía en precios récord».* Ou na mesma folla: *«La inflación se ceba con el poder adquisitivo, y el gasto ya es mayor que los ingresos».* Ou na mesma folla tamén: *«La vuelta al cole requiere un desembolso duns 2.000 euros por cada hijo».*

Hai que ter en conta tamén que este incremento de prezos non afecta todas as familias por igual, depende das rendas, xa que as máis baixas teñen que adicar unha parte cada vez maior dos ingresos á adquisición de produtos básicos que son imprescindibles no día a día. As consecuencias para a calidade de vida e para a saúde tanto física como mental son incalculables e devastadoras. Polo tanto, debemos asumir este novo gasto con menos recursos e cun incremento significativo con respecto ao inicio do curso escolar do ano anterior, que fora sumamente elevado xa de por si, prexudicando sobre todo as persoas máis vulnerables e con menos ingresos. Case un 24 por cento das galegas e galegos se atopa en risco de pobreza ou exclusión social, segundo datos tamén do INE a finais de 2022 —datos oficiais—, a renda media por persoa está en Galiza por baixo da media estatal e o salario medio é un 25 por cento menos que a media da Unión Europea, por exemplo. Un dato salvaxe é que o 16,5 por cento das persoas con emprego poden considerarse pobres —iso xa é o colmo— e que o 70 por cento das pensións son inferiores ao salario mínimo, non chegando aos 500 euros en case 150.000 delas.

Por outra parte, a taxa de inflación interanual na Galiza no mes de agosto de 2022 foi do 11 por cento, e con todo iso a taxa de suba dos libros de texto situouse no 1,5 por cento —no 2022 dicía—, mentres que neste 2023, cunha taxa do 2,3, a suba dos libros duplica un 4,6 por cento. Como sempre, o colectivo con rendas máis baixas, que son as mulleres, as pensionistas e as persoas novas, son as que máis sofren dun xeito directo esta crise económica. A precariedade e a temporalidade laboral nas mozas e mozos menores de 35 anos dificulta moitísimo a posibilidade de poder desenvolver un proxecto de vida propio, e para moitas delas a única posibilidade é a emigración, se buscan unha saída profesional e laboral digna. A perda da mocidade galega ben formada e preparada, dende logo, supón un gran drama para o noso país en termos económicos, sociais e tamén demográficos.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Así que, unha vez establecido este contexto actual, podemos analizar tamén en que espazo nos movemos con respecto ao custo do inicio do curso para todas estas familias galegas. A media do gasto en libros e material escolar acada uns 450 euros. Se falamos tamén dunha familia con dous nenos ou nenas estariamos falando dun custo de entre 700 e 1.000 euros, dependendo do curso e nivel de cada unha delas. Tamén afecta o tipo do centro, se hai un fondo solidario ou axudas ou se está implementado o E-Dixgal. Neste último caso, non todos os departamentos usan o libro dixital, e as familias vense obrigadas a ter que mercar os libros de texto sen axudas de ningún tipo.

Se por outra parte toca a renovación dos libros de texto, como ocorre este ano cos cursos pares, as familias deberán asumir a compra do lote completo e dispoñer da diferenza entre o custo total e a axuda que nos dá a Xunta, dependendo da renda familiar. No caso de dispoñer de fondos de libros, terán dereito a 6 ou 4 libros, dependendo da renda, e deberán adquirir o resto. Así que, o sistema moi equitativo, dende logo, non parece, sobre todo tendo en conta o custo dos libros de texto. Se comparamos a nosa situación coa das nosas veciñas e veciños europeos, vemos que pagamos os libros de texto a un importe superior, sobre un 30 por cento máis, por exemplo, que en Alemaña, cando os nosos salarios están preto dos 600 euros menos de media.

Tamén podemos valorar outros exemplos que poñen en evidencia a dureza e excepcionalidade da situación que se dá este ano; datos apoiados por declaracións de persoas entrevistadas por diarios e xornais galegos estes días atrás, onde se chega á conclusión de que o 76 por cento das familias piden cartos prestados ou superan o límite de gasto da tarxeta de crédito para asumir os gastos deste inicio de curso. Como dicía antes mesmo, con data de onte saían na prensa titulares como: *«De pedir crédito para salir de vacaciones a financiar la cuesta de septiembre». (A señora Fernández Davila mostra o titular de prensa.)*

Outro dato importante: incrementouse a venda de libros de texto e equipamentos electrónicos como computadores, portátiles ou tablets de segunda man. Galicia xa é neste momento a segunda comunidade autónoma na que máis medra esta demanda. *(Aplausos.)* Así o respaldan tamén as declaracións de representantes de aplicacións punteiras nesta marxe, como *Mil Anuncios* ou *Wallapop*, por exemplo.

O dereito de todas as persoas á educación tamén está consagrado como dereito fundamental no artigo 27.1 da Constitución española de 1978, que proclama o dereito á educación e á liberdade da ensinanza, pero é no artigo 27.4 onde di textualmente: *«La enseñanza básica es obligatoria y gratuita».* Non di «poderá ser» ou que é incondicional ou que será dependendo das circunstancias, non. Así que, teoricamente o ensino é gratuíto, mais en realidade non o é. E tendo en conta os factores de desigualdade e a fenda territorial e de renda do noso país, aínda menos

Así que o que as familias galegas precisan fronte a un goberno insensible e que lle dá as costas é retornar a posicionamentos políticos que acheguen a realidade económica e social, xunto con medidas que beneficien a xente, melloren a súa vida e, neste caso que nos ocupa, axuden a superar neste momento o difícil contexto do inicio do novo curso escolar. A principal medida sería implementar unha axuda complementaria de emerxencia para poder asu-

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mir este sobrecusto da compra dos libros de texto e do resto do material necesario para este comezo de curso.

Pero tamén temos que planificar con urxencia de cara ao vindeiro curso escolar 2024-2025, se non queremos que volte de novo a situación actual o vindeiro ano. E para iso debemos ser equitativos, pero de verdade, asumir o mandato constitucional e establecer xa dunha vez por todas e de xeito permanente a gratuidade universal dos libros de texto —esa que antes ao señor Rueda non lle gustaba nada e dicía que precisamente equitativa non era; creo que está un pouco equivocado—, acadando para iso o consenso político cos demais grupos e cos sectores afectados. É a única maneira de que ninguén quede atrás.

Por outra parte, quero lembrar tamén que foi o sistema usado polo Goberno bipartito entre 2005 e 2009, que tan ben funcionaba e que producía un aforro nas arcas autonómicas moi importante, dándolles cobertura a todas —¡todas!—as familias.

Por todo o exposto, dende o Grupo Parlamentario do BNG propoñemos ao Parlamento galego instar a Consellería de Educación, primeiro a convocar as axudas para libros de texto e material extraordinarias á maior brevidade posible, e a dotalas cunha partida orzamentaria suficiente para que todas as familias con renda per cápita inferior a 12.000 euros poidan facer fronte aos gastos de inicio de curso.

En segundo lugar, a programar e planificar para o vindeiro curso escolar 2024-20255 un sistema de gratuidade para todo o alumnado e así dispoñer de libros de texto para todas as etapas educativas por un número mínimo de anos.

E, en terceiro lugar, tendo en conta os novos sistemas educativos innovadores, a reducir o máximo posible o número de libros de texto, que producirá beneficios físicos entre o alumnado, ao non ter que cargar peso excesivamente, pero tamén tendo en conta que hai que garantir a equidade entre o alumnado con respecto ao acceso dixital e tecnolóxico das familias.

Pedimos a todos os grupos o seu apoio para dar resposta á situación tan grave que sofren a maioría das familias do noso país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Davila.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi bo día a todas e todos.

Retrato do que lle importa a situación das familias galegas ao señor conselleiro de Educación e ao Goberno da Xunta: o que acabamos de ter neste Parlamento neste inicio de curso. Co-

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mezamos con este debate sobre o inicio do curso escolar, coa situación asfixiante que están a padecer as familias galegas, e na intervención da voceira nacionalista sobre este tema o conselleiro de Educación, único membro do Goberno da Xunta de Galicia nesta sala, estivo durante 7 minutos —non 30 ou 20 segundos ou un minuto, senón 7 minutos—, o groso da intervención da voceira, da interveniente nacionalista arredor deste debate sobre a situación económica das familias galegas con escolares na nosa comunidade autónoma, de costas e falando. É unha absoluta falta de respecto e é o retrato do que lle importa ao Goberno da Xunta de Galicia que falemos da situación da volta ao cole *(Aplausos.)*

Retrato tamén é o que nos vén de amosar o presidente da Xunta, o señor Alfonso Rueda, que xa onte, cando falabamos de recortes educativos e do inicio do curso escolar na nosa intervención neste Parlamento, lamentabamos a súa falta de sensibilidade arredor das declaracións que viña facendo os últimos días.

Retrato tamén é o do señor Rueda cando é interpelado, preguntado polo noso voceiro sobre os recortes, sobre a situación dos docentes, sobre a situación das familias galegas, sobre ese 80 por cento das familias que se teñen que endebedar e recorrer a préstamos, como diciamos onte, para asumir este mes á volta do cole, e contesta falando da Casa Real e facendo brincadeiras e chistes sobre a candidatura política.

É o retrato do que lle importa verdadeiramente ao Goberno da Xunta, en definitiva, a educación pública e a situación —diciamos— absolutamente insufrible que están a padecer as familias galegas. Xa diciamos onte que pedir empatía ou sensibilidade ao Goberno da Xunta arredor deste tema era pedir demasiado. Témolo comprobado nos últimos tempos, nos últimos debates, cando falabamos da crise económica, do aumento dos prezos, etc., etc., pero o retrato de hoxe é absolutamente insoportable.

Por outra banda, dicía tamén o señor Rueda que el fala —dixo— con moitos profesores. Será do ensino privado. Eu anímoo tamén, xa que di que fala con moitos profesores e con moitos docentes, a que lle diga ao conselleiro de Educación —que é a súa responsabilidade— que faga o propio, *(Murmurios.)* porque lembramos que temos a comunidade docente con peores condicións de todo o Estado, e que mentres no resto de comunidades autónomas se foron revertendo os recortes do Partido Popular do ano 2012, Galicia é a única comunidade que segue coa carga do horario lectivo; o vagón de cola, como diciamos antes. E, mentres, ¿como está esa comunidade docente coa que fala o señor Rueda? Pois dicindo que van ir a mobilizacións e ameazando cunha folga, porque están fartos de que se xunte a Mesa Sectorial de Educación e que non haxa ningún tipo de diálogo. Entón, deixen de tomarnos o pelo.

O señor Rueda apenas dedicou 20 o 30 segundos a falar da situación económica das familias cando o noso voceiro lle fixo preguntas. Nós si imos falar. Estas son facturas deste mesmo mes. Esta *(A señora Otero Lago mostra unha factura.)* é do 5 de setembro, na Estrada; unha factura de libros de texto do ensino público para dous nenos de primaria, 432 euros. *(A señora Otero Lago mostra outra factura.)* Factura, neste caso, en Vilagarcía de Arousa, pagada o día 11 de setembro, de dous nenos tamén de primaria, unicamente libros, 606 euros. *(A señora Otero Lago mostra outra factura.)* Factura de libros e material en Santiago de Compostela, pagada tamén a semana pasada, 421 euros. *(A señora Otero Lago mostra outra factura.)* Factura pagada,

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

neste caso en Vigo, unicamente de libros de texto, 302 euros, ¡302 euros! *(A señora Otero Lago mostra outra factura.)* Factura de dous nenos, neste caso de primaria, pagada sen contar o material escolar, que se sitúa nunha media de 100 euros; unicamente libros de texto de primaria, 397 euros. *(A señora Otero Lago mostra outra factura.)* Material de tres nenos, 263 euros, podo dar mesmo o nome da librería, neste caso na Estrada. Etc., etc., etc.

Pero nós temos un sistema que funciona, «progresivo», di o señor presidente da Xunta de Galicia. Eu non sei a quen queren enganar. Vou ler declaracións do señor Rueda destes mesmos días: «Sete de cada dez alumnos de centros públicos e concertados reciben algunha aportación», sete de cada dez reciben algunha aportación. «Todas as familias con rendas iguais ou inferiores a 10.000 euros terán acceso a algún bono de material escolar e axudas para libros que poderán chegar ata os 300 euros. O deber das administracións» —e a Xunta leva anos facéndoo, di o señor presidente do Goberno— «é axudar as familias a que os gastos do inicio do curso sexan algo menores»; algo menores. Non, o deber das administracións e da Xunta non é axudar a que sexan algo menores. A Constitución, que enarboran e airean cando lles interesa —o Partido Popular—, o que di no seu artigo 27.4 é que o ensino é obrigatorio e gratuíto; non fala de axudar na medida do posible a que os gastos sexan menos.

¿Queren falar de cifras? Di tamén o Goberno da Xunta de Galicia para defender este sistema que non chega; que non chega nin á metade dos alumnos e alumnas —e velaí están as cifras que están no ensino obrigatorio—, que hai que axudar máis a quen máis o necesita. Ben, ¿saben cantos millóns de euros se destinan a sufragar axudas a libros de texto na nosa comunidade? Tal e como explicou o presidente —nota da Xunta—, o Goberno galego destina este ano 26 millóns de euros a achegas para libros e material e para o fondo solidario de manuais que hai nos centros educativos. ¡26 millóns de euros!, porque hai que axudar a quen máis o necesita.

Ben, di o mesmo presidente da Xunta que —lembramos— perdoou 34 millóns de euros —34, máis que o que se destina ás axudas de libros de texto— a eses apenas 7.000 galegos e galegas que teñen un patrimonio de máis de 2 millóns de euros. ¡34 millóns de euros nos orzamentos perdoados aos máis ricos! E logo sacamos peito de que destinamos 26 millóns de euros a fondos de libros e material. *(Aplausos.)*

O mesmo presidente da Xunta di que hai que defender e estar do lado —que non pode ser café para todos— dos que menos teñen, e destina recursos a presentar un recurso ante o Tribunal Constitucional contra o imposto ás grandes fortunas.

¿A quen queren enganar? ¿De quen se preocupan? «A Xunta amplía —é outro dos titulares— «en preto dun 40 por cento os beneficiarios do abono para o material escolar ata chegar aos 130.000 alumnos deste curso que recibirán algunha axuda». Hai máis de 225.000 alumnos este ano en Galicia, máis de 225.000, e presumen de que amplían ata 130.000 os que reciben algún tipo de axuda.

Acabo de dar as cifras do que custan os libros de texto e o material, e estamos a falar de que co aumento dos prezos se fala dun encarecemento por familia de entre 200 e 400 euros, entre libros e material, o que custa a volta ao cole. Ben, ¿saben canto subiron —esa gran

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

subida da Xunta de Galicia— as axudas? Fronte aos 140 e 240 euros do pasado curso, este ano recibirán 160 e 270 euros máximo; é dicir, 20 euros máis que o ano pasado. ¡20 euros máis! Fagan as contas, e explíquennos que este sistema é máis equitativo, é progresivo, é igualitario e que garante o dereito á educación.

Como temos dito, o contrario do que se vén facendo e defendendo en Galicia nos últimos tempos é o que fan o resto de comunidades autónomas, que veñen implantando o sistema de préstamo universal de libros de texto que existía co Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño e que o señor Feijóo, cando chegou á Presidencia da Xunta de Galicia, foi a primeira medida que cambiou no ámbito educativo.

E tamén falaba eu nalgunha ocasión da amnesia do Partido Popular, porque estou así un pouco improvisando para responder o señor presidente da Xunta de Galicia. Di que volver a ese sistema non está nos plans, non só porque non se pode dar café para todos —que si o dá Madrid, ou si o dá Andalucía, por exemplo—. ¿Por que? Porque é malo, porque non funcionaba ben. Eu sempre digo que hai amnesia no Partido Popular.

Valoración do Partido Popular tras anunciar o presidente Emilio Pérez Touriño a gratuidade dos libros de texto: «O PP cualifica a medida de positiva, pero tardía». ¡Nin máis nin menos! E defende, que ese é o xerme que xa estaba iniciado polo Goberno do señor Fraga. Esa medida —seica, di o Partido Popular, díxoo durante moito tempo, cando gobernaba o señor Touriño, durante o Bipartito, e esa medida era aplaudida por todo o mundo— dicían no Partido Popular que xa viña do señor Fraga.

Ben, pero é máis, o propio exconselleiro de Educación, o señor Currás, nun artigo publicado, dicía: «Tres teñen sido as principais luces do Bipartito en educación: a primeira, aumentar considerablemente o presuposto; a segunda, continuar construíndo sobre o que xa estaba feito»; e citaba expresamente «a gratuidade necesaria dos libros de texto», como gran luz do Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño.

Tivemos hoxe un novo exemplo neste Parlamento galego do retrato do que é o Partido Popular en canto á situación do ensino público, insisto: o conselleiro de Educación dando as costas a un debate, a un debate sobre a situación que están a vivir as familias galegas de xeito desigual con respecto ás familias doutros territorios do Estado, polo empecinamento —insisto— do Partido Popular, a insensibilidade, e por negarse a poñer en marcha unha medida que é máis eficiente, máis equitativa e asumible orzamentariamente, como é o préstamo universal de libros de texto.

Nós, evidentemente, imos aprobar esta medida. Entendemos que o problema de fondo e de calado é o modelo, que se ten que recuperar ese sistema e ese modelo universal de libros de texto e tamén de material, para dar cumprimento a ese deber constitucional.

Podemos entrar en debates de en que rendas hai que dar ou non este ano para actuar de xeito extraordinario e paliar esta situación insostible, pero pensamos que, ao final, o que conta e o que precisan as familias neste momento son certezas. Por desgraza, moito tememos que o Partido Popular dirá que estamos con máis do mesmo, e, como fixo o conselleiro, dará as costas ás familias galegas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Señorías.

Señora Fernández, señora Otero, a verdade é que despois das súas intervencións escoitadas no día de onte en relación co sistema educativo e despois de escoitalas no día de hoxe, pois teño que dicir que non se esperaba menos da oposición e que non se esperaba menos de ningún membro do Goberno. Ningún membro deste grupo parlamentario dá as costas á educación, por suposto. ¿Que pasa? Que coñecidos os seus argumentos e coñecido que son sempre os mesmos, os membros do Goberno o que teñen que facer é aproveitar o que levan feito ata agora e seguir traballando, seguir xestionando, que é o que corresponde, para seguir mellorando o sistema educativo galego, *(Aplausos.)* e non como fan vostedes, que de xestionar e de traballar saben pouco, porque lecciónns, xustas. Porque, en catro anos, ¿a onde os mandaron os galegos? ¿A onde os mandaron? Por iso vostedes están aquí, e o Grupo Parlamentario Popular está aquí. Esa é a razón, e das costas que vostede fala. *(Murmurios.)*

Así que a realidade lles importa pouco. Vostedes son especialistas en retorcer, en desgastar, como levan feito onte e hoxe, xerando confusión nas familias galegas. Porque as familias galegas —eu creo que o saben perfectamente— saben que vostedes están nerviosos, saben que están na antesala dunha campaña electoral e que por iso centran o seu discurso nese alarmismo. Pero, miren, utilizan —e xa llo dixen onte— de xeito retorcido a educación, con mensaxes equivocadas. Insistimos, claro que o sistema é mellorable, claro que si, pero co que se leva feito hai que dicir que o sistema educativo é referente; é referente, e iso hai que recoñecelo.

Vostedes sigan por ese camiño, porque o Goberno galego vai seguir traballando, e, aínda que lles pese a vostedes, vai seguir contando co apoio maioritario das galegas e dos galegos.

Miren —e escoiten ben, porque despois se dispersan, distorsionan a realidade e alarman—, a Xunta de Galicia inviste en axudas e libros de texto o dobre —¡o dobre, señora Otero!— que destinaba antes da pandemia. O Goberno galego, señora Fernández e señora Otero, é consciente de que estamos ante un inicio de curso difícil, ¡claro que si! A todos nos pasa nas nosas casas, ás señorías da oposición e ás señorías do Grupo Parlamentario Popular. Subiu a alimentación, subiu o combustible, subiu o retorno ás aulas, pero para iso a Xunta de Galicia intensifica e reforza as axudas ás familias. A Xunta de Galicia está ao carón das familias.

Pero vostedes o que utilizan é a educación —e insístolles— para facer que fan, que apoian, que teñen iniciativa, que apoian as familias. Pero mire, o Goberno galego xa anunciou as medidas, é previsor, e xa en maio, antes de finalizar o curso pasado, anunciou as medidas que ía implantar este curso. ¿Pero con que finalidade? Para aplicalas en tempo e forma. Iso é ser previsores. Insisto, o sistema é mellorable, niso hai que traballar, pero tamén o seu discurso ten que se axustar á realidade e non confundir.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, é inevitable que a volta ao cole, dada a situación de inflación, sexa máis cara, pero ¿saben o que é? Que o custo para as familias galegas vai ser moito menor que para outras comunidades autónomas. Si, señora Otero, mire (*A señora Díaz Mouteira mostra un documento.*): «*Galicia es la autonomía que más ayudas da por alumno en libros de texto*». Isto non o di esta deputada, isto dixérono os medios de comunicación o pasado 8 de setembro de 2023. *(Aplausos.)* Isto, e tamén que Galicia é referente en educación e é referente en apoio ás familias. *(Aplausos.)* Isto, o pasado venres 8 de setembro. *(Aplausos.)* Ademais, Galicia é a terceira comunidade que inviste máis por alumno, só superada por País Vasco e Navarra. E, insisto, o dobre que antes da pandemia, cun modelo de axudas que é moito máis xusto.

Vostede falaba hai un momento e ensinaba facturas. ¿Esas facturas son as súas?, ¿esas facturas son as do señor Caballero?, ¿esas facturas son as da señora Sanz? ¿Son as da señora Sanz? ¿Que pensarán as familias galegas? Co soldo que ten e co soldo que aquí percibimos, ¿que pretende, que nos paguen os libros a nós tamén e telos gratis? *(Murmurios.)* Igualdade e equidade en función da renda; ¡en función da renda, señorías! *(Aplausos.)* Non vale o café para todos, ¡non vale! *(Aplausos.)* E eu vóullelo explicar. *(Aplausos.)* Miren, o sistema educativo foi evolucionando co tempo. A Xunta de Galicia, señor Bará, é sensible —porque falaba vostede onte de insensibilidade—. A situación que están a vivir as familias preocupa o Goberno, por iso a Xunta de Galicia axuda a quen máis o precisa: sistema equitativo e xustiza e en función da renda. E iso, ¿sabe o que supón? Aforrarlles ás familias 100 millóns de euros; 200 millóns se temos en conta o transporte público. Algo insignificante, ¿verdade? Creo que non. ¿E iso é darlles as costas ás familias, señora Otero?

Falan vostedes de axudas extraordinarias. Señora Fernández, este curso auméntanse, si, 26 millóns de euros en axudas para libros de texto, e son beneficiarios 7 de cada 10, aqueles que o necesitan; 7 de cada 10, os que o necesitan, teñen as axudas. Banco de libros gratuíto nos colexios de terceiro de primaria e cuarto da ESO. Reutilízanse e alongan a súa vida útil. É un sistema moi valorado polas familias, mire vostede, e lévanse adquirido 350.000 libros novos, adaptados á nova lei estatal, que aprobou A Moncloa; así, de balde, dáselles ás familias de media 6 libros. Axudas para a compra de libros que non se poden reutilizar en primeiro e en segundo de primaria sobre necesidades educativas especiais —sen esquecelo—: soben un 12 por cento. Libro dixital, máis de 64.000 alumnos con libro dixital. Bono de material, amplíase un 40 por cento o número de beneficiarios —si, 130.000 alumnos—, os que o necesitan, señora Otero e señora Fernández, *(Murmurios.)* ¡Os que o necesitan! Non esquezan que a Xunta de Galicia apoia as familias nun momento tan complicado. Recibirán vales de entre 60 e 75 euros 130.000 alumnos; un 37 por cento máis que no curso pasado. Axudas para a compra de libros naqueles cursos nos que non hai axudas. O fondo solidario, acadando case a totalidade de balde.

E no que respecta ao libro de texto, señora Fernández, eu creo que esquece vostede que Galicia está á vangarda da dixitalización das aulas, e diso eu creo que pode presumir. E vostede falaba dos veciños e veciñas de Europa, pois, fíxese, a dixitalización está instalada nas aulas, claro que si, pero tamén temos que compatibilizala cos libros de texto, porque un país como Suecia —que para vostedes é sempre referente, pero para cando lles interesa, como todo, ¡para cando lles interesa!—, o pasado 6 de xullo dicía que se estaban planteando voltar ao papel ou que a se compatibilice do xeito mellor posible, porque as competencias lectoras estaban sendo prexudicadas.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostedes falan de medidas extraordinarias. Mire, de case 95.000 alumnos que recibían as axudas de material escolar o curso pasado pasamos a 123.194; máis de 28.000 alumnos máis. ¡Señora Otero, máis de 28.000 alumnos e máis de 1.700.000 euros a maiores do ano pasado! E en axudas de libros de texto, desde 5,9 millóns a 6,7 millóns de euros, señora Otero. Aumentar a cantidade de vogais ¿que permitiu? Pois dar resposta ao aumento do prezo dos libros e reducir a carga económica para as familias.

Cómpre indicar tamén que en educación especial os vales pasaron de 275 euros a 300 euros por familia. Non hai que olvidar outros servizos, como os de comedor escolar, tamén baseado na renda familiar, señora Fernández e señora Otero; e é cualificado —non por esta deputada nin polo Grupo Parlamentario Popular— como un dos sistemas máis xustos e asumibles para as familias do Estado español, si. Destínanse máis de 50 millóns de euros este curso precisamente a suplir esas necesidades provocadas pola inflación; e vostedes sábeno, a cuestión é que vostedes o saben. O 80 por cento dos usuarios teñen o comedor de balde ou pagan 1 euro e, como moito, 4,5; cun sistema de transporte escolar totalmente gratuíto, cunhas taxas universitarias que levan conxeladas durante trece anos. ¿A vostedes isto non lles parece estar ao carón das familias? ¡Por favor! Para o grupo parlamentario que represento isto si que é estar ao carón das familias, axudarlles cos gastos do inicio do curso para que sexan menores, cun sistema de axudas que funciona, tal e como recoñecen as familias, os centros, os libreiros; si, un sistema equitativo e que axuda máis a quen o necesita.

Vostedes máis dunha década despois seguen anclados naquel sistema e naquela época. ¿Pero non se dan conta de que tan ben non o fixeron que en catro anos os mandaron para a casa? ¡Por favor, cambien os argumentos! Deixen aquela década atrás; mudaron os tempos, si, mudaron os tempos. É un modelo de gratuidade que non funcionaba ben, e vostedes sábeno. *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Pero vamos ver! ¡Por iso están onde están, señor Caballero, por favor! Era algo que non funcionaba ben, había que pagar sempre algún libro e era un sistema que era criticado polas familias, polos centros e polos libreiros. E despois tamén está —¿por que non o din?— a aplicación apresurada da LOMLOE. ¿Que fixo? Que esas facturas, que vostede ensinou, pois tamén son debidas a ese maior desembolso, por ter que cambiar todos os libros por parte de familias galegas. Aquí hai que pór as cartas todas boca arriba, señora Otero e señora Fernández. BNG-PSdeG ou PSdeG-BNG queren volver ao sistema do 2005, que os levou para casa. ¡Vostedes verán! Eu creo, sinceramente, que non teñen claro o seu modelo porque, se tan ben o facían, terían hoxe que estar gobernando, e están na oposición.

O sistema non era universal —vostedes sábeno—, dado que todos os alumnos non tiñan todos os libros gratis, e é así. O que si é certo —fíxese— é que moitas familias con grandes ingresos tiñan acceso —como falamos hai un pouquiño— a ese material a custa dos impostos de todas as galegas e galegos. E iso si que é falta de respecto ás familias con menos recursos, ¡iso si que é falta de respecto!

E isto, señorías —xa para rematar—, non é propaganda nin é unha realidade virtual, é Galicia. Isto é Galicia, señorías, a terra na que vostedes viven e traballan. Galicia é a comunidade autónoma que máis inviste na educación das súas fillas e dos seus fillos, dos seus netos e das súas netas. Iso é Galicia, señores deputados e señoras deputadas. Galicia é referente en

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

educación, Galicia é referente en apoio ás familias: un dos motivos —e remato como remataba onte— polo que os galegos e galegas deberían sentirse orgullosos, e vostedes como deputadas e deputados deste goberno, tamén.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.) (Murmurios.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas.

Ben, quero empezar por dicir que está claro que ao conselleiro, o señor Román Rodríguez, non lle interesaba moitísimo o que iamos tratar agora aquí nesta proposición. Está claro que a súa conduta deixa moito que desexar, por suposto, e poderíase dicir que lidera unha consellería de mala educación e insensibilidade, dende logo. *(Aplausos.)*

E á señora Díaz —que agora non a sitúo na bancada..., ¡ah!, perdón, señora Díaz Mouteira— quero dicirlle que no BNG non nos confundimos, nin confundimos tampouco a ninguén, pero si que é certo que vostede é a que está confundida, a que interpreta mal os datos. Debe ler as enquisas empezando polo final en vez de polo principio e, dende logo, non utiliza nin sequera ben o dicionario. Cando fala de «equidade» —e vostedes deberían sabelo—, están financiando incluso as garderías para todos. Aí vostedes non falan doutra cousa e dálles igual alguén que cobra «x» que alguén que cobra «y», é exactamente para todos. Bueno, pois nós queremos exactamente o mesmo, que eses dereitos se estendan para toda a poboación, non soamente para os que vostedes queren. E á parte de que se están utilizando tamén cartos públicos para financiar, precisamente, escolas privadas que está utilizando parte da poboación galega con recursos, que non son os que están en dificultades, desde logo, como outras moitas familias que si, que son ás que lles vai vir moi ben a proposición e as propostas que nós defendemos hoxe.

Así que, diante do contexto actual que xa debuxei na miña intervención anterior, de agravamento da situación económica e de enormes dificultades para as familias, para a meirande parte das familias —un 76 por cento, falabamos—, pois miramos un Partido Popular insensible, sen capacidade de empatía coas galegas e galegos —xa o miramos aquí neste mesmo estrado— e cun corazón de ferro. Exemplo disto tamén é a eliminación da Tarxeta Básica hai ben pouco, onde miramos a acción dun goberno que, nos momentos de maior dificultade, deixa no abandono a quen máis o precisa. *(Aplausos.)*

Tamén a súa intervención estivo baseada, coma sempre —como anteriormente fixo o señor Rueda, que nin sequera contesta ao que se lle pregunta, pois vostede igual—, nunha relación que traen preparada, con todos os datos de todas as axudas que vostedes convocan, pero iso non significa que esas sexan suficientes ou que sexan as axeitadas, as que necesita a xente do noso país, e, se poden, miran para outro lado e negan a realidade, que é o que vostedes están a facer.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O pasado 1 de setembro o señor Rueda visitou unha librería onde presumía do sistema de axudas ás familias para mercar libros —xa o facía o señor Rueda antes ca vostede hoxe—, tanto para os libros de texto como para o material escolar. Así que miramos claramente que o Partido Popular vive instalado —como vostede ben dicía— na propaganda e noutra realidade paralela que teñen o señor Rueda e o Partido Popular. Pero outra ben distinta é o día a día das familias galegas e a situación de ter que enfrontar o custo do inicio do curso máis caro da historia.

Dicir que o sistema de axudas actual é un sistema equitativo que reforza as medidas de apoio ás familias e que aposta pola inclusión, a calidade e a igualdade de oportunidades —por iso dicía o do dicionario, que non o mirou ben— está moi lonxe de ser unha realidade se detrás non se toman as medidas económicas e de recursos humanos que respalden esas accións que queremos tomar. As familias precisan un maior número de servizos para facilitar a súa vida laboral e familiar, porque, como quedou sobradamente demostrado, aínda tendo un posto de traballo, moitas familias non poden cubrir todas as necesidades básicas cos seus salarios. Aos gastos de libros e material escolar, hai que engadir outros que teñen que ver cos servizos complementarios fundamentais para a conciliación; por exemplo, os comedores escolares —imprescindibles tamén para garantir a boa alimentación no actual contexto de crise—, aulas matinais, actividades complementarias nos centros educativos e tamén as extraescolares. Está, ademais, o problema do transporte escolar para aquel alumnado matriculado en estudos non obrigatorios, que non está garantido pola Consellería. As liñas de transporte mixto escolar regular quedan supeditadas á existencia de prazas; e nalgúns casos tampouco existen liñas que conecten as poboacións, sobre todo no rural, onde habita o alumnado e onde radican os centros educativos, o que resulta claramente discriminatorio para os concellos rurais, como sempre.

Hai que engadir tamén que todo isto está máis acentuado aínda dende o empeoramento do servizo do transporte, cos novos contratos adxudicados polo Goberno do Partido Popular na Xunta, e mesmo no día de onte se tratou este tema aquí no Parlamento. Fai falta, polo tanto, enfrontar todos estes problemas do ensino que afectan toda a nosa infancia, a mocidade e as familias en xeral, para dar una solución que permita dunha vez por todas poñerse ao carón da xente e non darlle as costas, como ata o de agora. *(Aplausos.)*

No BNG estamos moi, moi preocupadas por como está afectando toda esta situación a saúde do alumnado, tanto física como mental. Pero dadas as dificultades económicas que atravesan as familias traballadoras deste país, e sobre todo as máis vulnerables, como mínimo, temos o risco de derivar nunha diminución do rendemento académico que poida levar en última instancia ao abandono escolar. Mais o señor Rueda e o Partido Popular, como xa lles dixeron algunha outra vez estes días, están preocupados por outras cousas, por outro curso, o da supervivencia do seu líder. Van todas as semanas coller alí apuntes e traer deberes para aquí, nas reunións do Comité Executivo do Partido Popular na rúa Xénova. Dende logo, seríanos máis produtivo que fixesen unha escoita activa e que empatizasen vostedes coa brutal crise que padecen aquí, no noso país, todas as galegas e galegos, e que lle puxesen solución cos debidos recursos.

O BNG non é alarmista, non está fixado no mesmo posicionamento de xeito permanente, simplemente escoita as persoas, sae á rúa... *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: ...e vive o que de verdade lles acontece ás familias, nun declive que vén dende o 2009, dende que o Partido Popular asumiu o Goberno da Xunta de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate sobre as proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Escomezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Adrián Pardo.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Adrián Pardo López e sete deputados/as máis, sobre o compromiso do Parlamento de Galicia na defensa da Constitución de 1978 e na defensa da independencia do poder xudicial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 18; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado.

Non hai emendas, hai unha autoemenda.

(A señora Murillo Solís pide a palabra.)

¿Si, señora Murillo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora MURILLO SOLÍS: Si, que xa onte pedín a votación por puntos nesta iniciativa, e agora volto reiterar a miña petición. Grazas.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a votación por puntos, señor Torrado?

Déanlle voz ao escano do señor Torrado.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor TORRADO QUINTELA: Cremos que hai dereitos e valores que non se votan por puntos. *(Murmurios.) (Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, non se acepta. Votámola tal e como está.

Votamos.

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar e promover a igualdade real entre os homes e as mulleres dentro do ámbito do deporte.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa de dona María Encarnación Amigo.

Acéptase como engádega a do Grupo Parlamentario Socialista e non se acepta a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para potenciar a investigación no eido da medicina xenómica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de dona Noelia Otero.

Non se aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Popular. Acéptase como engádega.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago e Dª Noa Susana Díaz Varela, sobre medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no que atinxe á cobertura docente dos centros de ensino para o vindeiro curso 2023-2024.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Mercedes Queixas Zas e D. Daniel Castro García, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que apoie a proposta de utilización das linguas cooficiais, nomeadamente o galego, nas intervencións das deputadas e deputados galegos no Congreso dos Deputados.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Cristina Fernández Davila.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Cristina Fernández Davila e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que as familias galegas poidan facer fronte no inicio do curso aos gastos en libros de texto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións e continuamos coa orde do día, co punto quinto, interpelacións. Neste caso vai ser un debate de xeito acumulado —imos esperar a ver se chega esta conselleira—:

Interpelación de Dª Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os servizos de inspección da Consellería de Política Social e Xuventude

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Interpelación de Dª Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a programación das inspeccións aos centros de atención residencial

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a interpelación, polo grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Iago Tabarés Pérez-Piñeiro.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Bo día ás súas señorías. Bo día, señora conselleira.

Señora conselleira, ¿considera que as funcionarias e traballadoras da Xunta de Galiza non están comprometidas na mellora do funcionamento dos centros de maiores e de discapacidade? ¿Considera que as familias e as usuarias non teñen interese na mellora das condicións de funcionamento, atención e coidados nos centros de maiores e de discapacidade? ¿Considera, señora conselleira, que os medios, os recursos da Xunta de Galiza, son abondos para garantir o control da atención que se presta nos centros e tamén, con carácter secundario, mais moi importante, dos fondos públicos que se invisten nestes? Por certo, ¿considera, como o Grupo Popular, que o persoal dos centros sociosanitarios é abondo e que as condicións sociolaborais que ten ese persoal son dignas e equiparábeis coas categorías profesionais e co traballo que desenvolven noutro ámbito da Xunta de Galiza? Señora conselleira, ¿está a Xunta de Galiza sendo transparente e eficaz na persecución das irregularidades —nalgúns casos graves— que se producen nos centros de maiores e de discapacidade?

Agradeceriámoslle sinceramente unha resposta fóra dos lugares comúns e das desideratas ás que nos ten afeitos nas súas intervencións, porque a realidade é que actualmente só existen 7 inspectores e inspectoras no servizo de maiores e discapacidade para o control de 948 centros e 690 centros residenciais e de atención diúrna de maiores, nos que, por certo, tamén hai pacientes psiquiátricos e con patoloxías diversas sen protocolos, adaptacións nin cualificacións ou medidas necesarias para poder albergalos, como tamén para a inspección de 258 centros de discapacidade. ¡Sete traballadoras de inspección para 948 centros! E, por certo, parte desas traballadoras están nunha situación precaria e con destino provisorio dende hai anos.

Os medios materiais de que dispoñen na Inspección tamén son escasos e insuficientes, como reiteradamente se lle ten denunciado dende asociacións, organizacións sindicais e tamén dende o Bloque Nacionalista Galego.

O anterior xa evidencia a ausencia de vontade real da Xunta de Galiza de velar pola defensa dos dereitos das persoas usuarias e pola mellora dos servizos que se prestan, e tamén —secundario, pero o importante— polo investimento que se fai dos recursos públicos, mais non é menos grave que a propia Xunta de Galiza mantén un sistema que dificulta o traballo da Inspección no control das irregularidades dos centros e dá a posibilidade de que as entidades sexan avisadas de que se van realizar inspeccións, permitindo a súa impunidade. Que a data de inspección dun centro sexa fixada con anterioridade posibilita que a entidade sexa avisada e que se poidan encubrir algunhas das irregularidades; algunhas, porque seguramente nin sequera todas, pero si un exceso no número de usuarias, un déficit no rateo do persoal, no

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xantar, no rexistro de caídas ou na aplicación de medidas de suxeición farmacolóxica ou mecánica. E que esa posibilidade de avisar os centros das visitas da Inspección de Servizos Sociais pode ser unha realidade cónstalles a vostedes.

Hai seis meses, tras unha reunión da secretaria xeral e da Subdirección con traballadoras de Inspección, acordaron mudar o sistema, polo que as inspeccións eran fixadas discrecionalmente e con antelación pola xefa do servizo e autorizadas pola subdirectora. Mudaban ese sistema por outro no que era o inspector ou inspectora o que decidía o centro a inspeccionar. Ao inspector ou inspectora dábaselle un grupo de centros e, dentro dese grupo de centros que tiña asignado, pois si, organizaba o seu traballo coa simple obriga de, no momento de entrar ao centro a inspeccionar, avisar a xefa do servizo de que procedía a realizar o seu traballo. Con este sistema a dirección da Consellería non coñecía o día e hora no que se realizaba a inspección; simplemente a xefa do servizo era avisada cuns minutos de antelación.

Este cambio de sistema non foi por un súbito empeño do Partido Popular de protexer os dereitos dos maiores nin de mellorar as súas condicións de vida; non, foi polas moitas denuncias acumuladas de filtracións e anuncios das visitas de Inspección. Por certo, advertencias que non só realizaban dende a Inspección; esas advertencias, esas denuncias deses avisos previos da Inspección, realizábanas traballadoras das residencias; esas denuncias realizábanas familiares; esas denuncias mesmo as realizaban asociacións veciñais, que levaban advertindo á Xunta de Galiza de que se informaba os centros en que se ían realizar as inspeccións con antelación e que iso daba a oportunidade de estender unha alfombra vermella e de que esa inspección fose ineficaz.

Vostedes dende hai anos tiñan constancia de numerosas denuncias, de filtracións; por certo, ¿comprobaron a veracidade desas denuncias? ¿Sabían se esas denuncias de colectivos tan diversos como os familiares —por iso as miñas preguntas iniciais— de usuarios, de asociacións de veciños, tiñan algo de veracidade? Vostedes non investigaron nada porque dabondo sabían cal sería o resultado, porque vostedes si sabían que existían estas filtracións. Vostedes permitiron un cambio de sistema que impedía filtracións e mesmo a discrecionalidade porque non tiñan máis remedio pola presión social. Pero vostedes, como non están comprometidos coa defensa e protección das persoas, volveron de contado ao sistema anterior con nocturnidade e aleivosía —como unha das oposicións que se facía na Deputación de Ourense, no verán—. Porque se teñen que optar entre defender os dereitos das persoas ou os de determinadas entidades ou mesmo de fondos voitre, vostedes teñen unha opción que non é descoñecida para todos e todas as que estamos aquí. E a súa reacción ante a denuncia da Asociación de Inspectores non vén máis que confirmalo. Cando a Asociación de Inspectores formula unha denuncia sobre esa posibilidade, ¿cal foi a súa reacción? A súa reacción non foi investigar, a súa reacción non foi chamar as traballadoras, a súa reacción nin sequera foi chamar as inspectoras; foi negar todo, e, iso si, ameazar os inspectores denunciantes; algo singular. Sobre todo no dereito anterior, no que xa existe unha protección á vítima, á denunciante, o que fixeron vostedes foi perseguir a denunciante; non comprobar a veracidade da denuncia, senón perseguir a denunciante *(Aplausos.)*; unha reacción ilustrativa. Mais realmente o que queren evitar é, como hai seis meses, que existan inspeccións sorpresivas, e o que queren evitar é que se coñezan os incumprimentos e irregularidades do que pasa nas residencias, e iso non é algo do que poidan dar fe só traballadores e traballadoras. Mesmo

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nós, deputados desta Cámara, podemos dar fe desa vontade de escurantismo que ten a Consellería. Mesmo eu, en primeira persoa, para poder acceder a determinados expedientes, tiven que asinar un protocolo de confidencialidade, e nese documento non existía —non existía en ningún dos documentos examinados— nada que atinxise á intimidade das persoas; nada en absoluto, nada sobre os usuarios. Si sobre incumprimentos, si sobre incumprimentos graves, si sobre incumprimentos que poderían ser delituosos; pero nada sobre a identidade das persoas. (*Aplausos.*) ¿Cal é a razón dese protocolo de confidencialidade?, ¿Pretenden que un deputado representante da cidadanía agoche o que coñece ou o que puido coñecer? Iso é vontade de escurantismo.

Vontade de escurantismo, por certo, señora conselleira, cando pedimos información de catro residencias —de catro ou cinco residencias— de Ourense e a Xunta de Galiza nega esa obriga de facilitar ese expedientes vía artigo 9; negouno. Tivemos que recorrer ao presidente do Parlamento, a que cumprise a súa función e lle requirise á Xunta de Galiza a remisión desa documentación. Por certo, o presidente do Parlamento, ou a Presidencia do Parlamento, deunos a razón, e requiriulles que enviasen esa documentación. Pasaron os meses e seguimos esperando. Por certo, documentación de expedientes por faltas graves que atinxen a unha empresa —o nome facilitouno a propia secretaria xeral, Coviastec—. Aparecen uns audios divulgados por *Diario Público*. Parece ser que é unha empresa comisionista dun veloz senador do Partido Popular. *(Aplausos.)* Non sei se é esa a razón de que agochen esa documentación.

Agora ben, non só dende o Bloque Nacionalista Galego, non só dende o Regulamento do Parlamento de Galiza, senón tamén dende a propia Presidencia do Parlamento de Galiza levan requiríndolle á Xunta a Xunta de Galiza, a Política Social, a remisión destes expedientes solicitados.

Señora conselleira, rectifiquen, prioricen a atención ás persoas, a defensa do seu benestar e da súa dignidade sobre as entidades e sobre os fondos voitre; valoren e protexan as traballadoras, que en condicións precarias están dedicadas e comprometidas co benestar das demais. E por iso, lonxe de cargar contra as denunciantes, investiguen as denuncias por se poden ser certos os feitos denunciados.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Cando pensamos nas residencias de maiores, á maioría vénnos á cabeza a imaxe da pandemia, o epicentro da dor, onde tivemos en Galicia case a metade de falecementos por covid ata que o Goberno de España logrou traer as vacinas. Despois de todo o que vivimos, a xente empatizou —empatizamos— coas persoas maiores das residencias, ata entón invisibilizadas. A propia sociedade demandou un cambio de modelo nas residencias de maiores.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ante isto, ¿que fixo o Goberno galego? Retroceder, todo o contrario ao que esperabamos. E, nomeadamente, nas dúas lexislaturas como conselleira de Política Social, e anteriormente como directora xeral de Maiores, señora conselleira, non incrementaron nin unha soa praza pública directa dende que Feijóo entrou na Xunta. Seguimos estando á cola de prazas residenciais a nivel estatal. Tampouco transformaron as grandes residencias en fogares máis personalizados, máis pequenos e con menos prazas. Tampouco incrementaron o persoal nin melloraron as súas condicións laborais de xeito significativo. Ante a falta de profesionais de enfermería, prefiren sancionar o mínimo que mellorar as condicións laborais para atraer profesionais e blindar os dereitos das persoas maiores nas residencias. Pero tampouco incrementaron os técnicos de inspección, tal e como pedimos en numerosas ocasións desde este grupo, xa que para supervisar —para supervisar os dereitos das persoas maiores nas case novecentas residencias que temos— tan só hai sete inspectores, en concreto, seis inspectoras e un inspector. Somos a comunidade autónoma que menos técnicos de inspección ten, mentres que somos das que maior porcentaxe de prazas privadas temos de toda España. Esta ecuación perversa é inversamente proporcional aos dereitos das persoas maiores e con dependencia.

Tampouco escoitaron o sector, nin as familias, nin as traballadoras —un costume cada vez máis común na súa consellería, o de non recibir nin escoitar—, nin tan sequera as da súa consellería, ás que saúdo hoxe, aquí presentes na tribuna deste Parlamento, despois de que o pasado 7 de setembro, unha vez máis, as traballadoras das residencias públicas de maiores se manifestasen porque a súa consellería —a Consellería de Política Social— non as recibiu para acordar as condicións laborais que tanto reclaman. Pero tamén as traballadoras e traballadores do resto de residencias privadas, que tamén levan en folga moitísimo tempo sen que dende a súa consellería as escoiten e reciban.

Hoxe estamos aquí por algo moi grave, señora conselleira. O corpo de Inspección de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, as persoas que velan por blindar os dereitos das persoas maiores nas residencias, emitiu un comunicado moi grave e sen precedentes. Afirman —e leo textual— que a conselleira Fabiola García —vostede— permite que as visitas das inspeccións se coñezan de antemán nas residencias de maiores a inspeccionar. Este feito, evidentemente, non pode quedar nunha simple negación ou nunha resposta de ataque contra os propios funcionarios da Inspección, como sucedeu na pasada comisión, cando o levamos para preguntar á secretaría xeral técnica sobre os avisos a certas residencias de maiores de que vai ir a Inspección —segundo os técnicos—, para tapar as posibles irregularidades. Din no sector, señora conselleira, que era un segredo a voces, pero non por iso deixa de ser grave e perigoso para os dereitos e para o benestar das persoas maiores. De feito, estamos a falar dunha posible vulneración dos dereitos fundamentais das persoas maiores que viven nas residencias.

Por iso hoxe dende o Grupo Socialista lle pedimos de xeito urxente unha investigación rigorosa e inmediata dos feitos. Porque, fagamos memoria. No ano 2017, o Consello de Contas indicou textualmente que dende o ano 2010 o número de centros previstos para inspección era do cen por cento; seis anos máis tarde era do 39 por cento. Mentres o número de prazas privadas se incrementaba, o número de inspeccións baixaba. Segue o Consello de Contas textualmente: «Apreciouse que, a pesar de que nos casos nos que as irregularidades obser-

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vadas non se corrixiron, non se iniciaron expedientes sancionadores». Isto dío o Consello de Contas, non un veciño que pasaba por alí. Ano 2019, o presidente da Asociación Galega de Vellez Digna indica textualmente que en Galicia as inspeccións son avisadas previamente. Novembro de 2020: as traballadoras das residencias aseguran que a Xunta avisa as residencias antes dunha inspección. *(A señora Ortega Otero mostra un documento.)* Finais de 2022: a Asociación Galega de Inspectores atrévese a facer oficial que aproximadamente tres de cada dez ingresos nas residencias de maiores son de pacientes de psiquiatría menores de 65 anos, mesturando este tipo de casuísticas coas persoas maiores; un auténtico disparate que denunciamos nesta Cámara dende o Grupo Socialista, ao entender que os profesionais e recursos que temos nunha residencia de maiores non serven para tratar pacientes de psiquiatría ou condutas adictivas. (*Aplausos*.) E tampouco é lóxico que as persoas maiores convivan con este tipo de casuísticas. ¡Unha aberración terapéutica en toda regra e unha decisión política do Goberno galego, da súa Consellería de Política Social, por non poñer recursos específicos e multidisciplinares para as persoas con patoloxías psiquiátricas!

E chegamos a este ano, a agosto. Repito, a Asociación Galega de Inspectores e Inspectoras de Servizos Sociais de Galicia emite un comunicado que motiva esta interpelación, que lin integramente, punto por punto, na pasada Comisión de Sanidade e Política Social. Preguntamos en comisión á secretaría xeral técnica, tamén implicada no asunto e sinalada directamente, e hoxe interpelámola a vostede, señora conselleira, tamén sinalada persoalmente. Cando lle preguntamos á secretaría xeral técnica só tivemos a negativa, sen informes, nin argumentos, nin datos, nin proposta de investigación ningunha, ¡nin proposta de investigación ningunha! Non queren que se fale do asunto, señora conselleira. Esperemos que hoxe vostede cambie, porque son moitas as preguntas:

¿É certo que os técnicos de Inspección da Xunta se dirixiron a vostede para advertir de que se estaba avisando das visitas de Inspección? ¿É certo que os inspectores, unha vez comunicado este feito tan grave, propoñen un protocolo —o que describiu agora mesmo o portavoz nacionalista— para que só os inspectores coñezan a previsión dos centros a visitar e evitar así os chivatazos? ¿É certo que logo deste protocolo, que evitaba as filtracións, e aceptado pola Consellería durante un tempo, en concreto seis meses —se non, corríxame—, a Consellería ordenou volver ao método inicial? ¿Por que eliminaron o método que impedía as filtracións, señora conselleira? ¿Quen coñece exactamente na Consellería de Política Social a previsión de visitas de Inspección, ademais dos propios inspectores? Señora conselleira, ¿quen inspecciona os centros residenciais públicos de xestión directa? ¿Constan as actas e os informes das ditas inspeccións? ¿Por que non hai persoal de enfermería cando é obrigada a presenza 24 horas por cada 40 prazas asistenciais? Neste punto quero pararme un momento para que vexamos cal é a realidade en concreto, porque a sanción habitual é a mínima. A sanción pode ser a grave e a moi grave. A grave vai de 3.001 euros a 15.000 euros; a moi grave vai de 15.000 euros a 60.000 euros. A primeira asínaa a secretaria xeral técnica; a segunda —a moi grave— deberíaa asinar a conselleira, vostede.

Evidentemente o que está a pasar é o que nos comentan —e, se non, corríxame, señora conselleira—, e é que a Xunta sanciona, na maior parte de casos, na case totalidade de casos para este cometido, con 3.001 euros, cando manter unha enfermeira, segundo paga a Xunta por convenio, custa 30.000 euros ao ano. Evidentemente, é máis caro ter unha enfermeira

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que pagar a sanción en Galicia. Ante isto, como pode comprender, señora conselleira, dende a propia consellería que vostede dirixe, están a incumprir o principio básico do procedemento sancionador, que di: «O incumprimento da lei non pode ser máis beneficioso que a sanción». Ou sexa, en definitiva, dende hai anos levamos escoitando dende o Goberno galego que se avisaba a residencias de cando ían ir de Inspección, algo totalmente irregular e que, de ser así, sería gravísimo.

Sempre quixemos ser cautos; dende o noso grupo con neste tema sempre quixemos ser cautos, incluso cando publicamente o dicían as traballadoras, familiares dos residentes ou outros axentes sociais do sector, sendo cuestións tan graves. Pero unha vez que fan o comunicado de xeito oficial, dende os órganos da Inspección da Xunta o tema cobrou outra dimensión. A palabra, neste caso dos inspectores, pódese dicir que é obxectiva e imparcial, e ademais contan coa presunción de veracidade, que só pode ser rebatida mediante proba en contrario, que ata o de agora vostede non aportou, señora conselleira.

A proba do algodón é que vostede hoxe mesmo anuncie que solicitará unha comisión de investigación, porque o que está en cuestión é a vulneración dos dereitos fundamentais das persoas maiores que viven nas residencias. (*Aplausos*.)

E remato dicindo, lembrando, que a pandemia fixo que a cidadanía empatizásemos coas persoas maiores que viven nas residencias, ata entón invisibilizadas —repito— e fixo que nos puxésemos no seu lugar e que tamén pensásemos no noso futuro. Todas as persoas que estamos aquí estaremos pensando no noso futuro tamén. A percepción do paso do tempo segundo a idade non é a mesma cando temos 20 que cando temos 40 que cando temos 80. O paso do tempo, a percepción do paso do tempo, é diferente segundo a idade, e parece que cada vez os anos pasan máis rápido. Con sorte, todos chegaremos a maiores, por iso pido que esta cuestión nos toque a todos, que non sexa só unha cuestión das persoas maiores que viven nas súas residencias, das traballadoras ou das familias das persoas que viven nas residencias. Isto tócanos a todos, porque o modelo de atención que reivindiquemos hoxe será o que teñamos mañá.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados, señor Tabarés e señora Ortega, moi bos días.

Nas súas interpelacións trasládanme unha serie de cuestións ás que intentarei responder con todo detalle e coa profundidade que o asunto require. Pero hai unha pregunta que, se me fixesen, non lles sabería contestar: ¿que inspeccións de servizos sociais se farán hoxe?, ¿cales son as inspeccións que se farán mañá?, ¿que inspeccións se farán este venres? Ou

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿que inspeccións se farán calquera outro día do ano? Porque nin eu mesma nin ningún alto cargo da Consellería de Política Social e Xuventude ten acceso á planificación das inspeccións, e así debe de seguir sendo sempre. Esa absoluta confidencialidade é a garantía de que non haxa inxerencias, non pola honestidade persoal, senón porque é tecnicamente imposible que as haxa.

Hoxe acudo a esta Cámara a desmentir unhas acusacións moi graves —¡moi graves!— que poñen en cuestión un servizo público fundamental e que sustenta a calidade dos centros e das actividades das que fan uso moitos galegos e de moitas idades. Na inmensa maioría dos casos os profesionais destes centros xa desempeñan o seu traballo con todo o rigor e co máximo compromiso, e nas ocasións nas que non é así a Inspección da Xunta de Galicia actúa.

En resposta ás súas preguntas, naturalmente que eu coñezo o comunicado do que vostedes me falan; lino con moita atención, pero tamén con moita preocupación, porque non achega nin unha soa proba, e non achega nin unha soa proba porque non existe. Acusar con probas é un deber cívico, pero acusar sen probas e unha enorme irresponsabilidade.

Evidentemente, dende o primeiro momento —e así o imos manter ata o último— negamos taxativamente e con total contundencia as acusacións das que vostedes falan hoxe. Son totalmente infundadas, carecen de veracidade e —repito— o que é o máis importante, fanse sen ningún tipo de proba. ¿E por que non hai probas? *(Murmurios.)* Porque, señorías, do que nunca sucedeu, do que nunca aconteceu, non pode haber probas. Repetireino as veces que faga falta: ¡non é certo! Non é certo que se advirta previamente das visitas de Inspección a ningunha entidade nin a ningún centro de servizos sociais de Galicia. Desacreditar sen evidencia ningunha o traballo da Inspección de Servizos Sociais da Xunta de Galicia supera con moito —supera con moitísimo— os límites do admisible, porque lles xera inseguridade aos usuarios dos centros e ás súas familias, porque pon indirectamente en cuestión a profesionalidade dos que traballan neles e porque ataca directamente o labor da Inspección.

Dicíalle ao principio que nin eu nin ningún alto cargo da Consellería sabemos a planificación das inspeccións que se fan cada día, porque as persoas que teñen acceso a ese listado teñen todas nome e apelidos. O persoal inspector e funcionarios de carreira, as xefas de servizo e a subdirectora, todos eles conforman o equipo da Inspección dos Servizos Sociais da Xunta de Galicia. E grazas ao celo co que desempeñan a súa función, neste ano superamos xa as máis de mil visitas de inspección, que derivaron en ducias de expedientes; menos seguramente dos que lles gustaría a vostedes, que nos últimos anos xa demostraron o pésimo e inxustificado concepto que teñen dos servizos sociais de Galicia, pero seguro que máis dos que lles gustaría aos centros que non fan ben o seu labor e que son, ademais, unha minoría en Galicia.

Se hai inspeccións, se hai expedientes e se hai sancións que reciben todo tipo de entidades e de empresas en Galicia, ¿como se sostén a grave acusación da que vostedes se fan eco? O listado dos centros que se inspeccionan non se elabora en función das filias e fobias da Inspección e, por suposto, tampouco das dos seus grupos políticos, senón que nel se priorizan, como é natural, os centros e os programas que reciben queixas ou reciben denuncias, os que xa foron sancionados anteriormente e dos que se coñece que funcionan de forma irregular,

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ademais dos que se inspeccionan por outro tipo de razóns puntuais. Esta relación elabórase e valídase dentro do equipo da Inspección sen coñecemento e sen inxerencias externas, como é o normal. É certo que hai uns meses se probou cun novo sistema experimental, a petición dunha parte do persoal inspector dos servizos sociais, e se ese sistema despois desta proba se desbotou é porque dificultaba e prexudicaba a organización da Inspección.

Señorías, vostedes saben perfectamente da transparencia da Xunta de Galicia en todo o relativo á Inspección dos servizos sociais. Mesmo... A min non me produce ningún tipo de risa cando falamos de servizos sociais e cando falamos de funcionarios de carreira da Inspección da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* ¡Non me produce ningún tipo de risa! ¡Ningún tipo de risa! *(Aplausos.) (Murmurios.)* Dicía que mesmo algúns deputados dos seus grupos revisaron varios expedientes... *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Perdón, señor Arangüena. Perdón, porque eu desde aquí o estou escoitando e non me parece que sexa de recibo o que está a facer... *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, perdón. Se non, vou ter que chamalo á orde. *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Non se pode insultar no Parlamento! *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

Chámoo á orde, señor Arangüena, unha vez. Chámoo á orde. *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non; eu non o quero expulsar. A min non me gusta expulsar a ninguén, pero eu teño que protexer —xa o dixen onte— a quen está no uso da palabra. Vostede, se non está de acordo, faga unha interpelación ou faga outra cousa cando proceda. *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, perdón, ten unha chamada á orde.

Continúe, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, presidente.

Dicía que mesmo algúns deputados dos seus grupos revisaron varios expedientes e poden dar fe de que son profusos e de que son meticulosos. Ninguén que coñeza ben o traballo da Inspección pode insinuar que está contaminado polas prácticas que vostedes hoxe denuncian. Eu estou convencida de que eses comportamentos non se dan dentro da Consellería de Política Social, e, polo tanto, estas gravísimas acusacións son falsas; son falsas e soamente buscan facer dano, desprestixiando un servizo público fundamental como é a Inspección dos Servizos Sociais. Por iso non podemos toleralo, porque non todo vale. A Consellería realizará as actuacións correspondentes e adoptará as medidas que sexan necesarias para depurar as responsabilidades ás que haxa lugar.

Máis nada e moitas grazas, presidente. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, o señor Iago Tabarés.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Non sei se nalgún momento a sorpresa deu lugar a unha posibilidade de equívoco. Parece que o que me facía graza, o que nos producía hilaridade era o feito de que se falase de que é unha consellería transparente. Non, a min o que me sorprendía é a desfachatez de poder afirmar que esta consellería é transparente, cando non o é, senón todo o contrario. *(Aplausos.)* E dóeme profundamente, non se pode dar idea.

Mire —para ir por partes, porque hai moitas cousas que dicir—, se vostede fala de erros no novo sistema —como o fixo a secretaria xeral na Comisión 5ª—, nós pedímoslle que concrete. Se vostede fala de que se inspeccionaron centros que non estaban no grupo que correspondía a cada inspector ou se o problema é que inspeccionaron centros que a Xunta non quería que se investigasen e que non metesen no grupo do inspector, concrete cal é a razón dese problema, desa disfunción no sistema que vostede chama experimental: ¿en cantos casos ocorreu? ¿Cantas veces houbo esa disfunción? ¿Cantas veces non avisaron á xefa do servizo de que ían entrar a realizar esa inspección? É dicir, ¿cales son os motivos para que volvesen ao sistema escurantista anterior?

Tamén facían referencia a que a secretaria xeral se sorprendese de que se lles dixese, dende a xudicatura, que a organización do traballo correspondía á dirección. ¡Claro que lle corresponde á dirección! E a dirección da Consellería correspóndelle a vostede. Non se deron conta aínda. A dirección do traballo da Inspección e a inspección correspóndelle á subdirección, á secretaria xeral; e, por último, a responsabilidade é súa, ¡exérzaa!

O sistema —preguntamos— que seguen, de permitir fixar con antelación as datas da visita, ¿permite advertir os centros? Si, permite. Coñecer con antelación as datas das visitas permite advertir os centros. ¿Houbo denuncias de filtracións? Si, houbo denuncias de filtracións. Xunto coas que falaba a señora Ortega, fálase de asociacións e federacións veciñais, fálase tamén de inspeccións, pero non recentemente, en 2019 e en 2020. *(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro mostra uns documentos.)* ¿E que fixeron? Hoxe dinos: estou convencida de que non hai... Pero está convencida, ¿por que? ¿Miraron quen entrou no programa? ¿Miraron se as persoas que manexan o programa falaron con residencias ou incluso con terceiros? Vostede, ao mellor, non entrou no programa, pero si lle comunicaron: mira, mañá van inspeccionar...; e xa chega con iso.

É a primeira vez... Paréceme xuridicamente indignante que se lle pida a unha denunciante: vaia por comisaría e entérese de como son as denuncias. Unha denunciante, para que se tramite a denuncia, non ten que ir coa proba. Imaxine un caso, por exemplo, de violencia de xénero, onde é a palabra dun contra outro. ¿Vostede arquivaríao? Non, non se pode arquivar, hai que investigar. E vostedes non teñen que dirixirse contra os inspectores, non teñen que dirixirse contra os denunciantes, teñen que comprobar se a denuncia ten algo de credibilidade. *(Aplausos.)* E está claro que a ten. *(Aplausos.)* Hai que ir á hemeroteca. Unha leve escolma de hemeroteca achégalle esa conclusión. *(Aplausos.)*

Pero, mire, falaba agora do traballo da Inspección e dos expedientes sancionadores. Si, precisamente —mire, de acordo cos seus datos, cos datos da Consellería—, entre o 2017 e o

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2020 —ambos inclusive; 2020, ano da pandemia— fixéronse 5.376 inspeccións. Os inspectores traballaron: 74 expedientes sancionadores —expedientes sancionadores, que non necesariamente sancións—. De 5.376 inspeccións en catro anos, 74 expedientes sancionadores. Gustaríame dicirlle cantas sancións, pero é unha información que a Consellería transparente non nos facilita. *(Aplausos.)*

E, por certo, un dato máis —o que falaba a compañeira socialista—, non é que a sanción máxima poida ser de 3.001 euros, é que despois teñen bonificacións do 20 por cento. Polo tanto, claro que carecer de ATS, claro que carecer de enfermeiras sae a conta. Claro, por iso na maior parte dos centros residenciais non se cumpren as ratios; algo no que vostedes, por certo, tamén son bastante condescendentes —nesa desculpa—.

Por certo, facía referencia ao deputado e deputada que puidemos ver os expedientes. Si, efectivamente, puidemos ver os expedientes. Voulle simplemente relatar unha circunstancia: entre unha acta de inspección e a incoación do procedemento sancionador por feitos moi graves pasaron seis meses; e casualmente, dentro deses seis meses fíxose a solicitude do BNG de examinar ese expediente. *(Aplausos.)* Pero, ben, seguramente non hai relación causa-efecto. Iso foi a incoación do expediente. Entre a incoación do expediente e a resolución do expediente a esa entidade á que lle abriron un expediente por falta moi grave, —onde había 12 persoas con medidas de subxección non autorizadas, entre outras lindezas—, vostedes adxudicáronlle un contrato de millóns de euros, antes de resolver o expediente. E, ¿que pasaría se resolvesen ese expediente e, efectivamente, o condenasen por infracción moi grave? Pois que estaría en causa de incapacidade para contratar contra a Administración. ¿Vostedes de quen están?, ¿das entidades ou das usuarias? *(Aplausos.)*

Dende logo, os datos obxectivos permiten chegar a unha conclusión: que non valen —por iso llo anticipaba— meras declaracións, medias desideratas. Comprométase coas maiores que viven en residencias e que utilizan os centros de día e comprométase tamén coas traballadoras, que levan reclamando un número adecuado de persoal, un cadro de persoal máis amplo e que levan reclamando unhas condicións de traballo dignas. Este é o momento de, ante esa denuncia, mostrar a súa preocupación e examinar se os feitos denunciados son certos; non é o momento de perseguir o denunciante.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Iago Tabarés.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Eu penso que ou non nos entendemos ou non nos escoitou a señora conselleira, porque isto é o mundo ao revés. Ou sexa, vén vostede aquí dicirnos que temos un pésimo concepto dos servizos sociais de Galicia, cando é vostede a que vén aquí, a esta tribuna, chamar mentirei-

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ros aos inspectores, que son os técnicos de Inspección da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* ¿En serio? Vimos defender a honorabilidade das palabras, das denuncias, desta denuncia, que a están directamente sinalando a vostede os seus funcionarios de carreira —si, os inspectores da Xunta de Galicia— e vostede vén aquí dicirnos que nós somos os que imos ir en contra dos inspectores, cando vostede está chamándolles mentireiros. ¡É que o mundo ao revés! Vostede, se de verdade defendese os intereses dos traballadores da Xunta de Galicia, e nomeadamente da súa Consellería de Política Social, o que tiña que facer é inmediatamente pedir unha comisión de investigación neste Parlamento para render conta ante os galegos e galegas —é que vostede, ademais, está obrigada—. E, ademais, ¿vaime dicir vostede que cando un policía di que alguén comete unha infracción ou di —ou o que todo o mundo dicimos, porque ten que ser así— que algo vai á misa, porque ten presunción de veracidade, quere dicir que cando os inspectores din que vostedes filtran as datas da inspección non a teñen? ¿Vaime dicir iso, señora conselleira?

Vamos ver, hai unha cuestión que eu penso —e repito— que é a proba do algodón, e é sinxela. Se vostede ten claro e está tan segura de que está na razón, hoxe mesmo ten que anunciar —agora mesmo— unha solicitude dunha comisión de investigación para poder esclarecer os feitos de ambas as partes, diante da cidadanía, sen trampas nin cartón. É sinxelo. Vostede di que é imposible que se filtren as datas e a hora das inspeccións, e sabe que está mentindo, señora conselleira; sabe que é mentira. Vostede sábeo perfectamente. Vostede di que os inspectores son os únicos que coñecen as datas e o listado de centros a inspeccionar, cando hai persoal tamén de libre designación, que, evidentemente, é designado politicamente pola súa consellería. Son funcionarios de carreira tamén os inspectores, e vostede está chamándolles mentireiros, aquí, diante da tribuna do Parlamento de Galicia. Son funcionarios de carreira tamén os inspectores de Servizos Sociais da súa consellería e vostedes está chamándolles mentireiros.

Pero, ademais, é que non vale vir aquí e dicir que é mentira. Iso non vale, señora conselleira. Non pode vir aquí vostede como representante máxima das políticas sociais de Galicia, cruzarse de brazos e dicir que todo é mentira. Porque a presunción de veracidade administrativa que ostentan, analoxicamente falando, neste caso, os inspectores, os funcionarios da inspección, é ademais o que lle garante a imparcialidade e a obxectividade, e iso pódese destruír mediante probas, señora conselleira, e vostede en ningún caso está aportando esas probas. Se vostede inicia unha comisión de investigación... *(Murmurios.)* Se non inicia a comisión de investigación, é que non quere que se fale do asunto. En tal caso, o presidente da Xunta deberá ser quen de facelo de inmediato por vostede.

Por isto mesmo, señora conselleira, non serve intentar tapar a súa mala xestión cesando directores xerais, como cesou nos últimos anos, que tan só na área de maiores e discapacidade xa levamos —se non me equivoco, e, se non, corríxame— 3 directores en catro anos. E con todo o respecto, ¡despois do que vivimos na pandemia nas residencias de maiores! Se a denuncia do Corpo de Inspección de Maiores é verdade, estamos ante un asunto totalmente gravísimo. Dende a Xunta de Galicia pídennos que tomemos a palabra cando leva... *(A señora Ortega Otero mostra unha fotografía da conselleira de Política Social e Xuventude, García Martínez.)* Esta é unha foto de hoxe mesmo da señora conselleira na televisión pública galega, de hoxe mesmo, e di: un novo modelo de coidados que permitirá levar as residencias galegas á van-

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

garda. ¡Leva tres anos anunciando o novo modelo de residencias! *(Aplausos.)* ¡Pero que credibilidade ten vostede, señora conselleira! Por iso mesmo non serve intentar tapar a súa mala xestión cesando directores xerais nin vir aquí simplemente cruzarse de brazos e dicir que todo é mentira, como se fosen dous veciños que pasaban pola rúa. É o Corpo de Inspección de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.

Con todos os respectos, señora conselleira, despois do que vivimos na pandemia nas residencias, con todo o respecto que lles temos que ter ás persoas, ás traballadoras das residencias, aos funcionarios que traballan no ámbito dos servizos sociais, se a denuncia do Corpo de Inspección —esta que teño aquí presente— *(A señora Ortega Otero mostra un documento.)*, que se titula: «A conselleira Fabiola García obstaculiza a eficacia nas inspeccións das residencias de maiores.» é certa, señora conselleira, en nome dos dereitos fundamentais das persoas maiores, vostede non pode seguir nin un minuto máis no posto que ocupa agora mesmo. Polo tanto, a carga da proba agora mesmo está no seu tellado. Abran unha comisión de investigación xa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Para o peche da interpelación, a conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, nun Estado de dereito o que acusa é o que ten a carga da proba. *(Aplausos.)* ¡O que acusa é o que ten a carga da proba! É dicir, é el quen ten que demostrar os feitos que denuncia, non é o acusado o que ten que demostrar a súa inocencia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Perdón! Perdoe un momento.

Vamos ver, señor Arangüena, vostede non está no debate e vostede está interrompendo constantemente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Pero non me dea a min explicacións! Vostede non está no debate. Vostede o que parece que quere é que eu o expulse. Está vostede provocándome para iso, pero ten que ser vostede medianamente sensato e respectar a quen está no uso da palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero ela non... ¡Perdoe! Vostedes teñen outros mecanismos. Quen está defendendo este asunto é a señora Ortega, e aquí está defendendo a conselleira de Política Social. Polo tanto, non se meta vostede nun asunto que non é seu, porque está interrompendo vostede. Non me dea explicacións a min, tamén hai servizos xurídicos na Cámara. Non me dea a min explicacións, que non as necesito. *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Pero que vostede non está niso! Se vostede quere que o volva chamar á orde, que lle faga unha segunda chamada e termine expulsándoo... Non me provoque... *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Non provoque, non provoque... *(O*

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) Non provoque, non provoque vostede. *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Arangüena, chámoo á orde por segunda vez e advírtoo de que con outra chamada teño que expulsalo. Que lle quede claro: con outra chamada teño que expulsalo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, é que estou respectando a quen está no uso da tribuna. ¡Silencio! Ten dúas chamadas, señor Arangüena. Perdón, só o aviso, ten dúas; á terceira teño que expulsalo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Siga vostede, que eu o farei.

Continúe conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señorías, parece que neste caso vostedes se empeñan en inverter os termos e en que sexan os acusados, nun documento sen probas, os que teñen que defenderse. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero a realidade é que non hai feitos que sustenten tal acusación e, se non hai probas, insisto, é porque nunca aconteceu.

Miren, loxicamente, un centro que aínda non abriu as súas portas e que solicita o permiso de apertura sabe que en breves datas vai recibir unha visita da Inspección. Un centro que recibe unha folla de reclamacións, que é remitida de forma inmediata á Inspección dos Servizos Sociais, sabe que en breve recibirá unha visita da Inspección. Un centro sobre o que se acumulan queixas, sobre o que se acumulan protestas dos usuarios ou das súas familias, pode intuír que nalgún momento vai recibir unha visita da Inspección dos Servizos Sociais. E, ¿saben por que? Porque todas as reclamacións e todas as denuncias que chegan á Consellería se investigan; absolutamente todas, señores deputados. *(Aplausos.)*

Pero todo isto que lle acabo de contar nin se chama filtración nin se chama aviso previo, é o procedemento que se segue sempre. Se hai unha denuncia, actúase de forma inmediata. É tanta a rapidez de reacción como o é a confidencialidade do programa de inspeccións, que ten o mesmo obxectivo: garantir o dereito de todas as persoas usuarias dos centros de servizos sociais.

Señor Tabarés, vostede mente. É falso o que vostede hoxe dixo nesta tribuna, representando unha parte do pobo galego, como vostedes din. *(Murmurios.)* A Consellería de Política Social e Xuventude nunca recibiu nin unha soa denuncia por filtración de centros de servizos sociais. É falso o que vostede dixo nesta tribuna, e aínda que veña aquí e repita a mentira mil veces esa mentira non se vai xamais converter en verdade, ¡nunca! *(Aplausos.)*

Miren, señorías, a prioridade da Consellería de Política Social e Xuventude é continuar velando sempre polos dereitos e o benestar de todas as persoas usuarias dos distintos centros de servizos sociais de Galicia, e en especial das persoas maiores e dos máis pequenos. E para detectar e perseguir esa minoría de casos nos que non se actúa como é debido a Xunta de Galicia conta co equipo de Inspección de Servizos Sociais, conta cun plan de inspección, conta con expedientes e conta con sancións, señor Caballero. Este sistema funciona, e fun-

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ciona, precisamente por iso; como lles dicía, no que levamos de ano houbo xa un milleiro de inspeccións. Polo tanto, non podemos deixar que se intente desprestixiar ou que se intente poñer en dúbida un servizo público necesario e un servizo público fundamental para garantir os dereitos dos usuarios e tamén das familias.

E para rematar, señora Ortega, vostede, que tanto fala dos funcionarios da Inspección, dígolle que son funcionarios de carreira os que están acusando, pero que tamén son funcionarios de carreira os que están dicindo que iso é falso, e eses tamén son funcionarios de carreira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* Polo tanto, un respecto aos servizos sociais e un respecto a todos os funcionarios de carreira da Xunta de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Conselleiro de Sanidade.

¡Silencio! Estamos aínda en pleno, aínda que non haxa neste momento actividade. Tampouco é bo que andemos con intercambios. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón. Non, non, eu só vexo as cousas e advirto.

(Pausa.)

Comunícanme que está chegando o conselleiro, que tivo un incidente... Non sabemos.

Bueno, continuamos coas interpelacións. Neste caso, coa de dona María Montserrat Prado Cores, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Interpelación de Dª María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da asistencia sanitaria na atención primaria

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Non sei se o conselleiro necesita... Agardo que todo estea ben.

Bueno, pois bo día.

Antes de iniciarse o verán, señor conselleiro, interpelabámolo aquí, no Parlamento, para preguntarlle polas medidas que ía poñer en marcha para evitar que un ano máis os problemas se multiplicasen ao longo do país, mais vostede optou por poñer todo o afán en dar a imaxe de normalidade, en actuar como se nada e en crear o relato de que todo estaba baixo control. Pero a realidade é que foron moitos os centros de saúde con graves ausencias de profesionais; PACs con quendas enteiras sen profesionais e con outras con menos equipos dos que correspondería; zonas de gran afluencia de visitantes sen ningún tipo de reforzo e que con menos profesionais tiveron que atender máis persoal; recursos insuficientes; ambulancias insuficientes...

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mais de novo o verán fixo saltar todas as alarmas, fixo saltar o nivel de preocupación, porque eses déficits na sanidade pública están cronificados e no verán o único que fan é multiplicarse. Unha preocupación que, dende logo, no BNG cremos que é máis que xustificada, porque o Partido Popular desde a Xunta de Galiza converteu un dos bens máis prezados que temos, que é a saúde, nunha carreira de obstáculos para doentes e tamén para os profesionais.

O Partido Popular leva catorce anos aplicando con toda crueza as políticas neoliberais, puras e duras: recortar na sanidade, precarizar a sanidade e actuar decididamente para favorecer a sanidade pública. O que fixo o Partido Popular é provocar inquedanza, incerteza e vulnerabilidade nas persoas diante da enfermidade. E a sanidade pública é unha conquista do conxunto da poboación, e teño que deixarlle claro que non imos permitir que a sigan estragando, porque ter unha sanidade pública de calidade nos iguala diante da enfermidade, e a enfermidade non pode estar en función da carteira que teña cadaquén, como cada vez está acontecendo.

E de todo isto que lle vou dicir voulle poñer exemplos, porque vostede dirá aquí que veño alarmar, que veño poñer algún caso solto; non, voulle poñer algún exemplo de casos concretos que están pasando polo país. Voulle poñer o exemplo de Marín, con días de ata 6 médicos menos —de 14—, sen substituír, con esperas de dúas semanas para ter unha cita, co PAC cun só médico —lémbrolle que Marín ten máis de 20.000 habitantes—. Tamén está o exemplo de Cangas, onde as Urxencias quedaron moitos días con 2 ou 1 médico, a pesar de aumentar a poboación, con sobrecarga no servizo de ambulancias —insuficiente en todo O Morrazo, que llo levamos dicindo e que vostede non toma medidas—, o que fai que os profesionais hai varios días tivesen que saír en taxi para atender emerxencias sen os equipos necesarios e, polo tanto, sen poder prestar o auxilio preciso. Podemos falar de Moaña, que seguen reclamando ter Urxencias alí e que levan 93 domingos consecutivos mobilizándose, reclamando a recuperación das Urxencias. Podemos falar do PAC de Bueu, que estivo días enteiros sen ningún profesional, sen ningún médico no PAC. Podemos falar do consultorio de Ponte Sampaio, onde está a poboación mobilizada porque non substitúen o único profesional, onde ás veces teñen un ou dous días á semana facultativo e temen que diante da xubilación deste vaian quedar sen ningún. Podemos falar de Chantada, con 2 médicos para 8.000 persoas. Podemos falar de Corrubedo, onde seguen manifestándose, reclamando ter o médico a tempo completo, non soamente algún día solto. Podemos falar de Santa Comba, onde estiveron todo un mes sen pediatría. Podemos falar dos concellos do Condado, onde só se atenden urxencias e onde estes, señor conselleiro, *(A señora Prado Cores mostra un cartel.)* son os carteis que están colocados polos concellos, en centros de saúde como o de Salvaterra: «Quedan anuladas todas as consultas, só atendemos urxencias». E levan case dous meses así, ¡case dous meses así! É un exemplo máis. Podemos falar da Mezquita, onde denuncian caos e desatención. Podemos falar de Forcarei, onde teñen só pediatra un día á semana... Estes son algúns exemplos. Asegúrolle que lle podería poñer moitos máis que se producen dunha parte a outra do país.

E podemos falar da situación dos PAC, deses PAC que nunha inmensa maioría están sen os equipos completos, ou nos que onde tiña que haber tres hai dous ou hai un, onde tiña que haber dous hai un, e onde sistematicamente non teñen profesionais. Voulle ler unha parte dunha carta que os profesionais do PAC de Vigo enviaron, fixeron pública. Din que os pro-

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fesionais deste PAC son entre 13 e 15, mais que son insuficientes e que desde hai moitos anos se se lles exixe un esforzo laboral extraordinario durante o verán. «A nosa posibilidade de desfrutar de días de vacacións está limitado a 15 días por profesional, e obrígasenos a recuperar parte facendo quendas no período estival. Sempre colaboramos, a pesar das dificultades de conciliación destas medidas. A novidade deste ano é que nin isto foi suficiente. Ademais destes esforzos, a situación deste ano consistiu en infradotar o servizo de maneira sistemática durante aproximadamente noventa horas en xullo, noventa e cinco en agosto e trinta e seis no que vai de setembro. O PAC traballou con menos persoal médico do que ten asignado habitualmente, chegando a faltar 2 facultativos por quenda». Fai toda unha serie de consideracións, que non podo agora lerlle completas, pero di: «A asistencia estivo garantida grazas ao esforzo dos profesionais, que nos teñen utilizado como dique e parapeto, e cando fixemos o imposible por manter o servizo funcionando. Pero o PAC de Vigo non pode prestar unha asistencia adecuada con persoal insuficiente e extenuado». Esta é unha carta dos profesionais do PAC de Vigo, pero seguramente poderían mandarlla profesionais doutros moitos PAC ao longo do país, señor conselleiro.

Podemos falar das Urxencias ao límite, das Urxencias hospitalarias ao límite, porque se a poboación non acada resposta no seu centro de saúde, ¿que fai? Acudir aos servizos de Urxencias, ben sexa aos PAC, infradotados e, polo tanto, sen capacidade de resolver, ou aos hospitais, que tamén están ao límite; póñolles como exemplo o Álvaro Cunqueiro: máis de 13.000 urxencias no mes de agosto, 438 por día. ¡Xa me dirá!... Si, son moitas, pero con poucos profesionais; non son moitas con moitos profesionais. Fixeron algún reforzo, pero vostede sabe que é insuficiente.

Podemos falar das listas de espera nos hospitais: 215.000 agardando por unha primeira consulta, 46.000 agardando por unha intervención cirúrxica, 250.000 por algunha proba diagnóstica. E iso vese tamén en realidades concretas, señor conselleiro. Mire, denuncian o atraso de catro meses contra o criterio médico para unha cita dun paciente diagnosticado por párkinson; leva agardando meses. Mire, outro doente tamén, na Mariña, denuncia que ten 4 *bypass* e 2 *stents* e que leva catro anos insistindo para que lle faga unha revisión un cardiólogo. Dous exemplos, pero vostede sabe que son miles no país os que responden a esta realidade.

Podemos falar das ambulancias. O recente informe do Consello de Contas di claramente que non se logra que a asistencia dos recursos se realice en condicións de equidade adaptadas ás características do territorio, que son insuficientes os recursos, que chegan tarde e que están fóra de isócronas. E, ¿cal é a realidade? A realidade é, por exemplo, o que pasou este verán na comarca do Salnés e que se repite sistematicamente: que sete persoas perderon a vida sen que a ambulancia chegase a tempo. Igual chegando, non lle salvaban a vida, pero non tiveron a oportunidade. Non tiveron a oportunidade, señor conselleiro. ¿Que di un medio de comunicación?: «¿Fatalidade ou falta de medios?». *(A señora Prado Cores mostra un documento.)*

Cando a veciña de Guillán sufriu un infarto, non había ambulancias libres no Salnés, entre outras cousas porque vostede quitou a ambulancia do Hospital do Salnés e a levou para Sanxenxo. *(Aplausos.)* Co cal, os tempos de resposta multiplícanse e poñen en risco a poboación.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿E cal é o resultado de todo isto, señor conselleiro? Profesionais desmotivados, desanimados, exhaustos, resistindo —os que poden—; profesionais fartos de que teñan convertido en norma as intersubstitucións, as prolongacións de xornada, e fartos de contratos precarios.

Eu a primeira pregunta que lle quero facer é se realmente considera que ter convertido en norma as intersubstitucións, a prolongación de xornada ou que fagan horas e horas, aínda que lles paguen, é a solución para a sanidade pública. Gustaríame que me dixese cal é a dimensión da sobrecarga que están soportando os profesionais. ¿Cantas horas están traballando de máis os profesionais? ¿Cantos doentes están atendendo diariamente? ¿Cantos profesionais están realizando aumento de xornada? ¿Que tipo de aumento de xornada? ¿Cal é o número medio de doentes que están atendendo?

¿E cales son as consecuencias para a poboación, señor conselleiro? Porque, mire, cando unha persoa non consegue cita para que lle resolvan o seu problema de saúde, ben sexa en atención primaria ou en hospitalaria, ¿que opcións ten?, ¿agardar a que a doenza cure soa —que, desgraciadamente, iso non acontece—?, ¿acudir aos servizos de Urxencias ou acudir á sanidade privada? ¿E vostede cre que cando un galego ou unha galega ten como opcións estas tres alternativas se lle está prestando unha atención sanitaria de calidade? ¿Estanse atendendo os seus problemas de saúde? ¿Estanlles dando resposta e non están poñendo en xogo a vida e a saúde dos galegos e das galegas? *(Aplausos.)* Gustaríame que me dese resposta.

Porque mire, diante desta situación, ¿que fai vostede, señor conselleiro?, ¿sacar dun souto para meter no outro?, ¿ou desvestir un santo para vestir outro? Entón, cando hai presión nun lado, o que fai é quitar un profesional dun lado e mandalo para outro. Cando hai presións ou mobilizacións nun lado, o que fai é mandalos para outro. Cando non hai pediatra nun centro de saúde, despraza os nenos a quilómetros a outros concellos, ou fai que un profesional que pasaba toda a semana nun sitio pase a pasar uns días nun e outros días noutro. ¿Que fai diante desta situación, señor conselleiro? Poñerlle alfombra vermella á sanidade privada. Vostede, en vez de primar os profesionais que se volcan coa sanidade pública, o que fai é atender as demandas da sanidade privada, que demanda máis profesionais; e en vez de primar e pagar a exclusividade —que xa o di, exclusividade— só dos que se volcan na pública, o que fai é pagárllela tamén aos que teñen privada e pública; é dicir, aos que van facer máis horas; co cal, non van estar en boas condicións...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ¿Que fai vostede? Destinar 1 millón de euros ao mes para pagar eses profesionais para a sanidade privada. Señor conselleiro, esas son as medidas que vostede ten.

Eu a outra pregunta que lle quero facer é: ¿en que beneficia a sanidade pública que vostede destine 1 millón de euros das arcas públicas dos orzamentos dos galegos e das galegas a pagarlles profesionais á sanidade privada? Gustaríame que, na súa intervención, señor conselleiro, non botase balóns fóra e dese algunha explicación do que está acontecendo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas señora Prado.

Para responder, ten a palabra o señor conselleiro, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

En primeiro lugar, quixera aproveitar a miña primeira intervención no Parlamento de Galicia, despois do verán, para agradecer unha vez máis —porque así o levamos feito en todas as intervencións no mes de xullo e en agosto, pero, insisto, quero agradecelo aquí, en sede parlamentaria— o traballo dos profesionais do Servizo Galego de Saúde, que, mesmo nun contexto de déficit de profesionais en toda España e en toda Europa, conseguiron un verán máis compatibilizar o exercicio dos seus dereitos a desfrutar das vacacións coa garantía dunha prestación sanitaria de calidade no conxunto de Galicia. *(Aplausos.)*

Foi unha vez máis un verán cun alto nivel de actividade, e os datos de máis de dous millóns de consultas no mes de xullo e de dous millóns de consultas no mes de agosto en atención primaria creo que así o avalan —non sei onde está esa sanidade esnaquizada da que fala a súa señoría—: dous millóns de consultas —como dicía—, máis de 150.000 atencións ao mes nos puntos de atención continuada, nos PAC, e un incremento do 8 por cento, cunha situación estable na atención ordinaria; é dicir, os pacientes poden ir á atención ordinaria, e non van máis ao PAC porque non haxa sitio na atención ordinaria, señora deputada.

Tamén quero destacar o alto nivel de resolución desa atención primaria e tamén desa atención hospitalaria, como corresponde a un servizo sanitario público como é o Sergas. E, por dar algún dato, neste mes caótico que acabamos de escoitar, no mes de agosto, por exemplo, en primaria fixéronse 850 cirurxías maiores, máis de 2.000 citoloxías, máis de 21.000 electros, máis de 1.000 espirometrías, máis de 1.000 retinografías —no mes de agosto en atención primaria— ou máis de 190.000 extraccións. Esa é a sanidade e a atención primaria esnaquizada da que acaba de falar vostede.

A responsabilidade dos profesionais e dos equipos directivos —que tamén son un papel importante neste aspecto— permitiu planificar as quendas de vacacións, que garantiron esa continuidade asistencial. Quero recordar que aproximadamente o 33 por cento dos profesionais colle vacacións en xullo e en agosto e que as incidencias —que, evidentemente, si que as houbo, non as negamos— están asociadas fundamentalmente a aqueles casos onde, sobre a planificación que tiñamos, apareceu unha baixa ou unha ausencia imprevista, que supoño que a señora deputada saberá que, nesta situación en que estamos, de falta de profesionais, pois non é doado substituílos.

Creo que a percepción global é que estas situacións e esas incidencias foron escasas, e relacionadas —como dicía— con período vacacional. É unha apreciación que manifestan de xeito directo os profesionais e tamén a cidadanía, pero que tamén manifesta de xeito indirecto a oposición, porque esta é a primeira vez dende que eu son concelleiro que non se pide unha convocatoria da Deputación Permanente durante o verán por este asunto. O ano pasado tivo

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que recorrerse a unha situación lamentable en Sanxenxo para poder sacar un pouco de baza neste sentido; este ano, nin iso. Supoño que sería por temas da axenda política, evidentemente. Durante todo o verán ao BNG interesoulle seguramente máis falar doutras cousas; pero á volta da actividade parlamentaria tiran de clásicos, recompilan todos os seus mantras tradicionais, etc.

Non fai falta que me diga os concellos onde hai problemas; basicamente onde goberna o Bloque temos ese tipo de situacións, esas pancartas que tanto lle gustan a vostede. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* En Marín tamén, si. Como digo, bueno, son argumentos absolutamente inasequibles ao desalento e que chegan a resultar esperpénticos por como chocan unha e outra vez coa teimuda realidade.

Dicía vostede que non quería alarmar. Bueno, imputar directamente sete falecementos ás ambulancias é algo máis que alarmar; eu diría que toca outro aspecto.

Este Servizo Galego de Saúde que levamos catorce anos desmontando e que nos veráns é crítico conseguiu ter os mellores resultados a nivel nacional na pandemia, por exemplo; ou ter por catro veces consecutivas a mellor campaña de vacinación a nivel do Estado. E ¿como pode ser que despois de recortar tanto na sanidade pública este goberno aprobase o maior orzamento da historia para a sanidade pública galega? Case 5.000 millóns de euros, máis dun 30 por cento máis que cando gobernaban vostedes. ¿Como pode ser que, despois de favorecer tantísimo a sanidade privada —como acabamos de escoitar aquí novamente— a porcentaxe da poboación en Galicia que ten un seguro privado sexa do 16,6 —entre as seis máis baixas de España— e cando gobernaban vostedes fose do 17,1, sendo das máis altas, das seis máis altas? ¿Como pode ser que despois de privatizar tantísimo o sistema sanitario público o Consello de Contas certifique que o gasto do Sergas en concertos na privada no 2021 foi do 4,6 por cento, cando o gasto real cando gobernaban vostedes era de máis do 6 por cento?

En definitiva, señora deputada, ¿como pode ser que con estes datos sexa capaz de soster vostede ese «queremos esnaquizar o sistema, a sanidade pública, canto antes para facilitarlle o negocio á sanidade privada»?, que acaba de dicir vostede. ¿Acaso o quería facer tamén o seu goberno, cando estaban nel, e quería axudar a sanidade privada? Porque os datos —como digo— eran bastante peores.

Eu xa sei que lles desgusta que lles lembremos o que facía o seu goberno, porque din que xa pasou moito tempo; pero dígolle unha cousa: os orzamentos daquel goberno votábaos e aplaudíaos a mesma deputada que hoxe lidera o BNG, e vostede era alto cargo naquel goberno. *(Aplausos.)* Co cal, case peor nolo poñen; porque en todos estes anos aínda non foron capaces de conseguir coherencia entre o que facían cando gobernaban vostedes e o que fan agora dende a oposición. O que si lle podo dicir é o que estamos facendo nós para fortalecer e potenciar a sanidade pública galega e, en especial, a atención primaria. Porque, como vostede ben sabe, se nestes anos nos encargamos de reformar algún ámbito da sanidade, foi precisamente o da atención primaria.

Fala vostede da situación de recursos humanos neste nivel asistencial, das malas condicións dos profesionais e de que chegan exhaustos e con sobrecarga. Mire, na sanidade pública ga-

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lega hai 5.000 profesionais máis que cando vostedes gobernaban —¡5.000!—. Iso é como se abrísemos neste período 20 hospitais comarcais; a 250 profesionais por hospital comarcal, 20 centros comarcais máis abertos neste período. Pero, mire, segundo a Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública —que entendo que é a fonte de información máis fiable para vostede e os seus asesores—, a nosa comunidade é a segunda que ten menos profesionais de medicina de familia que superen as 1.500 tarxetas sanitarias, ¡a segunda! Se imos ao informe do Ministerio —que tamén lle queda cerca—, en Galicia hai 116 médicos de atención primaria por 100.000 habitantes; a media do Estado español é de 87. Podemos falar do País Vasco —ese remanso de sanidade pública sobrefinanciada—, que ten 84 médicos de familia por 100.000 habitantes; ou de Cataluña —por tocar un tema así de actualidade—, que ten 85. Eses son os datos de médicos de familia nestas comunidades autónomas e na media de España. ¿De que sobrecarga me fala vostede? Gustaríanos ter moitos máis, claro que si, pero, dende logo, os médicos en Galicia non están nesa situación de sobrecarga da que vostede me fala.

Isto é indicativo —como dicía— de que o cadro de facultativos do Sergas está ben dimensionado; o problema, señorías do BNG, é que non podemos cubrir as baixas —ese é o problema— nin as xubilacións, porque as listas de contratación están a cero, absolutamente a cero, porque todos os profesionais de medicina de familia que temos dispoñibles en Galicia xa teñen un contrato de traballo na nosa comunidade. Esta é unha realidade que eu digo sempre: tráiame vostede o nome dun médico en paro e contrátoo ao día seguinte.

A curto prazo tamén estamos traballando e ofrecendo as mellores condicións posibles para cubrir esas prazas de difícil cobertura, poñendo incentivos para que os médicos demoren a súa xubilación e para prorrogar, neste caso, a súa xornada, ou para asumir pacientes doutro cupo. E recordo como defendemos a xubilación activa, que hoxe mesmo está en vigor.

A longo prazo tamén estamos traballando para reforzar as mellores ofertas MIR da historia de Galicia, e tamén con ese Estatuto do Titor, para fomentar a formación. Por iso demandamos insistentemente ao Goberno central que modifique os requisitos do acceso ao MIR e nos permita formar máis médicos de familia. E por iso pedimos ampliar a idade de xubilación, neste caso ata o 72 anos, exactamente igual que no ámbito da xustiza. Teño que recordar neste punto que o BNG no Congreso dos Deputados votou en contra da ampliación de prazas MIR. Pediamos 1.000 médicos de familia máis durante catro anos e curiosamente o Bloque votou en contra —xa explicará por que—.

E mentres o Ministerio e o Bloque seguen de brazos cruzados, ¿que fai este goberno? Pois actuar, poñer en marcha medidas, primeiro, de xeito unánime coa Mesa Sectorial; duplicamos os conceptos retributivos vencellados ao illamento e á difícil cobertura, multiplicámolos por dous; incrementamos o prezo da intersubstitución —esa da que vostede tamén fala, que estamos propiciando, pois claro que si, e ademais economicamente mellorámola—; tamén igualamos as retribucións de xornada entre a atención primaria e a atención hospitalaria; ou habilitamos ese sistema de repartición de pacientes. Estamos ofrecendo contratos de tres anos aos residentes que rematan e, dende logo, estamos abrindo a posibilidade de que os médicos que teñen máis problemas de atención ao seu cupo poidan facer autoprolongación,

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

algo que nunca se fixera ata o de agora. En definitiva —insisto—, acordos unánimes como, por exemplo, mellorar o prezo das horas de garda aos médicos de PAC —e a todos, en xeral, incluídos os MIR—, ou pagar a turnicidade en atención primaria para as quendas de tarde e deslizantes; ou, por exemplo, reducir a xornada anual en 112 horas. Todo isto —como digo— no marco do aumento da carreira profesional: 13.500 profesionais cun presuposto de 20 millóns de euros que se engadiron. Ou ese acordo por unanimidade tamén na Mesa Sectorial para os traballos temporais: máis de 16.000 profesionais incorporáronse, cun presuposto de 14 millóns de euros, á carreira profesional, como dicía.

En definitiva, traballo de consenso e unanimidade cos sindicatos para mellorar esas condicións nun contorno —como diciamos antes— de escaseza de profesionais. O que temos que facer é coidar os que temos; e aquí —insisto— con unanimidade e con consenso estamos a traballar niso.

O que si temos que dicir...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Por rematar, o último dato. Fala vostede de precariedade na atención primaria, e un dato que dicimos ultimamente é que o 83 por cento dos médicos de familia que traballa en atención primaria ten praza en propiedade. Iso creo que non é precariedade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rolda de réplica.

Ten novamente a palabra dona Monserrat Prado Cores, por un tempo de cinco minutos.

A señora PRADO CORES: A verdade é que está moi ben que lles agradeza aos profesionais o esforzo feito, pero estaría moitísimo mellor que solucionase os seus problemas e que puxese recursos e profesionais para que traballasen en condicións. *(Aplausos.)* Os aplausos e os agradecementos están fantásticos, pero vostede ten a obriga de resolverlles os problemas, e non o está facendo.

Mire, a min paréceme tremendo —e dígollo así, con toda franqueza— que a sanidade pública, por moito que vostede intente dicir o contrario, estea nunha deterioración continua, denunciada polos profesionais, pola poboación, polo Consello de Contas e polo CES. Non queda ninguén por dicirlle que as cousas non van ben. E vostede, máximo responsable da sanidade pública, que veña aquí co piloto automático, totalmente relaxado e repetindo exactamente os mesmos argumentos... Só lle falta coller un paquete de pipocas de millo e poñerse comodamente a comelas. Si, así llo digo, con toda a franqueza. Porque vostede non pode negar continuamente a realidade, non pode negar a realidade que sofren os galegos e as galegas e que sofren os profesionais.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vénme vostede dicir aquí que soamente hai problemas onde goberna o BNG. Pero ¿está de broma?. ¿de verdade? En Marín, en Chantada, en Salvaterra, nas Neves, en Pontearéas, en Cerdedo-Cotobade, en Monforte, en Forcarei...; é dicir, ¿de que me está falando? Púxenlle algúns exemplos, pero vostede coñece que esta é a situación de todo o país.

E, claro, eu fíxenlle unha serie de preguntas, conselleiro, que isto é unha interpelación. Nós aquí preguntámoslle ao conselleiro para que responda, e non respondeu. Di que non hai sobrecarga asistencial. Entón, ¿por que hai estes carteis por todos os centros de saúde *(A señora Prado Cores mostra un cartel.):* «So se atenden urxencias»? Se non hai sobrecarga asistencial, ¿por que lles permite que non pasen consulta nin atendan a poboación e que soamente pasen urxencias? ¿Por que llelo permite? ¿Por que hai carteis nos centros de saúde dicíndolles aos nenos e nenas que teñen que ir a outro centro de saúde, ou que soamente vén o pediatra unhas horas á semana? ¿Por que lles permite tal cousa se non teñen sobrecarga asistencial? Debería tomar medidas. Non están os profesionais, entón, facendo o seu labor.

Un pouco de seriedade, señor conselleiro. Gustaríame que me respondese: ¿cal é a sobrecarga asistencial?, ¿cantas horas están traballando os profesionais? Porque pagar non soluciona os problemas. Eu non quero que me atenda un profesional que leva traballando nun PAC todas as semanas, de garda; por moito que cobre, non quero que me atenda ese profesional, e non creo que sexa san para ese profesional traballar horas seguidas. Non quero que me atenda un profesional que traballa pola mañá na pública e pola tarde na privada e ao día seguinte igual; non quero que me atenda ese profesional. *(Aplausos.)* Quero que me atenda un que cumpre as súas horas, que traballa as súas horas e que ten tempo para o descanso. Porque esa situación non é boa para os profesionais e non é boa para os doentes que teñen que atender, señor conselleiro.

E vostede debería tomar medidas. Pregunteille en que beneficia a sanidade pública que vostede destine un millón de euros ao mes a pagar profesionais para que traballen na privada, e non me contestou. ¿Por que non contesta esas preguntas, señor conselleiro? ¿Por que non contesta? Son preguntas sinxelas, con respostas que deberían ser sinxelas, e gustaríame que as contestase.

Eu, dende logo, agradeceríalle que non siga negando a realidade, que non veña aquí simplemente a, en vez de dar solucións, desacreditar a quen denunciamos o problema e pedimos solucións, que veña con algunha solución debaixo do brazo, que deixe de mirar para outro lado e que tome medidas. A primeira, información, señor conselleiro. É necesaria a información, luz e taquígrafos, para coñecer a dimensión do problema e logo poder poñer solucións enriba da mesa acordes co problema. Entón, temos que saber cales son os problemas estruturais dunha vez por todas, cales son os profesionais, onde están, que tipo de contratos, que tipo de situacións, cantos fan falta, cantos se van xubilar... ¿Por que se negan a dar esa información, a poñer branco sobre negro para que saibamos cal é a dimensión do problema e que solucións temos que poñer en marcha? Non queren sequera dar información.

E a segunda, señor conselleiro, é que deixe de actuar como comercial da sanidade privada, que é o que leva facendo vostede e os seus predecesores e predecesora, e dunha vez por todas empece a ser o conselleiro da sanidade pública galega. Mire que cousa máis fácil lle pido: que

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

empece a ser conselleiro da sanidade pública galega, que rectifique a súa decisión e que ese millón de euros que cada mes vostede lle regala á sanidade privada para que teña profesionais para atender a súa demanda os destine á sanidade pública, que se centre na sanidade pública, que se centre en darlles resposta aos galegos e ás galegas, que se centre en eliminar listas de espera, que se centre en poñer recursos, que se centre en que a atención primaria sexa realmente un sistema a onde acoden e onde se deberían resolver o 80 por cento dos problemas de saúde da poboación. E, con todo, recibe un orzamento exiguo. Dillo o CES, dillo o Consello de Contas. ¿Quere que lle lea o que di o CES ou ten vostede o informe? Supoño que coñece o informe do CES e do Consello de Contas, que lle din que as listas de espera son preocupantes, que a atención primaria recibe moitos menos orzamento que no 2009. Dillo o CES, non llo di o BNG; dillo o CES. ¿Que lle di o Consello de Contas? Que aumentaron as listas de espera, que aumentou a precariedade, que vostede actúa con opacidade...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...nos recursos públicos e no tipo de contratos que fai.

Entón, escoite eses organismos, que non son do BNG, escoite os profesionais, escoite os galegos e as galegas. E, por favor, dunha vez por todas deixe de ter o piloto automático, de vir aquí co piloto automático, e exerza de conselleiro da sanidade pública galega, que é para o que o votaron os galegos e as galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

Ten novamente a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidenta.

Señorías.

Mire, señora deputada, se eu son o comercial da sanidade privada, ¿que lle podemos dicir á conselleira de Sanidade cando vostede gobernaba? ¡É que...! Insisten, insisten no tema.

Este Goberno do PP é o goberno que menos pacientes deriva á privada dende que vostedes gobernaron. Acabo de darlle o dato. Vostede fala do Consello de Contas. Repase os datos do Consello de Contas e mire vostede a porcentaxe de presuposto que deriva este goberno á privada e o que derivaba vostede. Pero ¿sabe a diferenza? Que eu non o vexo mal, ¡non o vexo mal, señora Prado! Vostede, si, pero vostede veo mal agora; cando votaba eses presupostos, non o vía mal; agora si. *(Aplausos.)*

A sanidade privada é unha sanidade importante, que está aí, e este goberno vai seguir recorrendo a ela en beneficio dos galegos e das galegas; estritamente, señora Prado, A vostede

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

isto debe escocerlle, pero vai seguir sendo así. Entón, ¿comercial da sanidade privada? Si, e vostedes moito máis ca nós, e os datos están aí para avalalo.

Pide vostede datos e pide as xubilacións. Eu non sei como explicarlle por enésima vez a vostede que os profesionais galegos se xubilan cando queren, ¡cando queren! En Galicia fomos a primeira comunidade que liberamos a xubilación obrigatoria aos 65; fomos a última en forzala —é certo— e a primeira en liberala, no ano 2015. Dende o ano 2015 ata agora os profesionais galegos deciden cando se xubilan: aos 66, aos 67, aos 69 e ata os 70. E pedimos que poidan estar —o que queira— ata os 72, cousa á que, por certo, vostede se opón. ¿De acordo? Entón, estamos traballando para que os profesionais poidan estar. Polo tanto, eu non podo dicirlle cando se xubilan porque, ademais, o persoal o decide... Non, non, señora Prado. Eu supoño que é difícil de entender. O persoal decide cando se xubila. Eu sei os que teño aí de aquí a que cumpran 70, pero non sei cando se van xubilar. Non creo que hoxe sexa moi difícil de entender isto, ¿ou si? Ben.

Vostede pregunta cantas vacantes temos. Moi doado, Vostede votou en contra dunha norma para cubrir 106 prazas vacantes de difícil cobertura. Pois aí ten a resposta. Vostede votou en contra de que as 106 prazas que tiñamos vacantes se cubrisen. Afortunadamente, o seu grupo non é o maioritario, e este grupo votou a favor , e eses 206 médicos están traballando, a pesar de vostedes. *(Aplausos.)* Concellos como o de Moaña —que vostede fala de Moaña—, concellos como o de Ponteareas teñen un médico, a pesar do seu voto en contra. Iso é o que facemos.

Vostede fala de que veño aquí co piloto automático. Mire, este Parlamento é o primeiro que autoriza e aproba unha lei para incorporar médicos por concurso de méritos en prazas de difícil cobertura, iso si —insisto— co seu voto en contra. Entón, ¿iso é piloto automático? ¡Para vostede o será!

Di que non resolvemos os problemas. Acabo de dicirlle —e direillo as veces que faga falta— que todos os acordos por unanimidade que temos na Mesa Sectorial cos profesionais que están alí —que eles si que saben o problema da falta de especialistas, e vostede tamén sabe o problema, e saben todo o que temos que facer, pero a vostede iso dálle igual—... Di: ¿que solucións hai? Dígame vostede, cando votou en contra de aumentar en mil o número de residentes de Familia Comunitaria en todo o Estado, en que estaba pensando. ¿Que solucións propoñía vostede? Dicía: non, iso non vai comigo, era no Parlamento; era o Bloque no Parlamento. Vostede votou en contra de aumentar o número de MIR, que é a solución. A solución é que os que están estean o maior tempo posible con nós e que estean ben e que entren máis. Non hai outra solución, señora Prado. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, pois, cando lle toque, a ver que vota, entón, vostede. Insisto, nós imos seguir traballando por ter máis médicos e por planificar.

Efectivamente, vostede fala dun caso. Fálame de Salceda, Dea o dato de Salceda. En Salceda, había 2 médicos de vacacións —o programado—, e puxéronse 2 médicos de baixa. ¿Que facemos se de repente faltan catro médicos? Pois limitarnos á atención urxente, porque iso ocorreu por dúas baixas sobrevidas. *(Murmurios.)* Non, a culpa das baixas tamén é nosa... Seguro que é nosa; si, seguro.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cangas: «É unha aberración que un médico saia do PAC e colla un taxi». ¡Que pouco sabe de primaria! En todos os PAC temos un taxi contratado para cando o médico ten que saír a facer un domicilio. ¿Que novidade é esa? *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Que accidente de tráfico? Non, non, caeu unha cornixa, señora Prado. En Cangas caeu unha cornixa, a ambulancia estaba facendo un traslado e o que se fixo foi traer un taxi, como se fai en todos os PAC de Galicia. ¿Ou vostede iso non o sabe? *(Aplausos.)* En todos os centros de saúde temos conveniado un servizo de taxi para levar os médicos e enfermeiras aos domicilios e para atender no PAC. ¿Que novidade é esa? *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Non, si, si...!

Moaña. En Moaña levamos non sei cantas manifestacións..., que, bueno, vexo que vostede está moi ao día das manifestacións que se fan en Moaña, ¿Por que non lle pregunta á alcaldesa por que tardou dous anos en darnos o terreo para facer o novo centro de saúde? *(Murmurios.)* ¡Dous anos! ¡E agora, claro, éntrannos as présas e estamos xustificando o inxustificable! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Despois fala vostede dese millón ao mes. Primeiro, non sei de onde saca vostede iso dun millón ao mes. Non sei de onde o saca, fará as súas contas. Ao mellor, era de cando estaba no Goberno, e era o calculo que tiña vostede do que facía na privada.

Mire, temos un problema de especialistas, é evidente que temos problemas de especialistas, e algúns dos especialistas deixan a pública e van á privada, efectivamente. Son poucos, pero algúns fano. Non queremos que o fagan, señora Prado. ¿É tan difícil de entender? Imos buscar solucións para que non deixen a pública e traballen na pública, pero se logo queren traballar na privada... Mentres fagan ben o seu traballo na pública, eu non teño ningún problema de que un traballador noso traballe na privada. De feito, hai 600 profesionais nosos que traballan na pública pola mañá e pola tarde traballan na privada, pero tamén o facían con vostedes. ¿Ou isto é novo, o de compatibilizar as dúas cousas? O que queremos é: como hai poucos —a pesar de que vostede vota en contra no Parlamento para que haxa máis—, queremos poñer medidas para que poidan traballar con nós. ¿Que problema é ese? Despois, se un médico da pública se vai á privada porque o penalizamos, dirá vostede que en Salceda faltan dous médicos. ¡Vamos ver!, ou se está coa nai ou coa filla; coas dúas á vez non se pode estar, señora Prado.

En definitiva, nós imos seguir traballando por poñer medidas, o Bloque seguirá alarmando, botándolle a culpa dos falecementos a que non hai ambulancias e botándolle a culpa a todo o mundo. É un problema, efectivamente, importante a falta de especialistas, pero loitamos para que haxa máis; evidentemente, loitamos para...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...que queden con nós. E, como digo, o Bloque seguirá ano tras ano dicindo que dous millóns de consultas en atención primaria este ano é unha sanidade pública esnaquizada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa sesión plenaria, neste caso co punto 7, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de Dª María Begoña Freire Vázquez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as vías articuladas polo Goberno galego para ampliar o parque de vivenda pública e protexida en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra dona María Begoña Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidenta.

Bo día, señora conselleira.

A Xunta de Galicia leva moitos anos traballando en políticas de vivenda dirixidas a dar resposta ás necesidades que teñen os galegos e as galegas á hora de acceder a un fogar. Na consecución dese obxectivo puxéronse en marcha todas as iniciativas posibles, que, a partir do ano 2021, se enmarcaron no Pacto social pola vivenda de Galicia; un pacto impulsado polo Goberno galego que naceu do consenso e da implicación do sector e dos consumidores, todos representados no Observatorio de Vivenda de Galicia.

Como dicía, puxéronse en marcha un amplo abano de liñas e axudas para apoiar as familias galegas no acceso á vivenda: axudas para a adquisición de vivenda e para a rehabilitación; avais públicos aos mozos e mozas galegos para a adquisición da súa primeira vivenda; axudas ao alugueiro, ao alugueiro en xeral, ao alugueiro mozo e o Bono Alugueiro Social, cubrindo o cen por cento da renda; e vivendas de promoción pública, entre outros. Sen dúbida, traballouse coa vista posta en apoiar as persoas e as familias na consecución dunha vivenda digna, especialmente apoiar os que máis dificultades teñen, as persoas mozas e as persoas máis vulnerables. Nun contexto socioeconómico como o actual, no que a vivenda constitúe unha das principais inquedanzas dos cidadáns, o Goberno galego continúa a reforzar a súa aposta polo desenvolvemento de inmobles de promoción pública para a súa posta á disposición en réxime de alugueiro a prezos accesibles.

Nesa liña o Consello da Xunta aprobou este ano a liña estratéxica para o desenvolvemento de vivenda de promoción pública e impulso da vivenda protexida nos vindeiros catro anos, estratexia deseñada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que vostede dirixe, co fin, entre outros, de incrementar o parque público residencial de Galicia nun 50 por cento. Esta política de traballo constante contrasta coa política levada a cabo polo Goberno de Sánchez; en cinco anos de goberno non mostrou o máis mínimo interese nin preocupación polos problemas da vivenda dos cidadáns, todo foron falsas promesas e atrancos, atrasando incluso a posta en marcha do Plan estatal de vivenda e a transferencia dos fondos, tanto estatais como europeos, ás comunidades autónomas. Iso si, o señor Sánchez non tivo o máis mínimo pudor para aprobar *in extremis*, antes da celebración das eleccións municipais do 28-M, a Lei estatal de vivenda, grazas ao pacto do Goberno con Esquerra Republicana de Cataluña e Bildu, ese partido político que levaba nas súas listas electorais corenta e catro etarras.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non imos preguntarlle pola lei estatal, xa o fixemos e xa coñecemos a opinión do Goberno galego, queremos preguntarlle o respecto desa estratexia para o desenvolvemento de vivenda de promoción pública e impulso da vivenda protexida e cales son as vías articuladas polo Goberno galego para ampliar o parque de vivenda pública e protexida en Galicia.

De momento, máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlles resposta, ten a palabra a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

Señora Freire, un dos grandes cometidos do Goberno galego é cumprir uns obxectivos, obxectivos que están marcados a través dunha estratexia, a estratexia que facemos pública e da cal é partícipe a sociedade. Falar de vivenda non pode ser só que parta dunha liña sen que antes haxa un consenso.

Polo tanto, preocúpanos, preocúpanos a situación e, ante esa preocupación, ao final o que hai é un traballo, un traballo que se traduce en números e eses números ao final é orzamento, pero tamén son familias.

Vimos desenvolvendo unha política activa, e nesa política activa ao final o resultado son 714 millóns de euros, que recibiron xa máis de 140.000 familias galegas, tanto para facilitarlles o acceso a unha vivenda como para rehabilitar vivendas, e polo tanto que haxa maior calidade de vida.

4.640 vivendas de promoción pública mobilizadas e 80,5 millóns de euros para a promoción e urbanización de solo público residencial, destinado a 4.283 vivendas protexidas.

A isto temos que sumar 360 millóns de euros, que lles aforramos aos galegos e ás galegas grazas ás desgravacións e medidas fiscais que viñemos aplicando ao longo destes anos.

Un dos pasos fundamentais, sen dúbida, foi a creación do Pacto social pola vivenda, que obtivo o respaldo do Observatorio da Vivenda, e que vén ser a base das nosas políticas; políticas que non son anuncios antes dunhas eleccións, senón que é traballo continuado no tempo. E para iso, no mes de marzo aprobabamos a Estratexia de vivenda pública e protexida, cun investimento de 247,6 millóns de euros, e que fixa como grandes retos de aquí ao ano 2026 reforzar nun 50 por cento o actual parque público de vivenda residencial, ata superar as 5.600 vivendas en réxime de alugueiro.

Pero tamén impulsar a construción en solo público doutras 3.000 vivendas por parte de promotores públicos, e iso estámolo facendo agora mesmo, se ben é certo que virá da man dun

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grande esforzo con obra nova en construción. Falamos de 959 vivendas que xa estamos promovendo agora mesmo, que xa están en licitación, os seus proxectos e incluso tamén as súas obras, e outras 260 impulsadas por promotores privados e por concellos. E de aí pois as grandes axudas que demos tanto ao Concello da Coruña como ao Concello de Vigo, para instalos a que eles mesmos tamén constrúan vivenda pública.

Así mesmo, apostamos pola rehabilitación e polo Proxecto Rexurbe. Foi creado no ano 2017, o obxectivo eran 157 vivendas, e aquí eu si que teño que poñer en valor o esforzo que están facendo certos partidos políticos, e poño como exemplo Ourense. No caso de Ourense adquiriramos 29 inmobles, en catro anos obtivemos unha soa licenza municipal. Nada máis entrar o novo Goberno, xa obtivemos 2 licenzas municipais, xa comezaron as obras e esta mesma semana outras 3 licenzas municipais; polo tanto…,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): …son xa 5 inmobles que estamos rehabilitando no concello de Ferrol, que é o traballo que temos que facer os políticos para ao final pois chegar aos nosos obxectivos.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Para réplica, por tempo de dous minutos, ten novamente a palabra dona María Begoña Freire.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidenta.

Grazas, señora conselleira, pola súa resposta e por explicar eses novos obxectivos da Estratexia de vivenda pública e protexida, que, como sinalou, suporá un investimento de case 250 millóns de euros e que permitirá a Galicia dispoñer de máis de 5.600 vivendas públicas no 2026.

Referiu datos, recursos e proxectos concretos, con investimentos cuantificados, que dan fe do inxente traballo realizado e dos novos compromisos asumidos para facilitar o acceso á vivenda.

Dende logo, esperemos que a Lei estatal de vivenda, aprobada polo Goberno de Sánchez, Esquerra e Bildu, non bote por terra o traballo desenvolvido, porque xa o seu anuncio recibiu a contestación en contra e unánime de todos os expertos e do sector da vivenda, e xa se advertiu dos efectos nefastos e dos problemas que ía xerar, como xa pasou con outros textos impulsados polo Goberno central.

E, aproveitando esta oportunidade, señora conselleira, e como vostede dicía, que todos os textos e as normas que aproba o Goberno galego son froito do consenso, da discusión e do debate co

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sector, queriamos preguntarlle se nos pode facer unhas pinceladas dese decreto que modifica as normas de habitabilidade de Galicia, que foi aprobado polo Goberno galego o pasado xoves no Consello da Xunta de Galicia; decreto que, a diferenza da Lei estatal de vivenda, é froito do consenso e contou cun amplo respaldo do sector. O texto de reforma foi analizado e debatido no seo do Observatorio de Vivenda de Galicia e tamén no Comité Asesor de Habitabilidade.

Tense informado que, coas modificacións, se busca superar requisitos estritos e obsoletos á hora de rehabilitar ou reformar vivendas, que fan inviable moitas veces adecuar as vivendas ás propias demandas e necesidades dos seus usuarios.

E, por outra banda, o novo decreto facilitará e permitirá que, en determinados supostos, baixos comerciais abandonados e sen actividade nas contornas urbanas poidan reconverterse en vivendas, posibilitando así un segundo uso, eliminándose trabas que a día de hoxe non tiñan moito sentido.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, novamente, vicepresidenta.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

A problemática da vivenda ten que analizarse en varios eixos. Por un lado, está a construción de vivenda nova; por outro lado, está a posta en valor do que é o noso patrimonio coas rehabilitacións. Pero tamén hai que lexislar, e lexislar supón chegar a consensos e, sobre todo, ampla participación.

Preocúpannos os prezos dos alugueiros, preocúpanos a escaseza de inmobles dispoñibles, e ese incremento da demanda, e agora mesmo estamos nun momento de parálise, debido pois a esa inseguridade xurídica da nova Lei de vivenda.

Por certo, o Goberno galego, nese ánimo sempre de chegar a consensos, pediu unha bilateral para discutir esa Lei de vivenda, fronte a outras comunidades autónomas, como pode ser a catalá, que xa fixo esa demanda de inconstitucionalidade. Nós empezamos pola bilateral, vai saír publicada o 15 de setembro, e agardemos que impere o sentido común.

E, mentres, efectivamente, fixemos unha modificación das normas de habitabilidade. Trátase dun novo decreto, que vai entrar en vigor a partir do 15 de outubro e que vai supoñer que baixos comerciais que agora mesmo están en desuso, pero tamén entreplantas, entrecháns, que agora non teñen actividade e que supoñen un problema moitas veces para a propia comunidade, tamén para os propietarios e para o resto da poboación, poidan ter unha segunda vida. Iso non quere dicir que perdan o uso comercial, senón que, todo o contrario, sexa compatible o uso residencial.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Foi moi ben acollido polo sector, por todos os sectores, porque foron eles tamén os que o pediron, e polo tanto agora toca unha rolda de contactos para explicalo polo miúdo. Iso si, van ser vivendas sempre de calidade, cuns mínimos preestablecidos, nunca pode haber unha vivenda de menos de 40 metros cadrados, e coa exixencia de protección de vistas, intimidade e ventilación.

Sabemos que temos novos recursos e, polo tanto, as exixencias que tiñamos ata o de agora flexibilizámolas, de maneira que sexan os propios concellos os que fagan a delimitación correspondente, e a partir de aí a Xunta de Galicia, a través da consellería competente, que neste caso é Vivenda, nun máximo de tres meses, terá o informe pertinente para converter eses baixos en vivenda.

Na práctica, os baixos, por exemplo, para os que ata o de agora pediamos unha altura mínima de 3,2 metros, pasan a ter a exixencia de 2,5 metros, e, no caso das entreplantas, 2,4 metros. E dentro do que é a flexibilidade en si, tamén se facilita a delimitación dos tipos de espazos exteriores, aos que se deben abrir as vivendas para ter consideración de vivenda exterior, sen necesidade de que os concellos teñan que acometer unha modificación dun plan xeral, que sempre é moi prolongado no tempo e acaba sendo tedioso, e pódeno facer directamente.

Ademais, no caso concreto de vivendas localizadas en cascos históricos, antes exixiamos que dúas das habitacións principais tiñan que ser salóns dormitorios, eses debían ter saída ao exterior, e a partir de agora a segunda estancia exterior pode ser tamén unha cociña, ¿por que non? O diámetro mínimo establecido para os patios...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...de mazá tamén se cambian, de 0,7 a 0,5.

É dicir, posibilitamos e flexibilizamos de maneira que se poidan poñer no mercado máis vivendas.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Continuamos coa rolda de preguntas.

Pregunta de Dª María Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego da xestión integral da auga

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra, por tres minutos, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señora conselleira, Galicia esmorece. En dez anos perdemos máis de 91.000 habitantes, que é tanto como perder case a totalidade da poboación de Santiago de Compostela, unha sangría demográfica que, coa política de postureo da Xunta de Galicia, nestes catorce anos de Feijóo e de Rueda, non fixo máis que acrecentarse. Vostedes consideran que aprobando leis ou plans estratéxicos, empregando o seu rodillo parlamentario, e con grandes anuncios propagandísticos, abonda para resolver os problemas da nosa comunidade.

Señora Vázquez, a foto pode ser bonita, a mensaxe pode soar ben; o problema é que, cando baixa o telón e se apagan as luces, queda a realidade: un goberno espido e sen proxecto de país.

Vostede forma parte dun goberno que en catorce anos conseguiu o triste resultado de que somos menos, temos peores servizos públicos, carecemos das políticas necesarias para atender ás necesidades da nosa poboación e favorecer o asentamento poboacional, cunha sanidade que está no chasis, unha educación á que non se destinan os recursos suficientes para garantir unha educación pública, universal, gratuíta e de calidade, sen políticas de vivenda nin para a xuventude, e cunha política de afogamento aos concellos.

Os gobernos de Feijóo e de Rueda van ser recordados polo municipalismo galego por conxelar o fondo base do Fondo de Cooperación Local, por incrementar as competencias impropias sen destinar os recursos necesarios e suficientes para poder desenvolvelas, tendo que asumir os concellos a maior parte da prestación do SAF, a maior parte da prestación do mantemento dos centros de educación primaria, asumindo os concellos a maior parte do custo das escolas infantís, ou asumindo o custo da aplicación da Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, unha lei que naceu sen o consenso cos concellos, aprobada só cos votos do Partido Popular, e pola que varios concellos están xa a recibir facturas que comprometen a súa sostibilidade financeira e a súa viabilidade económica, e que, de non solucionarse, será a veciñanza quen asuma este aumento do recibo pola xestión da auga, cando a Xunta de Galicia está recibindo fondos dende o Estado e cuxo investimento non se está acordando cos concellos. Segue a ser por parte de Augas de Galicia unha repartición a dedo dos convenios que fai cos concellos galegos.

Mire, señora conselleira —pode mirar o gráfico que lle presento *(A señora Rodríguez Rumbo mostra un documento.)*—, soamente no ano 2022, de 37 concellos beneficiados, o 78 por cento foron concellos con gobernos do Partido Popular. Pero pódolle ensinar outro *(A señora Rodríguez Rumbo mostra un documento.)*, que é desde 2017 a 2018, en que o mesmo acontece. ¿Parécelle a vostede que esta é a forma de xestionar a favor de todos os concellos galegos e non soamente para os que teñen gobernos do Partido Popular?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Señoría, eu non sei se parte vostede dunha premisa errada, interesada dende o punto de vista dende logo político; sabe que as competencias en materia de auga son dos concellos, exclusiva: Lei de bases de réxime local. Coñece perfectamente a normativa e o seu discurso é demagóxico, terxiversar, omitir; pero, ben, a marca da casa do Partido Socialista xa sabemos que é desvincularse de calquera responsabilidade —eu diría que, en vez de traballar, protestar— para pois evadir as súas propias responsabilidades directas que lle outorgan as competencias por lei.

Nós artellamos e formulamos esa lei para axudar os concellos, porque somos conscientes da problemática que supón xestionar a auga. Teñen as competencias e queremos axudalos cunha ferramenta útil. E unha premisa fundamental: profesionalizar a xestión da auga para facelo ben; se o facemos ben, afórranse cartos, señoría.

É, polo tanto, unha lei para regular, ampliar e estender as axudas que estamos dando —dende o punto de vista non soamente económico senón de equipo humano—, titánicas, aos concellos para axudalos a mellorar a xestión da auga, e ademais en igualdade de condicións a todos, igualitaria *(Murmurios.)* —si, si, señoría, eu vou seguir—, e tamén, por suposto, con carácter voluntario, porque as competencias son municipais.

É inaudito que por ese interese partidista que teñen vostedes veña aquí cuestionar o apoio da Xunta de Galicia, e tamén esa cuestión que sempre trasladan dos recibos, porque a lei non crea novas taxas aos usuarios. E volvo insistir: implanta un modelo voluntario como ferramenta útil de axuda aos concellos, porque con esa teima que tamén trasladan vostedes cos recibos Viveiro sobe o recibo da auga antes da entrada en vigor da lei. ¿Por que sobe Viveiro o recibo da auga? Porque ten as competencias directas. O Concello do Grove —Partido Socialista— sobe o recibo da auga sen esta lei. ¿Por que? Porque ten as competencias directas e son os concellos os que emiten os recibos. O Concello de Vigo incrementouno un 20 por cento, por certo, no ano 2020. Polo tanto, veñen aquí terxiversando a realidade.

Como lle digo, xestionando ben, afórranse cartos; revisen no Partido Socialista as fugas nas redes, revisen que non entre auga pluvial nas redes.

E, señoría, a lei non é tan mala cando coa entrada en vigor da lei o Concello de Muxía —son cinco concellos os que piden xa adherirse ao modelo—, do Partido Socialista —déixollo aquí—, pide acollerse á lei e que lle explotemos as instalacións. E tamén o Concello de Cambados, pois que hai que renovar as depuradoras; o Concello de Cambados tamén pide que lle sigamos explotando a depuradora. Polo tanto, a lei non debe de estar mal cando os concellos do Partido Socialista piden que apliquemos a lei para axudalos a explotar os sistemas de depuración.

Pola miña parte, nada máis.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señora conselleira, vostede non pode actuar como se fora un convidado de pedra, vostede forma parte do Goberno autonómico. E a auga é un dereito, un ben esencial para a cidadanía e para a actividade económica; un ben patrimonial que hai que protexer e defender.

E cando as consecuencias do cambio climático xa son unha realidade e os episodios de seca son cada vez máis habituais, a xestión do ciclo da auga ten que ser un servizo de interese xeral que ten que comprometer todas as administracións públicas e a cidadanía no seu conxunto, garantindo un tratamento seguro, previsible e de calidade, habilitando o conxunto de infraestruturas necesarias, desenvolvendo unha xestión profesionalizada de explotación e de mantemento, informando e sensibilizando a cidadanía e adoptando un consumo responsable por parte de todos —administracións e cidadanía—.

Mire, señora conselleira, na propia Lei de augas de Galicia, de 2010 —que vostede estaba xa como conselleira—, establecíase como unha das súas finalidades garantir as necesidades básicas de uso da auga da poboación, favorecendo o desenvolvemento económico e social e compatibilizándoo coa preservación do bo estado dos ecosistemas acuáticos e terrestres asociados. Van trece anos dende a aprobación desa lei e esta garantía básica segue sen estar cumprida. Polo tanto, tan ben os seus deberes non deben estar feitos.

Señora conselleira, están coa elaboración dos orzamentos, ten agora a oportunidade de mudar e cumprir coas normas que aproban e dar cumprimento ao dereito da cidadanía de auga de calidade. Acaben con esa política do postureo, séntense coa Fegamp e acorden con todos os concellos galegos. A auga é un ben esencial e, polo tanto, vostede non pode estar de costas a esta realidade e de axudar os concellos.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, señoría.

Eu trasládolle ao Partido Socialista da Cámara que tome a xestión da auga en serio en vez de a pitorreo, porque as cuestións que estamos a abordar e me están a trasladar dende logo non as podo compartir. Porque a Xunta é a Administración que máis apoio económico está a prestar aos concellos en materia de xestión da auga, un esforzo económico importantísimo —de equipo técnico e humano tamén—. E, polo tanto, di postureo da Xunta de Galiza. Ese

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

gráfico gustaríame que o trasladara a millóns, porque millóns e millóns e mais millóns en concellos do Partido Socialista é a Xunta de Galicia quen os incorpora. Saneamento en Vilagarcía, 10 millóns de euros en execución, 23 millóns de euros en canto o concello nos mande o papel de Costas —como sempre, Costas—, para sanear 23 millóns de euros no concello de Vilagarcía. Burela —onde gobernan vostedes—, tamén colectores, 5 millóns de euros e depuradora en tramitación. Páseo a millóns de euros, miles e miles de millóns de euros. Foz —onde gobernan vostedes—, millóns de euros tamén para a ampliación da depuradora, en execución. Tamén en Viveiro, 8 millóns de euros. Polo tanto, pídolle que o pase a millóns de euros, porque son millóns e millóns e mais millóns de euros en gobernos socialistas, que pasan olimpicamente doutras cousas, como mirar as redes. *(Aplausos.)*

Eu pregúntome: ¿valora eses miles e miles de millóns de euros que investimos en concellos socialistas para sanear as rías? Pero ¿onde están as deputacións provinciais do Partido Socialista apoiando os concellos en materia da auga? A inacción ¿cualificámola como pasota? E ¿como cualificamos, por exemplo —se o noso é postureo despois deses millóns en Viveiro, eses millóns en Foz, eses millóns en Vilagarcía, eses millóns en Pontedeume, eses millóns e en Burela, etc., etc., etc. —sume os millóns, miles de millóns—, que facemos cando Costas nos nega as autorizacións, nos nega executar esas obras, nos obriga a perder fondos europeos? ¿Cualificamos de inútil Costas, do Partido Socialista? Polo tanto, poden ser pasotas as deputacións do Partido Socialista, pode ser inútil a Dirección Xeral de Costas do Partido Socialista, porque se o noso é postureo despois de incorporar miles e miles de millóns...

Dende logo que creo que a xestión da auga merece máis seriedade e menos pitorreo.

Dende logo eu creo que podemos falar, por exemplo, do Concello de Gondomar. Explotamos a depuradora dende hai moito tempo, dende o ano 2005, 10 millóns de euros para xestionar a depuradora de Gondomar. Quixemos executar un tanque de tormentas para mellorar a súa rede municipal e resulta que nos impide xestionar ese tanque de tormentas, que permitiría reducir todos eses incrementos de auga masiva que entran na depuradora. Porque o problema fundamental é que a auga que non debería entrar na depuradora entra na depuradora, e iso é unha responsabilidade municipal.

E, dende logo, nesa cuestión eu diríalle ao Partido Socialista: menos pitorreo, máis seriedade e menos pitorreo. E déixolle a carta do alcalde de Gondomar para que vexan o que pasa en Gondomar.

Pola miña parte, nada máis.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a exclusión de Galicia, así como do conxunto do itinerario noroeste do corredor atlántico, do órgano xestor encargado de coordinar o transporte ferroviario europeo de mercadorías

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, en Galicia levamos tempo soportando o desprezo e a falta de compromiso do Goberno de Pedro Sánchez en materia de infraestruturas, de infraestruturas en xeral e de infraestruturas ferroviarias moi en particular. O mellor exemplo témolo co que está a acontecer co corredor atlántico; falo desta infraestrutura estratéxica, chamada a mover as nosas mercadorías e conectar por ferrocarril co resto de España e de Europa.

Recentemente, coñeciamos que toda a zona noroeste quedaba fóra, é dicir, quedaba excluída da repartición de fondos da Unión Europea, e que Galicia non aparecía entre os beneficiarios deses cartos para financiar as obras, porque o Goberno de España non o pediu —repito o de non o pediu—. Despois, soubemos que Galicia tamén quedaba excluída do órgano xestor das mercadorías no corredor atlántico.

E, por se isto non fora suficiente, agora ademais temos que aguantar que o comisario designado a dedo por Pedro Sánchez veña mentirnos á nosa cara. Temos que aguantar un novo desprezo con Galicia, como é escoitar que o Executivo de Sánchez xa está traballando nas obras deste corredor —¡ten *bemoles*!—. Iso si, foi incapaz de poñer un exemplo de obra na nosa comunidade, sinxelamente porque non existe.

O Goberno de Sánchez tivo cinco anos para facer, e non fixo nada; por non facer, non foi capaz de designar un comisionado encargado de executar o plan director e só o nomeou como reacción o día en que as comunidades do Noroeste decidimos formar unha fronte común para reclamar o que nos corresponde. Agora tamén sabemos que o comisionado do corredor atlántico estivo onte en Galicia pero que segue sen querer reunirse co Goberno galego. Non quere falar coa Xunta dun asunto prioritario para a nosa comunidade, nunha mostra de evidente desprezo institucional e de claro desplante.

Señora conselleira, vaime permitir vostede co do comisionado que diga un dito que se di moito en Galicia: teño orde de pensar que nós somos parvos e este señor debe pensar que lle encaixaría moi ben isto de «mexan por nós e hai que dicir que chove».

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

O certo é que créanme que non atopo adxectivos cualificativos para identificar e valorar as declaracións non soamente do comisionado senón do secretario xeral de Infraestruturas do Ministerio de Transportes do Goberno de España. No día de onte aquí en Galicia constatamos

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a falta de implicación e a falta de compromiso nunha infraestrutura, dende logo, estratéxica, que é o corredor atlántico noroeste —que hai que engadir noroeste, que moitas veces cando falan do corredor atlántico estannos falando de millóns pero que van para o sur e nós estamos no Noroeste—, e sorprende, por suposto, esa desidia do Goberno central de abordar asuntos importantes para Galicia, que levamos demandando dende hai moito tempo e que nos impiden estar e acudir a esas xuntanzas a pesar de telo pedido.

En materia ferroviaria vemos que as cuestións pendentes son moitísimas. Están pendentes os trens AVRIL, están pendentes eses novos convois do FEVE, que cando cheguen nos gustaría que polo menos poidan entrar polos túneles. E tamén servizos incluso, que se recortaron previamente á pandemia, que seguen sen recuperarse, e tamén as estacións intermodais.

Polo tanto, hai moitos asuntos pendentes. Tamén o corredor atlántico noroeste segue pendente, e nós queremos que se cumpran os anuncios que se fan na prensa por parte do Goberno de España, que se cumpran os compromisos. E resulta imposible de xustificar a xuntanza de onte cando constatamos que non hai avance ningún, é todo falta de avances, ningunha novidade, e a pesar de que Galicia ten cinco portos de interese xeral, temos unha posición periférica privilexiada, a fachada atlántica, e temos sectores produtivos punteiros.

Xogámonos moito no corredor ferroviario, dende o punto de vista económico, dende o punto de vista competitivo, e, polo tanto, é malo cando acoden a Galicia despois de oito meses sen ningún avance nin concreción.

Mutismo tamén do Goberno de España cando vimos noticias como que o Noroeste peninsular queda fóra do órgano xestor e, polo tanto, mutismo; é un duro golpe. Ningún avance tampouco, que tamén é inaudito, no Plan director do corredor atlántico, que leva cinco anos de atraso; no ano 2019 díxosenos que había un plan director; debe ser un plan director fantasma. E, polo tanto, non casan os números, non casa a información que nos trasladaron hoxe, vemos inacción.

Descoñecemos as actuacións ferroviarias, non sabemos que se concretou onte na saída sur de Vigo. Non sabemos en absoluto se se concretou algo na liña ferroviaria de Ferrol nin na liña ferroviaria como o corredor a Lugo. Cremos que foron actuacións dende logo ausentes. E temos identificados os investimentos, 8.000 millóns de euros, necesarios para a modernización ferroviaria en Galicia, e a día de hoxe pois non sabemos nada.

Pola miña parte, nada máis.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora conselleira, o desplante do comisario do corredor atlántico é un suma e segue. De nada serve facer unha fronte común no ámbito empresarial e no ámbito político para reclamar que se avance nese proxecto estratéxico se unha e outra vez nos atopamos coa falta de vontade da implicación do Executivo de Pedro Sánchez, por non falar directamente de boicot aos intereses do Noroeste peninsular e de Galicia máis en particular.

Todo o que está acontecendo coas infraestruturas galegas de titularidade estatal é incomprensible, pero, sobre todo, señora conselleira, é inaceptable. Non chegan os trens AVRIL; non modernizan as redes de ferrocarril; paralizan as obras das autovías, como aconteceu na A-54, Lugo-Santiago; deixan sen mantemento as estradas nacionais e convértenas nunhas vías cheas de fochancas; e seguimos coa principal conexión a Galicia, por Pedrafita, pechada á circulación.

Todo o que ten que ver coas infraestruturas galegas dálle alerxia a Pedro Sánchez. E despois hai quen non acaba de entender por que os galegos lles dan as costas aos partidos, neste caso nas urnas, ao Partido Socialista e tamén aos seus socios compracentes, os nacionalistas galegos.

A pregunta é moi sinxela: ¿que sentido ten ter un comisionado do corredor atlántico se dá as costas a Galicia?, con ou sen axuda.

Sabemos, señora conselleira, que vostede seguirá defendendo os intereses de Galicia, estamos seguros, e o Goberno de Galicia tamén, conxuntamente, na primeira persoa do seu presidente.

Este señor —repito— debe pensar que somos parvos os galegos.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría, o certo é que non me deixa de sorprender o ocupado da axenda do comisionado, porque, se un comisionado do corredor atlántico non quere falar do corredor atlántico e desvía este asunto aos seus superiores, pois ¿que sentido ten a existencia deste comisionado?, que non quere abordar coa Xunta de Galicia o corredor atlántico noroeste, a pesar de ser unha petición reiterada abordar con xuntanzas específicas as infraestruturas e o propio plan, que é necesario, do corredor atlántico de mercadorías.

Polo tanto, nós preguntamos que sentido ten a existencia dese comisionado, que nos parecía pois unha boa nova cando foi nomeado, e intentar poder dialogar e conseguir avances. E o

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

certo é que, despois do seu nomeamento, ningunha das expectativas que buscabamos se alcanzou, e, polo tanto, é unha decepción absoluta, porque o contido do corredor atlántico noroeste a día de hoxe é un contido dende logo baleiro.

A decisión do nomeamento do comisionado pareceunos acertada, aínda que chegara tarde, cinco anos despois do nomeamento do comisionado do corredor mediterráneo. Celebramos con satisfacción ese nomeamento, pero a alegría durou moi pouco, porque oito meses despois do seu nomeamento non atopa un oco para xuntarse coa Xunta de Galicia, non nos traslada información directa, non hai avances nin na xestión nin nese plan director pois fantasma do corredor atlántico noroeste, non aposta polo diálogo, e o certo é que vemos que está totalmente ausente.

Non entendemos tampouco por que se negou o comisario a que puideramos acudir á xuntanza no día de onte coa Confederación de Empresarios e con eses argumentos diría que un pouco peregrinos. E, dende logo, enténdese moito menos que non estean tampouco nin convidados os representantes dos portos nesa xuntanza no día de onte. Resultou dende logo chamativo que os representantes dos portos, das autoridades portuarias, dos portos de interese xeral en Galicia, non estivesen nesa xuntanza, porque os portos son actores principais para o corredor atlántico noroeste e son fundamentais e estratéxicos para esta infraestrutura.

Polo tanto, é lamentable tamén a non convocatoria dos representantes dos portos, lamentable a inacción, porque nin presentou proxectos do Noroeste á convocatoria de fondos europeos. Non coñecemos dende logo avances nese plan director nin prazos nin investimentos, e nós seguiremos insistindo en que é necesario un plan director, concreción e investimentos.

Pola miña parte, nada máis.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de Dª Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dotación docente e de unidades que necesita o CPI Castro Baxoi, de Miño, para manter unha oferta educativa de calidade

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidente.

Señor conselleiro, voulle facer unha pregunta moi concreta como máximo responsábel da educación galega pero tamén como docente e como pai: ¿vostede pensa que vinte e un nenos e nenas de 3 anos, moitos deles aínda con 2 anos, que se incorporan agora á escola por primeira vez, co correspondente período de adaptación, reciben unha mellor educación estando todos agrupados nunha aula e cun único docente ou desdobrados en dous grupos con dous docentes e cunha profesora de apoio que axude sobre todo o alumnado con necesidades de atención educativa?

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As nais e os pais do CPI Castro Baxoi, de Miño, o profesorado, o consello escolar e a corporación municipal en pleno e de forma unánime, e desde logo esta deputada tamén, como profesora do ensino público galego e como nai, pensamos que a resposta correcta é a segunda.

A Consellería de Educación tamén o consideraba así ata este curso, respectando o desdobre de dous grupos en 4º de educación infantil con cadansúa profesora e, a maiores, unha profesora de apoio. Mais non sabemos cales son as razóns pedagóxicas que o levaron a suprimir esta opción e agrupar a totalidade do alumnado de 4º de infantil —insisto— nun único grupo.

Esta decisión, a maiores, ten outra consecuencia sobre o centro, e é que as cinco aulas de educación infantil, que ata este curso eran seis, van dispor só dunha única profesora de apoio en vez de dúas; unha profesora de apoio para un total, de momento provisional, de oitenta e tres alumnos, dos que varios, como vostede ben debe de saber, necesitan unha atención educativa moi específica, e precisamente ademais neste nivel, en 4º de educación infantil, onde se suprime unha aula e dúas profesoras.

Non quero tampouco deixar pasar por alto —e vostede debe de sabelo— a tipoloxía de alumnado que recibe este centro, procedente do Centro Fogar María Inmaculada, de Bañobre, que merece unha atención tamén de calidade.

Pregúntolle, polo tanto, se pensa que está garantida unha educación de calidade desde a igualdade, desde a equidade e desde a diversidade no CPI Castro Baxoi, de Miño, este curso. Pregúntolle se pensa que a consellería está facendo un bo uso, unha xestión responsábel dos recursos públicos.

Agradézolle a claridade da súa resposta, como lla van agradecer os membros da comunidade educativa que hoxe nos acompañan aquí. E, sobre todo, solicítolle que non nos enrede cos números que habitualmente adoita vostede empregar nin xogos de ratios falsas nin moito menos esa demografía descendente coa que sempre pretenden xustificalo todo. Xa llo vou adiantar eu: Miño é un concello que presenta un crecemento demográfico continuado, é un concello cunha expectativa de medre tamén continuado, especialmente por toda esa zona da urbanización de Costa Miño. E ademais tamén este centro ao longo de todo o curso...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...presenta incorporacións de matrícula procedente da inmigración.

Polo tanto, señor conselleiro, ¿vai reverter esta decisión de suprimir unha unidade... *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)*

(Aplausos.)
O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señora Queixas.

Grazas.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Queixas, agradezo o seu ton, pero non sei se cometeu un erro deliberado ou non, porque di que se utilizan datos falsos ou que non use datos demográficos. Obviamente, nun sistema como o educativo, se non usamos datos demográficos, é non entender nada. Unha administración —vostede dixo— responsable ten que xestionar uns abondosos recursos humanos e materiais e ten que adecuar nunha dinámica viva, nun mapa educativo vivo, os recursos ás necesidades educativas.

E iso non é unha cuestión netamente política, iso é unha cuestión basicamente técnica, que se basea nos informes de inspección, onde non existen arbitrariedades e onde hai uns marcos fixados neste caso por unha lexislación que é a lexislación da LOMLOE, que vostedes apoiaron no ámbito estatal e na que sabe perfectamente que os ratios de infantil son vinte e cinco alumnos. Vostede está aquí cuestionando que haxa unha aula de vinte alumnos.

E, obviamente, non quere que citemos os datos demográficos. Este colexio, pese a ser un colexio importante —ten un número significativo de estudantes—, perde alumnos en infantil, por desgraza, debido a unha dinámica demográfica coñecida por todos, e que é unha problemática que —queirámolo ou non— a temos encima da mesa e non podemos non mirar para ela ou mirar para outro lado. Non lle vou dar o dato do conxunto de Galicia, para que vostede diga: non, é que fala de Galicia, non fala deste caso concreto. Neste caso concreto hai quince alumnos menos en infantil e trinta e tres alumnos menos respecto a hai dous anos.

E, efectivamente, vostede di que o ano pasado había seis aulas en infantil, e é certo, e este ano hai cinco, e é certo. E voulle dar os datos concretos para que obviamente poidamos chegar a un mínimo común denominador da interpretación e saber cal é realmente a súa petición ou cal é a base da súa petición, tendo en conta que os ratios marcados por unha lexislación aprobada polo Partido Socialista e todos os seus socios no ámbito do Goberno de España marcan vinte e cinco.

Pois verá vostede, en 4º hai unha aula, con vinte alumnos; en 5º hai dúas aulas, con catorce e quince alumnos, é dicir, con vinte e nove neste nivel. Pasamos dos vinte e cinco, dúas aulas. En 6º temos trinta e catro alumnos, en dúas aulas de dezasete cada unha. Obviamente, o que non se pode pretender é que, se estamos bastante por debaixo do que é o ratio que se fixa na normativa, que dalgún xeito fixa o que é a organización interna, neste caso da educación infantil, que vostede me diga aquí que hai que ter dúas aulas; pois paréceme ben o que diga. Eu entendo que, cando se toma unha decisión deste tipo, onde non existe arbitrariedade, hai que ter en conta, por unha parte, a situación demográfica de cara á aula —se non, isto sería unha situación absolutamente arbitraria— e tamén as necesidades educativas especiais.

Por iso, podemos atoparnos con aulas con vinte alumnos que teñen desdobres, se existe esa necesidade, e con outras onde os técnicos entenden que non a hai, como neste caso.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Realmente, esta é a situación, son os datos e é a realidade.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, conselleiro.

Réplica, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidente.

Señor conselleiro, eu pregunteille por razóns pedagóxicas e vostede non me deu ningunha razón pedagóxica, só me falou de follas de Excel e de ratios máximas, non mínimas. Polo tanto, non poderá haber un grupo con máis de vinte e cinco, pero si que pode haber con vinte e un, como son os que están matriculados este ano. Iso é o que vostede non acaba de resolver.

Non engane a poboación de Miño. Vostede podería perfectamente manter estes dous desdobres, igual que o curso pasado e todos os anteriores. Non o fixo porque non quixo. O que si quixo, desde logo, foi mentir deliberadamente á poboación e ás familias de Miño e ao profesorado, porque vostede o 25 de maio —casualmente as eleccións municipais foron o 28 de maio— fixo unha visita, claramente electoral, a Miño, onde dixo literalmente, porque así é o que di a súa nota de prensa: «Dende a pandemia e co censo de poboación crecente, é moi necesario intervir educativamente en Miño. ¿Como? Convertendo o CPI nun CEIP, porque fai falta, e ademais prometendo a construción dun IES, para frear o éxodo dos nosos xoves a outros concellos».

¿Que vai pasar ao longo deste curso en canto agora se vaia incrementando a matrícula e ao mellor se chegue aos vinte e cinco ou se pase os vinte e cinco? ¿Que vai facer a consellería? ¿Derivalos xa aos outros concellos limítrofes, aos outros centros dos outros concellos e empezar o período de liquidación de saldos e rebaixas do CPI Castro Baxoi, de Miño? ¿Iso é o que vai facer?

Vostede empregou este centro e esta comunidade educativa, simplemente, como unha papeleta electoral, *(Aplausos.)* mentiu deliberadamente á sociedade de Miño, e iso é o que vostede fixo, e hoxe están aquí para pedirlle explicacións, iso é o que están agardando. Está sacrificando a calidade, a excelencia que ata este momento había no CPI Castro Baxoi, de Miño, e esa é a resposta que hoxe aquí vostede lle ten que dar á comunidade educativa, que está agardando por vostede.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Ben, a verdade é que son malos tempos cando hai que explicar o evidente. E por suposto que me ratifico naquelas palabras, que son reais e que teñen que ver co conxunto do concello.

Pero vostede aquí está collendo unha parte e facendo un todo, e vostede non me pode negar que o ano pasado en 4º de infantil había vinte e catro alumnos e as condicións pedagóxicas —que tanto cita vostede— e os informes pedagóxicos de inspección —que tanto cita vostede— recomendaban ter dúas aulas. Este ano, como hai unha crise demográfica —que a vostedes lles é absolutamente igual—, e só hai vinte alumnos, pois hai unha aula de vinte alumnos, como hai en moitísimos centros educativos de Galicia.

Vostede o que pretende é que haxa dez alumnos nunha aula e dez alumnos noutra aula, e practicamente despreza o traballo daqueles profesionais que dan aulas, e moitos profesionais dan clase en aulas de vinte alumnos, e fano creo que facendo o mellor que o saben facer, e por certo tendo magníficos resultados educativos, como vostede sabe que existen en Galicia.

En todo caso, vostede aquí o que está defendendo é que non se lles faga caso aos informes de inspección, aos informes dos profesionais de inspección, e vostede está defendendo que se faga un uso polo menos non rigoroso dos recursos públicos, porque —insisto—, aínda que vostede fala de follas Excel, entenderá que para xestionar un servizo público non se xestiona con alegrías ou con bolboretas, xestiónase con rigor e xestiónase, iso si, cuns marcos e uns criterios que permitan non tomar decisións arbitrarias e que permitan ter un marco de igualdade entre os alumnos. *(Aplausos.)*

Vostede entende que neste caso concreto pois imos ter dúas aulas de dez alumnos, e está moi ben; por desgraza, hai moitas aulas con dez alumnos, por desgraza moitas, pero o que non ten sentido é que vostede defenda un desdobre cando estamos bastante por debaixo das medias do que é o tope, que fixan neste caso as follas Excel.

E falando de profesorado e de involucración, vostede tamén debería saber que os catálogos de profesorado son follas Excel, que fixo e aprobou por certo o Goberno bipartito en época de bonanza económica e en época de bonanza demográfica. Estamos por riba dos catálogos que fixeron vostedes, un profesor por riba, e hai aínda máis un reforzo dun PT de acción preferente.

Todos os informes nos din que existen os recursos pedagóxicos humanos necesarios para dar unha ensinanza de calidade neste centro, e noutros. Agora, se vostede entende, e o reafirma, que non pode haber unha aula de 4º de infantil de vinte alumnos e que van estar mal atendidos, eu dígolle a vostede que fale cos profesionais, coas mestras e cos mestres que dan aulas con vinte alumnos, e que lles diga vostede que fan mal o seu traballo.

Moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Diego Lourenzo Moura e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa situación que se produce tras a xubilación da facultativa que atendía no consultorio de Albarellos, no concello de Monterrei

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor LOURENZO MOURA: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día, señor conselleiro.

Son reiteradas as ocasións nas que este grupo parlamentario ten traído a este parlamento a situación de falta de profesionais na nosa sanidade pública, o que supón enormes prexuízos para o conxunto das galegas e dos galegos.

Pois ben, nesta liña o pasado mes de xuño a médica titular do consultorio de Albarellos, capitalidade do concello de Monterrei, xubilouse. Cómpre recordar que o concello de Monterrei está gobernado polo Partido Popular con maioría absoluta. Concretamente, o seu último día de traballo foi o día 21 de xuño, chegou o día 22 e non apareceu ninguén para cubrir esta vacante. Cuestión de trámites, pensou a veciñanza, pero despois do 22 veu o 23, o 24 e así consecutivamente, e non chegaba ninguén.

O día 28 apareceu un profesional, e xa a veciñanza respirou tranquila, pensando que aquilo estaba resolto, pero ese profesional só estivo un día máis. Durante os meses de xullo e agosto o consultorio de Albarellos non tivo médico e toda a poboación foi derivada ao centro de saúde de Vilaza, co enorme prexuízo que isto supón para o conxunto da veciñanza, non só para quen ten a atención sanitaria en Albarellos senón para o resto, debido á sobresaturación do centro de Vilaza.

Sorprende, ademais, señor conselleiro, este caso particular, porque a médica titular do consultorio de Albarellos tiña prolongado a súa xubilación tres anos, tres anos, señor conselleiro. Ou falta de previsión e nula capacidade de xestión ou intencionalidade clara de abrir camiño ao peche do consultorio de Albarellos. *(Aplausos.)*

Sorprende tamén que, despois da presentación desta iniciativa por parte do BNG, o pasado 5 de setembro pois cóbrese esta vacante; iso si, cóbrese esta vacante só algúns días á semana e cunha profesional que ten a súa praza no PAC de Verín e que nas súas libranzas pois pasa consulta en Albarellos; totalmente insuficiente.

Señor conselleiro, como vostede sabe, a comarca de Verín ten sido exemplo de loita a favor da sanidade pública e contra os recortes do Partido Popular. Temos exemplos claros; o «Verín non se pecha» ¿sóalle? Tamén a loita da pediatría, ou a loita tamén dos veciños de Albarellos cando vostedes intentaron non reabrirlle o centro no ano 2020.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pois ben, ante esta situación e sabendo que a xente non vai estar parada, ¿que pensa facer a súa consellería co consultorio de Albarellos?

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Lourenzo, en primeiro lugar comentar un par de matices do que poñía vostede na súa pregunta escrita. Fala vostede dunha eiva, de que o consultorio de Albarellos non ten PSX. Ben, teño que dicirlle que os consultorios en Ourense non teñen PSX.

Por outra banda, di vostede, acaba de dicir agora que no 2020 houbo un intento por parte do Sergas de non reabrir o consultorio. E moito menos un erro dicir que a reapertura foi grazas ás presións veciñais con esas mobilizacións diarias.

Non sei se recorda que alá polo ano 2020 tivemos un virus que se chamaba covid, que nos obrigou a pechar aqueles consultorios que non tiñan garantida a atención aos pacientes con patoloxía respiratoria. E, dende logo, unha vez que se deron esas condicións, o consultorio abriuse, cousa que non tería sentido non facer despois de ter feito nel unha reforma no ano 2019.

E, en terceiro lugar, efectivamente, en xuño deste ano, non hai dous meses aínda, xubilouse ese médico. Antes explicaba que os médicos deciden cando se xubilan. Efectivamente, levaba tres anos pero podería estar dous máis, é o médico quen decide cando se xubila, como dicía antes. E, efectivamente, como tamén dixen, estamos atravesando un problema de déficit de médicos de familia e temos dificultade para cubrir as IT, casos que xa comentamos antes, e tamén as xubilacións.

Mentres tanto, para garantir a atención sanitaria deste centro, procedeuse, non o 5 de setembro, señor deputado, senón xa dende antes, a cubrir esa vacante mediante as ferramentas que temos nestes momentos, todas elas voluntarias e retribuídas. Neste caso, efectivamente un médico do PAC de Verín fixo prolongación de xornada neste centro, e tamén do mesmo xeito a médico de Vilaza asumiu en prolongación de xornada coa mesma figura esas necesidades asistenciais dos pacientes de Albarellos, xa foran presenciais, telefónicas ou domiciliarias ou urxentes.

Tamén hai que mencionar que o consultorio vostede dicía que permaneceu aberto durante todo este período, prestando sempre e de xeito continuado a actividade de enfermería; de feito, atendéronse 541 actos entre xullo e agosto, é dicir, case 14 actuacións diarias nese consultorio.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Respecto da atención médica, dicir efectivamente que os veciños que acudían ao consultorio de Albarellos tiveron que desprazarse algúns días ao centro de saúde de Vilaza, cando non había ese substituto, é dicir, tiveron que ir a outro centro que se atopa a 2,5 quilómetros dese centro de saúde onde tiñan a atención médica, a catro minutos en vehículo. Entendo que coller o coche para ir ao médico cando antes se podía ir camiñando é un trastorno, polo que por suposto pedimos desculpas, pero é unha situación temporal e a distancia ao outro centro de saúde cremos que é asumible.

Non quero nin pensar que opinará vostede cando ten que ir ao centro de saúde dende Feces de Abaixo a Verín e ten que percorrer 16 quilómetros. Estamos falando de 2,4 quilómetros. En todo caso, como digo, é unha situación molesta, que traballaremos o que estea na nosa man para poder cubrir canto antes esa praza, e, mentres tanto, como digo, a atención está garantida con outros profesionais da comarca.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Lourenzo.

O señor LOURENZO MOURA: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, quedamos contentos de que teña intención de solucionar este problema, e así llo trasladaremos á veciñanza, pero eu tamén, despois de escoitalo nesta resposta e tamén escoitalo na interpelación, teño que dicirlle que a tentativa da construción do relato de boa xestión por parte do Partido Popular choca sempre de fronte coa realidade, coas evidencias e cos feitos.

Falaba vostede de matices, e mire, que o pasado día 21 de xuño se xubilou unha traballadora do consultorio de Albarellos non é un matiz, é unha evidencia. Que esta profesional xa tiña prolongado a súa xubilación tres anos e vostedes non xestionaron a súa substitución non é un matiz, é unha evidencia. Que o consultorio de Albarellos estivo máis de dous meses sen atención médica e agora hai días soltos de atención non é un matiz, é unha evidencia. Que a veciñanza ten que esperar ata quince días para ter unha consulta co seu médico de cabeceira, como demostra, señor conselleiro, esta imaxe da aplicación do Sergas *(O señor Lourenzo Moura mostra un documento.)*, non é un matiz, é unha evidencia *(Aplausos.)*. E que a veciñanza con atención sanitaria en Albarellos está sendo derivada a outro centro de saúde, cunha problemática importante de distancia e de sobresaturación do propio centro, tamén non é un matiz, é unha evidencia. Señor conselleiro, estas son as evidencias, que fan que o seu relato non se sosteña.

Pero mire, falaba vostede da cuestión da dispoñibilidade de profesionais, e neste caso non se poden esconder detrás desa cortina, porque hai unha disposición dunha traballadora para cubrir esta praza, esta está interesada e xa pediu tamén unha adaptación de posto para poder

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

incorporarse ao consultorio, a mesma profesional que está de número un no concurso de traslados. E eu pregúntolle, señor conselleiro: ¿como é posible que, habendo unha profesional interesada e tendo usado todas as canles, hoxe non haxa médico no consultorio de Albarellos? ¿Terá algo que ver, señor conselleiro, que esta profesional sexa concelleira no Concello de Monterrei e non sexa concelleira do Partido Popular? *(Aplausos.)*

Non quero, non quero pensar mal, señor conselleiro, pero si que me gustaría moito escoitar a súa opinión a respecto desta cuestión.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas.

Ben, eu creo que xa se respostou vostede mesmo, aí está o problema precisamente, que a persoa interesada é unha concelleira dun certo partido político.

Mire, nós somos moi serios nisto. En primeiro lugar, as comisións de servizo non se dan na mesma comarca nunca, nunca, é unha irregularidade, e, de feito, cando esta profesional pediu isto, xa se lle explicou. Ademais, a esta profesional déuselle unha alternativa nun centro de saúde da comarca, que ten menos pacientes. Esta é unha profesional que argumenta que non pode ver tantos pacientes, ten que ver menos; déuselle unha alternativa para ver menos pacientes, alternativa na mesma comarca, que rexeitou. E agora resulta que o que quere é ir a este centro de saúde. Ben, pois foi ao xulgado do social e o xulgado do social a semana pasada sentenciou que o Sergas actuara correctamente ofrecéndolle unha alternativa e que ela non a quixo coller. *(Aplausos.)* Entón, eu creo que está clarísimo o tema, ¿non?

En todo caso, vostede fala de evidencias. Ben, pois a evidencia é que hai poucos médicos de familia, a evidencia é que unha médico dese centro se xubila, a evidencia é que está a 2,4 quilómetros e catro minutos doutro centro de saúde. Esta é a dificultade. Xa pedín... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Pechado? Non está pechado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, iso é o que farían vostedes, nós non o pechamos.

En definitiva, estamos poñendo médicos. Di vostede que non ten atención sanitaria, ten atención sanitaria proporcionada por profesionais do sistema público de saúde, e, como digo, traballaremos para poder cubrir esas prazas. E ímolo facer precisamente con outra evidencia: utilizando unha lei á que vostedes votaron en contra, que é a de ofrecer prazas de difícil cobertura con concurso de méritos. E tamén imos loitar con outra evidencia, que o Bloque Nacionalista Galego cando este partido pediu aumentar o número de médicos MIR de familia formados votou en contra. As evidencias, efectivamente, están aí.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós seguiremos traballando para ter máis médicos, e para que ese centro de saúde, ese consultorio de Albarellos teña un médico. Iso si que llo podo transmitir; transmítallelo vostede aos veciños. Total normalidade, tranquilidade, ese centro non se vai pechar e vai ter o seu médico cando o topemos.

O que si me gustaría saber, señor deputado, é que vostede, que é tenente de alcalde en Verín, ¿como explicaría vostede aos 1.600 veciños que ten esta doutora en Verín que a médica esta fose para Albarellos?, ¿como o explicaría vostede?

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Debatemos agora, de xeito acumulado, dúas preguntas.

Pregunta de Dª Montserrat Prado Cores e dezasete deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as externalizacións do Sergas para a prestación dun servizo que se recolle na carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde, como é o aborto

Pregunta de Dª Noa Susana Díaz Varela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a contratación por parte da Consellería de Sanidade de centros privados para prestar o servizo de interrupción voluntaria do embarazo

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta a señora Prado, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

O 22 de agosto o Sergas sacou a concurso a prestación do servizo de interrupción voluntaria do embarazo para derivar a clínicas privadas os abortos de menos de catorce semanas de xestación que non sexan de alto risco. Esta decisión pon en evidencia varias cuestións: a primeira, que supón un paso máis na carreira irresponsable na que o Partido Popular leva os últimos catorce anos para descapitalizar a sanidade pública en beneficio da sanidade privada; decide destinar 2,5 millóns de euros á sanidade privada, na vez de destinar estes recursos a dotar a sanidade pública dos que sexan precisos, tanto humanos como materiais, para poder prestar este servizo. Tamén pon en evidencia un nesgo claramente ideolóxico; xustifican a privatización ante a imposibilidade de que os servizos sanitarios públicos do Sergas poidan prestar a dita asistencia cos recursos que ten na actualidade.

E a pregunta é: ¿por que precisamente a falta de recursos afecta o dereito ao aborto e non outras prestacións? ¿Por que non teñen planificado os abortos que están dentro da carteira de servizos, igual que calquera outra prestación, e xusto é o dereito ao aborto o que non ten

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cabida no sistema público? Deixa tamén en evidencia o uso da obxección de conciencia de xeito torticeiro e escurantista, señor conselleiro.

Fan referencia tamén no prego ás dificultades para ter profesionais que realicen estas intervencións pola aplicación da obxección de conciencia. Entón, ¿por que non ten actuado para regular a obxección de conciencia? ¿Por que non ten posto en marcha o rexistro de obxectores? ¿Por que non o ten feito para saber que profesionais son obxectores, e se o son na pública e tamén na privada, se teñen manifestado con antelación —como establece a lei— esa condición de obxectores, e se o teñen feito por escrito? Sería bo tamén que contestara, señor conselleiro.

E pon tamén en evidencia unha posición claramente ideolóxica, porque a ninguén se lle escapa a desproporción entre os dous lotes que se licitan. O primeiro, para A Coruña, Santiago, Ferrol e Lugo, por unha contía de 1.162.000 euros. E o segundo, para Vigo, Pontevedra, O Salnés e Ourense, por só 211.000 euros; cinco veces máis un lote que o outro, unha previsión de seiscentos oitenta abortos no lote primeiro e de só cento vinte e un no segundo.

¿Hai algunha xustificación científica, señor conselleiro? ¿Algo que estea nas augas destas zonas para que haxa esta desproporción? ¿Ou máis ben terá que ver con que hai hospitais onde a obxección de conciencia se practica de xeito colectivo, incitado, aínda que a lei o prohiba? Tamén me gustaría que nos contestase.

Mire, a interrupción voluntaria do embarazo é un dereito das mulleres, recollido na lexislación, forma parte da carteira básica, só depende da decisión das mulleres que se lles practique ou non ata as catorce semanas, e por iso lle preguntamos se vai rectificar esta decisión e garantir que se faga na sanidade pública. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Formula agora a pregunta dona Noa Díaz Varela, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora DÍAZ VARELA: Bo día.

Señor conselleiro, a Lei orgánica de 2010, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo, foi modificada a comezos deste ano para, entre outras cuestións, garantir que a rede pública sexa a de referencia, que as mulleres que decidan abortar poidan facelo no centro público hospitalario máis próximo ao seu domicilio e que exista sempre neses centros persoal que non se declare obxector de conciencia. Eu mesma interpelábao a vostede a comezos do ano sobre esta cuestión e vostede aseguraba literalmente «que Galicia conta xa cos medios para ofrecer esta prestación dentro do sistema público en todas as áreas sanitarias e en todas as semanas de xestación e modalidades autorizadas.»

Sobre a obxección de conciencia, tamén nesa interpelación, aseguraba que a creación do rexistro de profesionais obxectores de conciencia que obriga a nova lei non é necesaria, en Galicia iso non é un problema. Iso dicía vostede. Claro, logo de todas estas manifestacións súas, en agosto —como non, con esa agostocidade xa á que nos teñen acostumadas— saca-

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ban a concurso a contratación dun servizo de interrupción voluntaria do embarazo de menos de catorce semanas de xestación, xustificándose, literalmente, na falla de recursos, tanto materiais como humanos, e no dereito de exercer a obxección de conciencia.

¿En que quedamos? ¿Hai recursos? ¿Non hai recursos? ¿Hai problemas coa obxección do conciencia? ¿Non hai problemas coa obxección de conciencia? Hai recursos, señor conselleiro, sábeo ben, o que non hai é vontade, iso é o que non hai. Dende logo, é de extrema gravidade este proceder, señor conselleiro, porque é ese contrato, cun custo aproximado —xa se dixo— de medio millón de euros ao ano, establécese para practicar na privada unha media de oitocentos abortos anuais, ¿verdade?, oitocentos abortos anuais.

Ou sexa, con ese contrato van converter en norma o que debera ser a excepcionalidade que marca a lei, ou sexa, que por razóns de urxencia unha muller sexa derivada á privada para abortar. ¿Ou será que en Galicia isto xa non era unha excepcionalidade? Pois vai ser que non, que non o era, porque se collemos os seus datos, estes, os seus, *(A señora Díaz Varela amosa un documento á Cámara*) os que nos proporcionaron vostedes a nós, que falsean, por certo, irresponsablemente, temos que xa hoxe a gran maioría das mulleres cun embarazo de entre nove e catorce semanas que deciden abortar están sendo derivadas á privada.

¿Como é que se atreven a mentir cando din que está garantido o noso dereito ao aborto? ¿Que medios materiais e humanos están poñendo vostedes á disposición na sanidade pública? ¿Como é que apelan agora á obxección de conciencia? Mire, ao noso grupo, o Grupo Parlamentario Socialista, parécenos indignante e de todo inadmisible tanto esta nova fórmula de contratación privada do servizo como a apelación á obxección de conciencia, contraria á lei. É que dicía vostede a comezos deste ano que non era un problema, señor conselleiro.

O que queremos hoxe que nos conteste é cal é a razón verdadeira, a verdadeira razón, díganos hoxe a verdadeira razón de que saquen a concurso a contratación deste servizo, que desculpe pero atenta directamente contra o dereito que temos todas as mulleres a abortar, como e cando decidamos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde señorías, outra vez.

Ben, señoras deputadas, realmente resulta sorprendente, e eu diría que interesada, esta polémica que quixeron vostede xerar con esta licitación por parte do Servizo Galego de Saúde, dese contrato para a prestación do servizo de interrupción voluntaria do embarazo. Imos recapitular.

Antes da aprobación no mes de febreiro da reforma da Lei orgánica de interrupción voluntaria do embarazo, a oposición interesábase pola xestión desta prestación en Galicia; en concreto,

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o PSdeG efectivamente fixo unha interpelación e o BNG mediante unha solicitude de datos. Ambas as iniciativas tiveron resposta no mes de febreiro, hai sete meses, nesta Cámara.

¿E que diciamos nese momento? Ben, pois en primeiro lugar unha mensaxe que repito agora, unha mensaxe de tranquilidade a todas as mulleres galegas; fronte ao alarmismo, tranquilidade. ¿E por que? Porque nós diciamos xa daquela que a nova lei orgánica non mudaba nada porque o Sergas xa garantía naquel momento a posibilidade de realizar interrupcións voluntarias do embarazo en todas as áreas sanitarias —reafírmome no que dixemos en febreiro— e en todos os períodos de xestación as mulleres galegas poden facelo no Servizo Público de Saúde.

Que en Galicia ademais diciamos, durante toda esta lexislatura, o sesenta por cento —de media en toda a lexislatura— e neste último ano o sesenta e oito por cento das interrupcións voluntarias do embarazo se fan na pública. Iso díxeno en febreiro. Polo tanto, é obvio que hai unha parte das interrupcións voluntarias do embarazo que non se fan na pública, dixémolo no mes de febreiro, hai sete meses; isto significaba que arredor de dúas mil duascentas interrupcións do embarazo se facían en centros públicos e ao redor de mil catrocentos se realizaban nos centros privados autorizados.

Esta información é pública, oficial, trasladada pola Consellería oralmente e por escrito aos grupos parlamentarios, esta información que demos en febreiro. Despois disto, no mes de agosto o Sergas, efectivamente, licita un expediente para contratar esa porcentaxe de interrupcións do embarazo que se producen nos centros privados.

Como saben, o Consello de Contas está a recomendar ao Sergas que todas as prestacións sanitarias que se contraten deben estar no marco dunha contratación administrativa regularizada, fronte ao modelo que tiñamos anteriormente da autorizacións de uso. De feito, este Parlamento o 25 de abril aprobou por unanimidade —o Grupo Socialista e o Grupo do BNG— facer unha resolución para que a Xunta regularice todos eses contratos nesta lexislatura.

Pois iso é o que estamos a facer; é dicir, neste proceso de adopción destes contratos de prestacións sanitarias é necesario que ese trinta-corenta por cento dos abortos que se viñan realizando nesas clínicas privadas sexa contratado mediante o procedemento máis aberto, transparente e garantista. Isto faise así e na memoria do contrato estímase que o número anual de intervencións destes centros vai estar no rango dos oitocentos; acabo de dicir que hai sete meses dixemos que estamos facendo entre mil e mil catrocentos na privada, e contratamos oitocentos. ¿Por que? Porque a tendencia cada vez maior é a facelos nos centros públicos. Polo tanto —insisto—, non sei de que se sorprenden porque estes datos coñecíanos dende o mes de febreiro.

¿E cal é a conclusión desta información que saca a oposición neste caso? Que a Xunta vai privatizar todos os abortos. Esta é a conclusión que vostedes espolvorearon no mes de agosto. É dicir, regularizamos por petición unánime desta Cámara todas as prestacións de centros privados e precisamente neste caso estimamos menos intervencións na concertada do que se realizaron nos últimos anos e saen a dicir que privatizamos. En serio, ¿como pode frivolizar tanto e intentar tomar o pelo á xente dun xeito tan ridículo cun tema tan serio como é este?

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Este contrato non significa en absoluto que máis mulleres galegas vaian abortar en clínicas privadas, en absoluto. Para calquera que saiba contar, significa o contrario, que serán menos; dixemos mil catrocentos e licitamos oitocentos. O que significa este contrato —así o poden ver nos pregos publicados para ese menos do corenta por cento— que esas clínicas privadas van estar contratadas cun procedemento aberto e transparente, non en calquera clínica que opte por cumprir estes requisitos públicos, senón que aquelas clínicas que garanten —como non pode ser doutro xeito— os dereitos dos pacientes o acceso ás probas, e cos recursos humanos e materiais á súa disposición. E ademais terán máis puntuación aquelas clínicas que ofrezan protocolos máis completos para preservar a intimidade da muller —un aspecto importante—, aquelas que ofrezan a educación sexual e reprodutiva e tamén aquelas que poidan ofertar mellores condicións para ter reacción ás complicacións que se poden dar.

Polo tanto, con este contrato non aumenta o número de intervencións que se van realizar nos centros privados, o que si aumenta son as garantías, tanto administrativas como clínicas, nestes procesos. Pero unha vez estea en vigor este contrato, non se vai derivar máis á privada —como creo que queda claro—. De feito, como reflicte a propia memoria do contrato, vai ser menos.

Saben que nos casos de interrupcións voluntarias do embarazo que van entre as nove e catorce semanas de xestación hai mulleres que poden preferir facela no ámbito privado, é certo, e a Xunta ten a obriga de ter dispoñible un recurso neste caso nun ámbito privado, pero por suposto nun centro concertado e pagando o Sergas esta prestación.

Polo tanto, temos a obriga de ter esta prestación contratada, aínda que fose para remitir unha única interrupción do embarazo, e temos un compromiso adquirido neste Parlamento de que ese contrato se realice a través da licitación aberta, regularizada, e tal e como nos solicita o Consello de Contas.

Polo tanto, iso é o que fixo o Goberno galego, e así é difícil entender esta falsa indignación da oposición. Mentres nós estabamos licitando —parece que lles daba igual— montan este *show* cando sae publicado á luz e poden vostedes dicir que non coñecen os datos. Como acabo de demostrar, os datos coñecíanos dende hai sete meses e ademais tamén son coñecedores do compromiso deste Parlamento de licitar ese proceso dun xeito regularizado.

Polo tanto —insisto—, non se entende esta polémica máis que considerándoa unha polémica totalmente interesada e oportunista.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Mire, señor conselleiro, o que frivoliza é vostede. ¿De onde vén esa obriga de que teñan que concertar ningún servizo coas clínicas privadas? É unha obriga ideolóxica que vostede quere ter, ¿non? *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, o número de abortos que se prevé realizar son arredor de oitocentos e ademais cualificados como pouco complexos. En Galiza hai catorce hospitais públicos; polo tanto, se dividimos oitocentos abortos entre catorce hospitais, sae arredor de cincuenta e sete ao ano, é dicir, máis ou menos un aborto por semana. ¿De verdade que o sistema público non ten capacidade para facer un aborto por semana en cada hospital público? *(Aplausos.)* ¡Claro, claro que ten capacidade!, ¡claro que ten capacidade!

Esta licitación non ten nada que ver con falta de recursos, ten que ver cunha escolla ideolóxica clara e pura, a escolla ideolóxica do Partido Popular de favorecer o negocio na privada e a escolla ideolóxica do Partido Popular que ten cada vez as súas posicións máis ultras, sobre todo no que se refire a dereitos das mulleres. Esa é a única xustificación, as posicións ultras do Partido Popular. Ten que ver con estigmatizar as mulleres derivándoas a clínicas privadas como algo excepcional, na vez de atendelas nos hospitais que lles corresponden, cos profesionais que lles corresponden, como calquera outra prestación que está na carteira de servizos, sen ningunha excepcionalidade, señor conselleiro, sen absolutamente ningunha excepcionalidade.

Por iso, hoxe, dende o BNG o que lle pedimos é que rectifique, que non derive absolutamente ningún aborto a clínicas privadas, que se poidan realizar todas nos hospitais máis próximos que teñan as mulleres que solicitan esta interrupción, que destine eses 2,5 millóns de euros que ten previsto destinar á sanidade privada a fortalecer a sanidade pública, que en todos os hospitais haxa os recursos e os profesionais suficientes para practicar os abortos a todas aquelas mulleres que o demanden libremente, que o faga deste xeito e que, dunha vez por todas, poña en marcha o Rexistro de Obxectores de Conciencia...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...porque, de non facelo, o que fai é que ocorra o que está pasando neste momento... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señora Prado. Grazas.

Para a réplica, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Mire, señor conselleiro, a ver se son capaz en dous minutos de rebater a falacia que acaba vostede de dicir aquí, e teño na man —se me pode ver— *(A señora Díaz Varela mostra un documento.)* os datos que vostedes mesmos nos facilitaron. Mire, non minta; non minta nin retorza as cifras. Efectivamente, na sanidade pública galega practícanse o setenta por cento dos abortos, pero non os de nove a catorce semanas; nos de nove a catorce semanas —son os seus datos, non son os nosos— sete de cada dez abortos son derivados á privada. *(Aplausos.)* ¡Os de entre nove e catorce semanas son derivados á privada! E son estes, precisamente, os abortos que van ser amparados por este contrato. Sabe ben que os de menos de nove semanas non van ir a unha clínica privada. ¡Por favor! Faga o favor de non confundir e faga o favor de non mentir, que xa estamos un pouco cansadas de que mintan con isto.

Dígolle máis. Mire, só con datos do ano pasado, foron exactamente oitocentos os abortos practicados en Galicia entre nove e catorce semanas —¡oitocentos!— en privadas, e na pú-

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

blica tamén. Entón, obviamente, se oitocentos é o que nos dá para a privada, o que podemos dicir é que a partir do vindeiro ano absolutamente todos os abortos serán practicados na privada.

Será, deste xeito, o único proceso asistencial no noso país que vai ser completamente privatizado, señor conselleiro. *(O señor conselleiro de Sanidade, García Comesaña, fai acenos desde o seu escano.)* ¡Diga que non! Son as súas cifras, non son as miñas, non as estou inventando. Foi vostede quen nos facilitou estas cifras. Por certo, a próxima vez contesten, déannos todo e xa as volveremos pedir.

Mire, é certo, é un indecente posicionamento ideolóxico do seu goberno, señor Comesaña, agora que teñen que facerlle as beiras tamén a Vox, cos que firman pactos da vergoña alí onde poden, e imaxinamos que tamén aos grupos de poder ultraconservadores que cohabitan no seu propio partido. *(Murmurios.)*

Cumpran a lei, que poden, porque hai recursos. Se os había antes, ¿por que agora asumen que non os vai haber? Garantan o dereito a abortar no sistema público que temos todas as mulleres galegas. Xa basta de cercenar os nosos dereitos. ¡Estamos fartas! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): A verdade é que a capacidade demagóxica dalgunhas deputadas é impresionante. Mire, eu non mentín. Non, non señora, non mentín. *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu dei uns datos que están aí para que vostede... ¡Se llos dei hai sete meses!, ¡hai sete meses! ¿Que pasa?, ¿que non os leu nestes sete meses? *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, pois aí, ¿que din os datos? Que o setenta por cento dos ILE en Galicia se fan na pública. Iso é o que din os datos. E hai áreas sanitarias onde o cen por cento se fai na pública. Míreo nos datos. Hai áreas sanitarias onde se fan o cen por cento. *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)* Aquí a que mente é vostede. *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor presidente, entregamos uns datos que din que o setenta por cento se fan na pública e esta señora di que minto. *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Díaz Varela, ¡por favor! Non está vostede no uso da palabra. ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Estamos falando dos abortos.

En definitiva, o que pretendo explicar —se se me permite— é que esta lei —e hai que recordalo— que votaron con tanto entusiasmo —vese que algunhas deputadas máis que outras, e vou citar literalmente o artigo 18 desa lei magnífica—cercena a vontade das mulleres: «*Las usuarias del Sistema Nacional de Salud tendrán acceso a la interrupción voluntaria del embarazo en condiciones de igualdad efectiva. Las administraciones sanitarias*» —*es dicir, las comuni-*

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dades autónomas— «que no puedan ofrecer dicho procedimiento...» ¡Carai! Unha lei marabillosa que di que hai comunidades autónomas que non poden garantir este dereito. ¿De quen estarán a falar? (*A señora Díaz Varela:* Falan de Galicia.) Non, non, ¿de quen estarán a falar? ¡Esta marabillosa lei que non cercena! Sigo, sigo...: esas comunidades autónomas que non poden garantir o procedemento no seu ámbito xeográfico «remitirán as usuarias aos centros ou servicios autorizados para este procedemento nas mellores condicións de proximidade». É dicir, aquelas comunidades autónomas que non fan nin un só ILE na sanidade pública poden mandalo á comunidade autónoma do lado. Esta é a lei que non cercena e que vostedes votan como votan. *(Aplausos.)*

Esta lei non só non exixe que todas as interrupcións do embarazo se teñan que realizar nos centros públicos, senón que mesmo permite que non se realicen nin sequera nos centros da propia comunidade autónoma. Esta é a lei. *(O señor conselleiro de Sanidade, García Comesaña, mostra un documento.)* Esta é a lei, ¿vale? Probablemente, para regularizar a situación de comunidades gobernadas pola esquerda, no momento en que se aprobou esta lei, no mes de febreiro: por exemplo, A Rioxa, que non fai nin un só procedemento na sanidade pública; ou Estremadura, que non fai ningún; ou Aragón e Castela-A Mancha. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, nun contexto; imos poñer o contexto e non facer demagoxia. Hai comunidades autónomas de esquerda que non fan nin un só procedemento na sanidade pública. Pero están aí, ben. Eses gobernos son os que dificultan o acceso á prestación, non o sistema público, nin a Xunta de Galicia. Ningunha muller galega ten que saír de Galicia para facer un procedemento deste tipo, ¡ningunha!, nin sequera as de máis de vinte e dúas semanas... ¿Como? *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor, silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ¡Interrupción, e ademais dicir que é mentira...! Bueno, isto é incrible. Eu reto a esta deputada a que me diga o nome da persoa que non puido facer o ILE de vinte e dúas semanas en Galicia, ¡que mo diga!

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Por favor, señora Prado. ¡Por favor, silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): É moi fácil dicir...

O señor PRESIDENTE: Hai que saber encaixar. Vostedes dan e despois pode vir o rebote, ¡é normal! Isto é o xogo parlamentario, pero hai que respectar a quen está no uso da palabra. Non se pode andar interrompendo constantemente, se non, isto faise imposible. Claro, se empezan a interromper os de aquí, os de alí... Entón, un pouco de respecto. Prosiga, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Como digo, vou insistir con isto, que parece que escoce; vou repetilo: ningunha muller galega ten que saír de Galicia para facer un procedemento deste tipo. ¡Ningunha! *(Aplausos.)*

Vou dicir máis. De feito, en Galicia non temos un centro para practicar de máis de vinte e dúas semanas, temos dous; dous centros públicos que fan procedementos para mulleres de

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

máis de vinte e dúas semanas. Polo tanto —insisto—, ningunha ten que saír fóra. En Galicia cúmprese a lei en todos os seus termos, cúmprese a lei, garantindo a realización destes procedementos a aquelas mulleres que entran en todos os supostos contemplados nela. Por tanto, reitero esa mensaxe de tranquilidade fronte á mensaxe alarmista, que hoxe parece que é a tónica habitual na sanidade. A mensaxe sería: calquera muller galega pode facer o procedemento na sanidade pública.

É certo, ¡é certo! O que o garante, como digo, non é a lei, non é esa marabillosa lei, como queda demostrado, xa que hai comunidades autónomas que incluso con esa lei non fan ningún na pública. O que garante ese procedemento é a Xunta de Galicia, que tomou unha decisión hai tempo de poder facelo no ámbito público. Pero do mesmo xeito que con outras moitas prestacións, o Sergas debe ter —como dicía, por responsabilidade— un contrato que lle permita derivar estes casos. ¿Por que ten que telo? Porque a muller pode exercer o seu dereito a escoller a interrupción fóra do sistema público. Pode escollelo, por exemplo, por privacidade. Unha traballadora dun centro público pode decidir que non quere facelo no seu centro público. *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)* Entón, ¿que facemos, cando hai unha excepcionalidade?, ¿levámolo por outro tipo de contrato? Por iso o licitamos ¡É que é tan obvio...! Agradezo que diga vostede iso, «excepcionalidade». *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)*

E despois tamén outra excepcionalidade, que non é só a vontade da paciente... *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu pediría, por favor, señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Ten vostede toda a razón. É que isto xa está raiando un puntiño na falta de respecto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Un puntiño! Entón, señora Díaz, téñolle que advertir que eu... A min non me gusta andar chamando á orde, pero, se teño que facelo, fágoo. ¡Por favor, sexa respectuosa!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Se ademais, señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Interromper é moi fácil. Saber aguantar é o difícil. Prosiga.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ¡Se, ademais, creo que estamos de acordo! A señora deputada está recoñecendo que hai situacións onde unha muller pode decidir ir á clínica privada, por excepcionalidade, por privacidade ou porque os prazos —coñece perfectamente a lei de prazos— son moi ríxidos, e un día pode cambiar de menos de catorce semanas a máis de catorce semanas. Pois, neses casos, por excepcionalidade, pode ser necesario ter un centro destas características para remitir.

Estamos de acordo, hai ocasións nas que hai que mandar pacientes á sanidade privada, neste caso. Isto era así no mes de febreiro e é así hoxe, e estámolo explicando.

Entón, insisto, nós imos seguir traballando para que todas as mulleres galegas avancen para chegar, en vez de a ese sesenta e oito por cento deste ano, ao cen por cento. ¡Ogallá poidamos chegar!

E un pequeno detalle, se mo permite, co tema do Rexistro. Dende logo, lean vostedes a lei. O Rexistro de Obxectores é unha competencia do Consello Interterritorial da Saúde, que

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desde que se aprobou a lei ata agora —e eu estiven en todos— non abordou este tema. Cando o Ministerio o aborde, teremos o Rexistro, tan sinxelo como iso.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

Pregunta de Dª Paula Prado del Río e sete máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as políticas impulsadas en Galicia en materia de prevención e de loita contra a violencia de xénero nos últimos anos

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

«*Una clínica privada asume mil de los mil doscientos abortos anuales en Vigo*». Fecha desta noticia: 8 de enero de 2008. Non gobernaban os pactos da ultradereita, gobernaba a ultrademagoxia do Bloque Nacionalista Galego e a ultrademagoxia do Partido Socialista de Galicia. *(Aplausos.)*

Señora conselleira, pechamos o peor verán do lustro en violencia de xénero. Só entre xuño e agosto foron asasinadas en España vinte mulleres, case a metade das corenta e catro asasinadas no que vai de ano. Algo está fallando cando ao Ministerio de Igualdade se lle asignou este ano máis do triplo do presuposto que no ano 2020 e, con todo, o número de vítimas está en topes históricos. É fundamental contar con administracións implicadas que ofrezan solucións efectivas e non só propaganda, porque para iso nos elixiu a cidadanía, para resolver problemas e non para crearlle máis.

O 25 de agosto cumpriuse un ano da aprobación da Lei do «só si é si», e a esquerda e o nacionalismo aínda afirmaban sentirse orgullosos dela. A realidade é que non hai un só motivo para sentirse orgullo dunha lei que permitiu que máis dun millar de agresores sexuais saísen á rúa antes de tempo e máis de cen saísen do cárcere tamén con anticipación. Foi o maior retroceso na defensa dos dereitos das mulleres da historia dos gobernos de España. *(Aplausos.)*

Ese mesmo día, no que esta chapuza lexislativa cumpriu un ano —a súa lamentable existencia—, deuse o primeiro caso dun agresor sexual que vía rebaixada a súa pena por esta lei e cometeu un delito de agresión sexual; é dicir, reincidencia dun agresor. Pero o peor aínda estaba por chegar, e chegou onte mesmo, cando comprobamos que a Lei do «só si é si» permitía a rebaixa dun ano de condena a un dos agresores da Manada; o mesmo caso que serviu ao Goberno de Pedro Sánchez e de Podemos para lexislar en quente sobre algo tan serio como a violencia de xénero. E agora é o maior exemplo dos nefastos e vergoñentos efectos da chapuza lexislativa, que non nos cansaremos de dicir que foi obra de Pedro Sánchez, Podemos, Sumar e o Bloque Nacionalista Galego, e sobre a súa conciencia, señorías, irán esas nefastas consecuencias da Lei do «só si é si».

Miren —quedo sen tempo—, en Galicia, por sorte, podemos contar cun goberno afastado do sectarismo e da propaganda, cando realmente do que se trata é de resolver os problemas da xente. Por iso, señora conselleira, eu pregúntolle:...

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...¿que está facendo a Xunta de Galicia respecto das políticas impulsadas para previr e atender as mulleres vítimas de... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

Grazas.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona Elena Rivo López.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, o Goberno galego leva no seu ADN traballar polas políticas de igualdade cun marco lexislativo axeitado e cun firme compromiso e sen retrocesos. Estamos nun momento no que a garantía do dereito á igualdade, consagrada nos artigos 9 e 14 da Constitución española, e tamén no noso Estatuto de autonomía, non nos pode dividir, senón que nos ten que unir.

As políticas de igualdade non son hexemonía de ningún partido, son un patrimonio social de todas e de todos. Por iso, estamos a avanzar cara a unha Galicia igualitaria e inclusiva que loite contra calquera mostra de discriminación. A violencia de xénero é o máximo expoñente da desigualdade, un problema estrutural que non podemos asumir como sociedade xusta e tolerante que somos. Por este motivo, non pararemos ata erradicar a violencia de xénero e seguiremos facéndoo con políticas de apoio ás vítimas, incidindo na educación e na concienciación.

Non podemos deixar de lembrar as dúas mulleres que este ano foron vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia, así como as do conxunto da sociedade española, nin as súas familias, nin tampouco os seus achegados; a elas e a todas as galegas queremos trasladarlles que na violencia de xénero —non nos cansaremos de dicilo— a única cifra asumible é cero vítimas. Deste xeito, estamos a redobrar os esforzos, e contamos neste ano 2023 cun orzamento para a área de igualdade de 44,5 millóns de euros, un 41 por cento máis que no ano anterior, 31,9 millóns de euros para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero.

Estamos a manter, reforzar e ampliar os recursos, os servizos e as prestacións para as vítimas. Estamos tamén a brindar todos os recursos necesarios para garantirlles un futuro con liberdade, tanto no eido persoal como no familiar, no social e no laboral, con medidas como as axudas económicas de carácter único periódico, que no 2022 se achegaron ás 900, na liña dos anos precedentes.

Cómpre lembrar que Galicia foi pioneira en artellar axudas periódicas de 800 euros ao mes para garantir a independencia económica das mulleres vítimas, con sete recursos de acollemento que garanten a seguridade das mulleres que corren perigo. Vivendas tuteladas, cen-

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tros de acollemento e emerxencia son elementos esenciais na transición para iniciar unha vida autónoma lonxe da violencia.

Dende o 2009, estes centros deron acubillo a máis de 3.500 persoas. No eido do apoio psicolóxico, estas mulleres contan cunha quenda de garda permanente que atende mil persoas cada ano.

Os últimos informes do poder xudicial indican que Galicia é a comunidade autónoma coa taxa de violencia de xénero máis baixa. Tamén aluden a un incremento das denuncias nun 3 por cento...

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Ten outro turno despois.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora conselleira, por deixar claro unha vez máis o compromiso da Xunta no avance de cara a unha Galicia igualitaria na que a violencia de xénero non teña cabida e na que a única cifra asumible sexa a de cero vítimas.

Fronte a un goberno de España que perde o tempo en cuestións cosméticas e estériles, en Galicia temos claras as nosas prioridades; por iso, baixo un goberno do Partido Popular, Galicia foi pioneira en España no que se refire a establecer gardas psicolóxicas ou a ofrecer asistencia integral aos orfos, e foi tamén un goberno do Partido Popular en España o que puxo en marcha e regulou a orde de afastamento e a orde de protección para as vítimas, que ese si que foi un antes e un despois na protección das vítimas de violencia de xénero.

E sabemos tamén da importancia do traballo das forzas e corpos de seguridade do Estado na loita contra a violencia de xénero, e por iso seguiremos reclamando máis efectivos para reverter os mínimos históricos aos que o Goberno de España, do señor Sánchez, do Partido Socialista, co apoio do Bloque Nacionalista Galego, relegou as unidades de Policía adscrita, aos axentes que traballan nas unidades de atención á familia e á muller. Porque na loita contra a violencia de xénero un goberno que permite que en Galicia só contemos con 78 axentes para protexer un total de 300 mulleres —¡escandalícense!, ¡escandalícense disto, señorías, e non doutras cousas!—, que de media en toda España só hai 1 axente por cada 60 vítimas, señorías, non é un goberno feminista, non é un goberno que protexa as mulleres, non é un goberno que loite contra a violencia de xénero.

E do mesmo xeito que continuamos reclamando a creación dos cinco xulgados exclusivos de violencia de xénero, un goberno de España, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego e Socialista, non protexe as mulleres se non cumpre estes compromisos.

Sabemos tamén da necesidade de combater a discriminación nas novas tecnoloxías...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Aplausos.)

Turno de peche para a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Grazas, deputada.

Quero completar a miña intervención insistindo na obriga que asumimos como Administración para incidir na prevención das violencias de índole sexual, e nomeadamente na que nos trae hoxe aquí, que é na violencia de xénero. Este compromiso é aínda máis forte cando se trata de atallar este comportamento na poboación moza, que é quen de propiciar o cambio cultural que precisamos.

Un inciso. Vimos de asistir ao triste e inaceptable comportamento dun directivo deportivo que eclipsou, lamentablemente, o éxito dunha selección de mulleres. Elas si son un exemplo para as nenas e mozas e para o conxunto da sociedade; elas si son o referente que queremos.

Tampouco, como dixo a deputada, nos vale para avanzar na erradicación da violencia de xénero que exista unha lei en vigor, a Lei do «só si é si», que beneficia os delincuentes e fai aínda máis dano ás vítimas. Xa non insisto no tema da Manada, que estamos seguros de que afectará posteriormente os demais implicados.

Como Goberno, sempre diremos que non —téñao claro— a postulados autoritarios, sectarios e que pretenden utilizar as mulleres para facer políticas pouco serias. O camiño polo que está a transitar Galicia non é ese, é ben diferente, porque avogamos pola formación e a educación como vía para previr e sensibilizar a sociedade contra a violencia de xénero, porque queremos profesionais que poidan prestar unha mellor atención ás mulleres e menores que o precisen, e tamén mozas e mozos que poidan seguir modelos axeitados.

Estamos a ofrecer un tratamento integral da protección das vítimas de violencia no marco das nosas competencias, pero esta loita debe implicarnos a todos e todas; por iso dende Galicia requirimos do Estado máis medios humanos e materiais para que ningunha muller quede desprotexida, entre eles os novos xulgados. Dende a Secretaría Xeral de Igualdade, estamos a reforzar as medidas encamiñadas á sensibilización e promoción da igualdade en todas as esferas da vida. Estamos a reforzar, entre outras medidas, o traballo dos 84 centros de información á muller existentes en Galicia, un recurso esencial de carácter municipal e de proximidade que apoiamos para seguir atendendo integralmente unhas 9.500 mulleres cada ano.

Tamén estamos a tramitar nesta Cámara unha nova Lei de igualdade adaptada aos novos tempos, violencias e realidades, que unha vez máis converterá Galicia en referente nesta loita. Galicia contará máis pronto que tarde co Protocolo de seguridade contra as agresións sexuais no lecer nocturno, que xa foi remitido ao Observatorio Galego de Violencia de Xénero e que dará prioridade á atención ás vítimas e incidirá na confidencialidade e na sensibilización.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, o exposto exemplifica soamente a punta do iceberg do sólido compromiso que a Xunta de Galicia leva demostrando nos últimos anos. A Xunta de Galicia ao completo, de maneira transversal, seguirá promovendo a igualdade e, polo tanto, a loita contra a violencia de xénero.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego ante as dificultades que encontran os concellos para subscribir os convenios de colaboración de brigadas contra os incendios forestais por falta de persoal

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas.

Conselleiro, benvido.

O Grupo Parlamentario Socialista, e con seguridade todos os que formamos parte deste plenario, estamos aliviados de que este verán, ata o de agora, transcorrese tranquilo en referencia aos incendios, que, por desgraza, asolan as nosas terras, tal como acontecía o pasado ano.

Aínda así, conselleiro, debemos debater sobre un tema xa recorrente como o que hoxe imos tratar, porque entende este grupo que a xestión por parte da Xunta non está a ser a que require unha problemática tan importante para o territorio, para a seguridade dos galegos e galegas e para os traballadores e traballadoras afectados.

Certo é que o director xeral de Defensa do Monte, na pasada comisión, á pregunta desta que lles fala —e hónraa—, recoñecía que demandas que fixo este grupo parlamentario dende o inicio desta lexislatura, como foi a subida do financiamento aos concellos e a simplificación da xestión, foron realizadas este ano. Falamos das brigadas para desenvolvemento de labores preventivos de vixilancia e defensa contra incendios forestais dos concellos conveniados coa Consellería do Medio Rural mediante a configuración, por parte dos municipios, dunha ou dúas brigadas de cinco compoñentes que durante tres meses, encadrados entre xullo e outubro, queden baixo o mando organizativo do distrito.

Este convenio, conselleiro, é a radiografía dun fracaso; un modelo que xa o grupo de expertos a raíz dos incendios do ano 2017 instou a modificar. Ano tras ano os municipios que subscriben estes convenios son menos. ¿Que máis proba necesita o Goberno galego de que esta fórmula ten que ser mudada?

Mire, como sabe, no ano 2016 as brigadas constituídas polos concellos eran un total de 263. Este ano 2023 as brigadas constituídas baixaron a 151, un 43 por cento menos. ¿Por que,

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

señor conselleiro, este ano se constituíron 112 brigadas menos que no ano 2016? Por non falar de que os brigadistas reciben un curso formativo de 16 horas presenciais, formación moi escasa para tan alta responsabilidade e para a súa propia seguridade laboral.

O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou en distintas ocasións que non comparte este modelo de defensa contra o lume; un modelo que non se axusta á realidade existente do territorio galego, nin á virulencia dos incendios actuais que vostede coñece ben.

As traballadoras e traballadores que prestan servizos baixo o paraugas destes convenios sofren condicións precarias para tan alta e perigosa responsabilidade: contratos temporais de tres meses, escasa formación e salarios diferentes segundo o concello no que prestan servizos.

Por iso, preguntámoslle: ¿que medidas vai adoptar o Goberno galego ante as dificultades que encontran os concellos para subscribir os convenios de colaboración de brigadas de incendios por falta de persoal? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Eu, tomando a súa exposición de motivos, podo dicir que concordo cunha cuestión que din vostedes, os deputados e deputadas do Partido Socialista. Din que Galicia necesita «un modelo axustado á realidade dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado». Eu o que lles podo dicir é que teñan claro que Galicia non só posúe un dispositivo de extinción profesional, formado e equipado, senón que Galicia conta, señorías, cun dos mellores servizos de prevención e extinción de incendios forestais de todo o país. *(Aplausos.)* E eu non me cansarei —parece mentira, sempre estamos no mesmo— de trasladar de xeito categórico o meu agradecemento a preto das sete mil persoas que compoñen todo o dispositivo; especialmente, señora Rodríguez, aos 3.000 homes e mulleres que forman parte do servizo autonómico. Porque que veña aquí falando dunha parte do servizo do dispositivo, que son as brigadas municipais —e agora falaremos delas—, e estea poñendo en dúbida todo o dispositivo por esa parte, pois ¡home!, eu, como mínimo, señor presidente, abráiome, pero, bueno, en fin, ¿que imos falar? Un dispositivo de referencia no que cada unha das persoas que o conforman suma profesionalidade, solidariedade e dedicación. E eu pídolles por favor —pídolles por favor— que, por facer loita política contra o Goberno da Xunta, non estean atacando o dispositivo.

Na miña traxectoria como conselleiro, cando vin a este Parlamento, son numerosas as ocasións nas que demandei a necesidade de sacar os lumes de cuestións meramente partidistas, de centrar o tiro nun pacto común a prol dunha loita que é compartida. E hoxe falamos de competencias dos concellos. É que aquí todos somos necesarios na loita contra os incendios,

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por suposto a Xunta de Galicia e os concellos, pero tamén outras administracións que están gobernadas por vostedes, señorías do Partido Socialista.

Fíxense, fala dun informe dos expertos do ano 2018 que apostaba por unhas brigadas máis profesionais —efectivamente, as municipais, concordamos todos—, que teñen que ter máis tempo de traballo e adicarse máis tempo á prevención; pasar de tres a seis meses.

¿Sabe que dicía tamén ese informe, que vostede non o dixo agora en sede parlamentaria? Que tiñan que cofinanciar esas brigadas. ¿Quen? Entre outros, as deputacións. ¿E que fixo este conselleiro dende o ano 2018? Falou con todas as deputacións de Galicia varias veces. ¿Cal foi a resposta? A calada por resposta, excepto —si, señorías— a Deputación de Ourense, que está colaborando coa Xunta de Galicia na posta á disposición —de todos os concellos de Ourense— de tractores con desbrozadoras. Este ano, señorías, 13 tractores con desbrozadoras, máis de 1.200.000 euros que se van poñer á disposición de concellos de Ourense, grazas á colaboración desta deputación.

¿E que pasa coas demais provincias? Non hai colaboración en absoluto das deputacións que están gobernadas por vostedes para poder afrontar o novo modelo de brigadas municipais co que estamos todos totalmente de acordo. Polo tanto, poñan as pilas nesa colaboración, e podemos falar de moitas máis cousas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: En ningún momento esta que lles fala atacou o Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, senón un modelo aplicado pola Consellería do Medio Rural, unha decisión política.

Mire, en Ourense: Arnoia, A Merca, Avión, Bande, Beade, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Cortegada, Esgos, Gomesende, Larouco, Laza, Leiro, Lobeira, Nogueira de Ramuín, Padrenda, Paderne de Allariz, Pontedeva, Punxín, Riós, San Amaro, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sarreaus, Vilamarín, Vilariño de Conso e Xunqueira de Espadañedo.

En Pontevedra: Arbo, A Guarda, A Lama, As Neves, Baiona, Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Covelo, Crecente, Dozón, Marín, Moraña, Mos, Oia, Ponteareas, Portas, Salvaterra de Miño e Sanxenxo.

En Lugo: Abadín, Baleira, Cervo, Friol, Monterroso, O Páramo, O Saviñao, O Vicedo, Paradela, Rábade e Ribadeo.

Na Coruña: Aranga, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Cariño, Cerdido, Coristanco, Curtis, Ferrol, Irixoa, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mugardos, Ordes, Oroso, O Pino, Ponteceso, Porto do Son, As Somozas, Teo, Vedra, Vilasantar e Vilamaior.

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Son 78 concellos gobernados polo Partido Popular que non teñen constituídas brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais, clara demostración de que é un modelo fracasado. *(Aplausos.)* Os propios alcaldes do Partido Popular non constitúen as brigadas, e non as constitúen, pese a insistencia da Consellería do Medio Rural, porque os alcaldes e alcaldesas do Partido Popular teñen as mesmas dificultades —que vostede non contestou a pregunta que lle formulei— para constituílas; igual. Pero os alcaldes e alcaldesas do Partido Popular teñen voto de silencio e non protestan.

Vostede sabe que é un servizo que non funciona. Simplemente tería que rectificar —que é de sabios—, mudar o modelo, facer unha diagnose, conselleiro, e ser máis humilde nesta contestación, porque esta que lles fala non ataca o Servizo de Prevención contra Incendios Forestais, formado por grandes profesionais, pero si as decisións políticas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Peche da pregunta, señor conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Señor presidente, eu agora xa non entendo nada, porque eu leo a exposición de motivos, na que di que a competencia en prevención e extinción de incendios é da Xunta de Galicia e que non se presta ningunha atención aos concellos, e agora resulta que estamos recoñecendo aí que, efectivamente, hai un convenio que ampara a colaboración cos concellos, que ten, por certo, 12 millóns de orzamento todos os anos para facer as brigadas.

Pero é que é máis, é que no ano 2018 —e que quede claro que son competencias dos concellos, pero que tiñamos que botarlles unha man dende a parte da Xunta de Galicia— firmamos o convenio coa Fegamp e a entidade pública Seaga, que nestes cinco anos investiu máis de corenta millóns de euros en prevención e extinción de incendios en Galicia.

Pero habería que preguntarlles aos alcaldes do Bloque, do Partido Socialista e do Partido Popular que lles fixo ese convenio —aos 280 concellos que están no convenio—. Todos, ou a maioría, teñen hoxe plans municipais de prevención e extinción, e estamos comprobando a situación das franxas ao redor das aldeas, estamos facendo as execucións subsidiarias. E, por certo, hoxe, señorías, hoxe mesmo, 35 tractores pagados pola Xunta de Galicia están cedidos a diferentes concellos de calquera cor política en Galicia para facer tarefas de prevención, grazas a ese convenio. Miren se colaboramos ou non cos concellos.

Eu digo con claridade que o modelo das brigadas municipais é un modelo que ten que evolucionar. Pero cando se puxo enriba da mesa o seu custo, díxose que tiña que haber una colaboración das deputacións. Eu fixen os meus deberes, falei cos seus representantes nas deputacións e, como dixen antes, excepto a de Ourense, a calada por resposta.

En todo caso, si é certo que acollemos algunhas das demandas de mellora desas brigadas, dese convenio. Mire, por poñerlle enriba da mesa as melloras que fixemos nos convenios das brigadas municipais: aumentamos a súa dotación económica, pasando de 27.000 euros no 2021 a 38.000 euros, precisamente para que se puidese acadar a mellora salarial tamén

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dos brigadistas; puxemos á súa disposición novas actuacións subvencionables, agora os brigadistas municipais poden tamén comprobar o estado das franxas a 12 euros por parcela; incrementamos os prezos unitarios de roza manual ata 500 euros e chegamos nalgún caso a 800 euros por hectárea; simplificamos de xeito extraordinario a xustificación para que os concellos tivesen máis fácil, precisamente, esa xustificación; e ampliamos —e este é un dos problemas— as titulacións admitidas para os postos de xefe de brigada.

O único que podo facer é pedirlles aos meus fillos ou a calquera outro neno de Galicia que teñan esa titulación para ser xefe de brigada. Pero é que temos unha falta absoluta de postos de traballo nese ámbito, que é o que dificulta —e sábeo vostede perfectamente— a creación das brigadas.

Miren, señorías, Galicia conta cun dispositivo extraordinario, non se pode poñer en dúbida por unha parte do total. Galicia acerta totalmente coas medidas transversais que temos postas en marcha na loita contra os incendios forestais.

¿Saben o que lles falta, señorías? Fáltalles que os grupos da oposición neste Parlamento entendan totalmente que non se pode facer dun problema como este unha loita partidista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Non hai máis asuntos. Remata aquí o pleno.

Boa tarde.

Remata a sesión ás tres e sete minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
3. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
4. Arangüena Fernández, Pablo (S)
5. Arias Rodríguez, Raquel (P)
6. Armada Pérez, José Antonio (P)
7. Balseiro Orol, José Manuel (P)
8. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
9. Blanco Paradelo, Moisés (P)
10. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
11. Cachafeiro Anta, Belén (P)
12. Calvo Pouso, Diego (P)
13. Candia López, María Elena (P)
14. Carballo Páez, Ramón (P)
15. Carreira Pazos, Iria (BNG)
16. Castro García, Daniel (BNG)
17. Castro Rey, Paloma (S)
18. Díaz Mouteira, María Sol (P)
19. Díaz Varela, Noa Susana (S)
20. Egerique Mosquera, Teresa (P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
22. Fernández Davila, María Cristina (BNG)
23. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
24. Ferro Iglesias, José Luis (P)
25. Freire Vázquez, María Begoña (P)
26. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
27. García Vidal, Ana Belén (P)
28. Gómez Salgado, Carlos (P)
29. González Iglesias, María do Carme (BNG)
30. López Abella, María Susana (P)
31. López Sánchez, Rosalía (P)
32. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
33. Lourenzo Moura, Diego (BNG)
34. Mouzo Mas, Paula (P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
36. Ojea Arias, Eduardo (S)
37. Ortega Otero, Marina (S)
38. Otero Lago, Noelia (S)
39. Otero Rodríguez, Patricia (S)
40. Pardo López, Adrián (P)
41. Pazos Couñago, José Alberto (P)
42. Pérez Domínguez, Fernando (P)
43. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
44. Pérez López, Daniel (BNG)
45. Pérez López, Noelia (P)
46. Pomar Tojo, Carmen María (P)
47. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
48. Porro Martínez, María Corina (P)
49. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
50. Prado del Río, Paula (P)
51. Prado Patiño, Jesús Miguel (P)
52. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
53. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
54. Regueiro Fernández, José Luis (P)
55. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
56. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
57. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
58. Rodríguez Carrera, María Felisa (P)
59. Rodríguez Conde, Ángel (P)
60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
61. Rodríguez Pérez, Moisés (P)
62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
64. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
65. Salido Maroño, María Belén (P)
66. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
67. Santos Costa, Manuel (P)
68. Sanz Arias, Cristina (P)
69. Seco García, Martín (S)
70. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
72. Torrado Quintela, Julio (S)
73. Varela Fernández, Katherinie (P)
74. Verea Fraiz, Borja (P)
75. Vilela Riveiro, Sandra (P)

CSV: BOPGDSPG-1IIYHsymQ-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-1lIYHsymQ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/